

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 154

Sesión plenaria
19 de decembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre o proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia (doc. núm. 59988, 11/PL-000025)

Publicación do Ditame da Comisión e mantemento de emendas e votos particulares, BOPG nº 613, do 15.12.2023

1.2 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 54794, 11/PPLC-000009)

Publicación do Ditame da Comisión e mantemento de emendas e votos particulares, BOPG nº 612, do 14.12.2023

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia (doc. núm. 54606, 11/PPL-000018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 2. Mocións

2.1 63070 (11/MOC-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 56484, publicada no BOPG 539, do 7 de agosto de 2023, e debatida na sesión plenaria do 4 de decembro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

2.2 63113 (11/MOC-000188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 61714, publicada no BOPG 591, do 8 de novembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 4 de decembro de 2023.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023



2.3 63175 (11/MOC-000189)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 62064, publicada no BOPG 595, do 15 de novembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 4 de decembro de 2023.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

2.4 63177 (11/MOC-000190)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da vivenda, das áreas de mercado tensionado (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 53269, publicada no BOPG 492, do 10 de maio de 2023, e debatida na sesión plenaria do 4 de decembro de 2023.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

Punto 3. Propositions non de lei**3.1 61653 (11/PNP-004989)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun cambio no método de cómputo dos tempos de espera existentes para acceder a probas, consultas ou intervencións no Sistema público de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

3.2 62326 (11/PNP-005058)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que non permita a suba das peaxes das autoestradas AP-9 e AP-53

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023

3.3 62674 (11/PNP-005098)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de frear a proliferación da avespa asiática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

3.4 62835 (11/PNP-005117)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta en defensa da pesca artesanal e aquelas que debe demandar ao Goberno central co fin de que negocie ante a Comisión Europea unha adaptación do novo Regulamento de control da pesca á realidade do sector en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023



3.5 62864 (11/PNP-005121)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de reprobar o actual director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia e iniciar os trámites parlamentarios para o seu cesamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

3.6 62881 (11/PNP-005124)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa dos valores da Constitución española con motivo do cumprimento do seu cuadraxésimo quinto aniversario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

Punto 4. Interpelacións**4.1 27224 (11/INT-001396)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezasete deputados/as máis**

Sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 255, do 12.01.2022

4.2 55051 (11/INT-002658)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a evolución da política cultural en Galicia nas últimas décadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 523, do 12.07.2023

4.3 62291 (11/INT-002889)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Míguez, Gonzalo**

Sobre a cobertura pública do primeiro ciclo da educación infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**5.1 63389 (11/POPX-000127)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as respostas eficaces que deu o Goberno galego nos últimos catro anos para o avance da comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023



5.2 63390 (11/POPX-000128)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre o balance que fai para Galicia dos catorce anos de goberno do Partido Popular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 62662 (11/POP-009744)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e tres deputados/as máis**

Sobre a eventual constitución dun sistema de axudas para as persoas afectadas polas inundacións dos días 13 e 14 de novembro en Neda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

6.263241 (11/PUP-000384)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da última xuntanza do Consello de Política Fiscal e Financeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

6.361730 (11/POP-009619)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre o inicio das obras do proxecto denominado Mellora da drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns, en Gondomar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

6.462198 (11/POP-009680)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre os compromisos en materia de infraestruturas acadados polo BNG e o PSOE no pacto de investidura do candidato á presidencia do Goberno de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 23.11.2023

6.563273 (11/PUP-000385)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a situación xerada pola decisión da empresa Alcoa de adiar o proxecto do forno de cocción de ánodos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023



6.663387 (11/PUP-000386)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre o carácter da sociedade Recursos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

6.758099 (11/POP-009203)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre a situación do sistema educativo na nosa comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 553, do 31.08.2023

6.862856 (11/POP-009781)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a forma en que vai proceder o Goberno galego para mellorar a dotación económica, humana e material da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dúas e corenta e tres minutos da tarde.

O señor presidente abre a sesión e comunica a ausencia de dona Rosana Pérez Fernández. (Páx. 11.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre o proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes (Lorenzo Gómez). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Seco García (S) (Páx. 12.), Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 17.) e Sr. Armada Pérez (P). (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Seco García (S) (Páx. 25.), Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 27.) e Sr. Armada Pérez (P). (Páx. 27.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 29.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 31.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Pomar Tojo). (Páx. 31.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 32.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 37.) e Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 40.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 44.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 46.) e Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 48.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 50.)



Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 54.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 57.)

Rolda de réplica: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 60.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia: *aprobado por 42 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobado por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia: *rexeitada por 18 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 64.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Gallego Sanromán (S)* (Páx. 68.) e *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 71.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 74.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 78.) e *Sr. Pardo López (P)*. (Páx. 81.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 84.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 91.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 95.)

O señor Álvarez Martínez (S) pide a palabra por alusións, intervención que non concede o señor presidente. (Páx. 98.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da vivenda, das áreas de mercado tensionado. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Arias (S)* (Páx. 102.) e *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 105.)

Nova intervención da señora Fernández Gómez (BNG). (Páx. 109.)

O señor presidente comunícalle á Cámara que vai rectificar unha decisión anterior e concédelle a palabra ao señor Álvarez Martínez (S) por alusións. (Páx. 111.)



Votación das mocións

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da venda, das áreas de mercado tensionado: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e tres minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dúas e corenta e tres minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*.

Xustificou a inasistencia dona Rosana Pérez Fernández.

Entramos no desenvolvemento do pleno. Comezamos co punto 1, de textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, don Rubén Lorenzo Gómez.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES (Lorenzo Gómez): Grazas.

O Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 19 de setembro de 2023, co número de rexistro 59988. A Mesa do Parlamento, na reunión do 19 de setembro de 2023, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* co número 565, do 20 de setembro de 2023, e a apertura do prazo de presentación das emendas, que rematou os días 7 de outubro e 23 de outubro de 2023 para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes. Presentáronse dúas emendas á totalidade de devolución por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Presentáronse tamén 127 emendas ao articulado, 57 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 70 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Estas emendas foron cualificadas respectivamente pola Mesa da Comisión nas sesións dos días 23 de outubro e 22 de novembro de 2023. Na sesión plenaria do 21 de novembro de 2023 rexeitáronse as anteditas emendas á totalidade de devolución.

Formaron parte da ponencia designada pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes na sesión do día 24 de novembro de 2022 as seguintes persoas: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don José Antonio Armada Pérez como titular e dona María Susana López Abella como suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luís Rivas Cruz como titular e dona María do Carme Aira Díaz como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Martín Seco García como titular e dona María del Carmen Rodríguez Dacosta como suplente.

A ponencia celebrou a súa sesión constitutiva o 24 de novembro de 2023. Nas súas seguintes reunións analizouse a totalidade deste proxecto de lei, así como as emendas ao articulado presentadas, na procura do achegamento das distintas exposicións.



Por último, na derradeira reunión, que tivo lugar o 5 de decembro de 2023, a ponencia emitiu o seu informe. Posteriormente, a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na sesión do 12 de decembro de 2023, aprobou o seu ditame con 7 votos a favor e 5 abstencións, incorporando ao texto do proxecto de lei un total de 60 emendas; en concreto, 28 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 32 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tendo en conta que 34 delas foron transaccionadas. Mantéñense, pois, para o seu debate neste pleno as restantes emendas rexeitadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Saliéntase, por último, que o Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia consta, ademais da súa exposición de motivos, de sete títulos: o título preliminar, que establece o obxecto, o ámbito de aplicación e os fins da lei, así como determinadas definicións; o título I, dedicado ás competencias e organización administrativa institucional; o título II, que versa sobre a aseguranza de calidade alimentaria e da sustentabilidade da cadea alimentaria; o título III, dedicado ás figuras de promoción e protección da calidade alimentaria; o título IV, relativo á xestión e control das figuras de protección da calidade diferenciada; o título V, sobre as medidas de fomento; o título VI, dedicado ao control oficial; e o Título VII, relativo á inspección de calidade alimentaria e réxime sancionador. Por outro lado, a súa parte final está integrada por dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras, a última das cales establece a entrada en vigor desta lei, se é o caso, aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Comezamos, polo tanto, o debate. Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Case boa tarde a todas e a todos.

Quería comezar a miña intervención dándolle, en primeiro lugar, as grazas aos traballadores desta casa, á letrada e aos servizos da Cámara, polo seu traballo no desenvolvemento das frenéticas reunións desta ponencia da Lei da calidade alimentaria de Galicia.

E tamén aproveito este máis que posible derradeiro pleno da lexislatura para agradecerlles o ton de cordialidade aos voceiros das outras forzas políticas nas reunións desta ponencia da lei, tanto a José Armada como a Xosé Luís Rivas Cruz. Tamén aproveito para mandarlles un abrazo a todos os voceiros en materia de medio rural cos que tiveron o gusto de debater



esta lexislatura e dos que me levo, de todos eles, un bonito recordo, dende a respectuosa discrepancia e incluso a vehemencia máis sentida, como pode atestar a nosa vicepresidenta. *(Aplausos.)*

Hoxe o Partido Popular aprobará a nova Lei da calidade alimentaria de Galicia. Créanme que me gustaría poder felicitar o Goberno porque esta lei supuxese un impulso para o noso sector alimentario, tanto do noso agro como o do noso mar. Pero despois da experiencia vivida coa anterior lei e despois do sucedido con este novo texto, que o goberno anunciara que estaría xa en vigor no ano 2022 pero que tivo que esperar ao derradeiro suspiro da lexislatura e cun trámite *exprés* para ser aprobada, non podo darlles esa felicitación.

Unha ponencia de lei que semellou dende un principio que tiña un único obxectivo: estar lista canto antes, para poder aprobala no derradeiro pleno deste período de sesións; e non facer a mellor lei posible para o sector alimentario deste país. Meteuse pola porta de atrás o informe da ponencia na convocatoria da comisión da semana pasada, cando esta nin tan sequera rematara e chegando ao debate da dita comisión sen pechar incluso o acordo sobre algún artigo da nova lei que estaban discusión en ponencia. Un auténtico desastre, señorías do Partido Popular.

Dende o noso grupo podemos entender a présa do aínda presidente Rueda, que ten orde directa de Génova para convocar eleccións con urxencia. Nun Partido Popular de Feijóo e Ayuso que teñen que teñen pánico a perder o poder e non desexan que esta lexislatura chegue ata o seu fin, porque saben que este é un novo mandato falido do Partido Popular en Galicia no que nada teñen que aportar á cidadanía galega. Fíxense que nesa condición chega a aprobación desta lei cun Goberno galego que ten un presidente que non dirixe e o único que desexa é ter algo que vender nunha manoseada Televisión Galega, como se esta nova lei fose solucionar os problemas do sector alimentario.

Este domingo tiven a sorte de asistir a un concerto dun fermoso proxecto da orquestra sinfónica na cidade de Lugo que cumpría un ano. Observando o seu funcionamento calquera pode entender a importancia de ter un bo director ou directora á fronte; un director que leve a batuta do grupo que dirixe. Señorías do Partido Popular, pois igual que pasa nunha orquestra sinfónica, Galicia necesita xa dun presidente que converta a melodía de cada instrumento nunha sinfonía, algo que facía neste caso o director da orquestra Terra Nova de Lugo, Nicolás Ravelli. Un director que lle poñía paixón ao seu traballo, cun proxecto definido e cun liderado do que ten entre as mans.

Por iso, hoxe traio a esta Cámara algo tan pequeno e tan importante para que unha orquestra funcione. *(O señor Seco García mostra unha batuta.)* ¿Saben que é, señorías do Partido Popular? Unha batuta. O símbolo dunha lexislatura que remata cun goberno sen dirección e sen unha folla de ruta para o noso país, que leva anos actuando con preguiza e sen o compás e harmonía que necesita a nosa xente para afrontar os retos que temos no futuro. *(Aplausos.)*

Señorías do Partido Popular, esta lei que hoxe van aprobar saben que non aporta absolutamente nada novo que poida darlle un bo impulso ao sector alimentario, máis aló de transposicións de normativas de ámbito superiores, algo que poderían facer cunha simple reforma



da lei que tiñamos en vigor. Unha Lei de 2005 que, por certo, tivo que esperar nada máis e nada menos que catorce anos para o seu desenvolvemento en produtos artesanais, porque nunca tiveron interese en desenvolvela. ¿Cren no Partido Popular ou cren no Goberno que van convencer o pobo galego de que esta lei vai servir para algo máis que para esa campaña electoral na que viven permanentemente, señor conselleiro?

A nosa terra ten á súa disposición uns indicativos de calidade agroalimentaria que teñen enormes posibilidades, cun territorio coas condicións axeitadas para producir alimentos. Ten o saber e esforzo de moitos produtores que converten estas posibilidades nuns produtos extraordinarios. Pero o que fai falla é a inexistente dirección política dun goberno que teña intención de converternos nunha potencia na valorización deses indicativos de calidade alimentaria, cunha achega de valor engadido ao redor da agricultura ecolóxica, as cadeas curtas de distribución e a achega ao consumidor do valor engadido da produción agroalimentaria galega de calidade. Por iso, máis que de textos lexislativos, señor conselleiro, un novo goberno debe enfocar os seus esforzos en apoiar e fomentar a transformación e a comercialización, e non quedar só na produción.

Os datos amosan que o sector alimentario galego ao longo das últimas décadas reduciu a súa importancia macroeconómica, centrado —como dicía— na produción de materias primas pero mantendo un desenvolvemento limitado da nosa industria transformadora. No ano 2015, a industria agroalimentaria galega aportaba o 36 por cento do valor engadido bruto no sector, unha porcentaxe similar á que tiñamos no ano 2008. Mentres en España este superaba o cincuenta por cento e nos países máis avanzados da Unión Europea este índice chegaba aos dous terzos, o que supón que en Galicia e a industria só engade 0,57 euros de valor por cada euro, mentres en España a industria engade 1 euro e nos países máis avanzados preto incluso de 2 euros.

Se analizamos estes datos, vemos que nosa debilidade está relacionada con dous factores. Por un lado, o exceso de exportación en bruto dos bens gandeiros. Por outro, a especialización das industrias galegas en derivados simples, que xeran un menor valor engadido e teñen unha demanda moito menos dinámica, cun excesivo poder, ademais, das cadeas de distribución, que sufrimos todos.

O desenvolvemento experimentado polas marcas oficiais de calidade, amparadas pola normativa europea e con moito impulso por parte das axudas da PAC, podería considerarse un fenómeno positivo que implica tanto explotacións agrarias como as industrias e as canles de comercialización. Ben é certo que o número de produtos con este tipo de recoñecemento foi aumentando en Galicia ata chegar ás 34 marcas —entre denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e a agricultura ecolóxica—, pero a traxectoria destas denominacións de calidade e o seu impacto económico real é moi desigual, como vostedes saben. Destacamos no lado positivo as cinco denominacións de orixe vitivinícolas, que posibilitaron unha profunda reestruturación do sector apoiada no dinamismo empresarial da industria, cunha aposta pola calidade que facilitou a súa presenza crecente nos mercados internacionais. Ou a indicación xeográfica Ternera Gallega, que tivo un crecemento continuo, aínda que con moitos problemas para sobrevivir, como falamos habitualmente aquí.



Pero no extremo oposto atopamos o sector lácteo, xa que as catro denominacións de orixe dos queixos galegos só transforman menos do dous por cento do leite que producimos, cun papel moi limitado e grandes dificultades para lograr unha adecuada valorización do seu produto e unha presenza aínda menor nos mercados internacionais. Temos numerosas denominacións e indicacións xeográficas protexidas que manteñen unha actividade reducida, xa que con datos de 2017 en 18 das 22 denominacións e indicacións de bens agroalimentarios —excluídas as vitivinícolas— o valor da produción comercializada non alcanzaban nin tan sequera os catro millóns de euros, non chegando en doce delas ao millón de euros. Existe, polo tanto, unha certa proliferación de produtos que accederon ao recoñecemento dunha marca oficial de calidade sen que iso se traducirse ata o de agora nun desenvolvemento e nunha presenza nos mercados que sexa dunha magnitude relevante.

Señorías do Partido Popular, os datos da balanza comercial alimentaria en Galicia van a menos. Se no ano 2020 tiñamos un saldo negativo de 600 millóns de euros, nos anos posteriores este saldo non mellorou, tendo no 2022 un saldo negativo de 1.100 millóns de euros e nos primeiros seis meses deste ano un saldo negativo de 266.

Mentres isto sucede, a Consellería do Medio Rural derrocha fondos en política publicitaria, en cemento e nunha cantidade inxente de contratos sen publicidade nin concorrência competitiva. Non se preocupe, señor conselleiro, xa terá o seu tempo. Millóns de euros gastados e por gastar no recentemente adiado «espello do rural», en Sergude. Pero sen capacidade por ter unha boa estrutura organizativa na Axencia Galega de Calidade Alimentaria, algo esencial para darlle impulso á calidade alimentaria do noso país. Teñen abandonados os centros de formación e experimentación agroforestal e os centros de investigación pública, que o Goberno galego deixa morrer, cando poderían ser un apoio esencial para os produtores das denominacións de orixe e as indicacións xeográficas protexidas. Gastan en publicidade sen control e, mentres, deixan tirados multitude de produtores de agricultura ecolóxica e gandería, sen axudas nun momento esencial de cambio, por dous míseros millóns de euros, señor conselleiro. Algo que se repetiu coas axudas para a incorporación de mozos ou para a modernización das explotacións. Seguimos cunha ínfima superficie agraria útil. Mentres, o Goberno galego inviste centos de miles de euros en proxectos do que chama agora «aldeas intelixentes», que en moitos casos non teñen unha actividade agraria definida e non actúan nunha verdadeira mobilización de terra que necesitan xa os nosos produtores.

Galicia, con outro Goberno, podería aspirar a ter un modelo de defensa da calidade dos nosos produtos alimentarios, con transparencia e igualdade de oportunidades entre todos os operadores galegos. Pero non atopamos as canles de comercialización de produtos galegos de calidade que foron auspiciadas pola Xunta nos derradeiros catorce anos, máis aló desas macrooperacións de márketing que financian por vía deses contratos menores.

Este proxecto de lei naceu cunha eiva importante, señor conselleiro: sen un estudo da situación actual da lei en vigor. Un estudo que tratase de paliar os erros e dificultades que tiña esa lei, dando un impulso ao entramado de consellos reguladores e entidades intermedias de certificación e control, que necesitan do apoio económico da Administración para manterse. As pequenas explotacións e a pequena industria son incapaces de facelo por si mesmas, mentres que as industrias e explotacións que non teñen unha figura de calidade á súa dis-



posición teñen uns custos e requisitos menores para poder comercializar os seus produtos no mercado local, sen que en moitos casos a calidade dos alimentos certificados sexa detectada polo consumidor.

Esta lei debería ter os mecanismos necesarios para que os produtos acollidos a estes distintivos de calidade puidesen ser máis áxiles e contar con menor burocracia, xa que os custos que teñen que soportar ponos en desigualdade cos produtos non acollidos a estes distintivos. Pero para iso a Administración debería ter unha estrutura máis potente, para asumir algunhas funcións que agora están a levar a cabo os consellos reguladores, que encarecen o seu produto e complican a súa comercialización. Pero nesta lei non abordan esas reformas.

No que respecta aos órganos colexiados de calidade como os que introducen na lei —como é o Consello Alimentario de Galicia ou a Mesa da Calidade Alimentaria diferenciada—, esta lei di que poderán emitir informes facultativos non vinculantes, e dificilmente van servir para algo sen unhas funcións de maior carácter executivo; que, por certo, non contempla —como dicía— esta lei.

Quero destacar que, polo menos, logramos vía emendas que na ponencia lle puxesen un marco temporal para a súa posta en funcionamento. Agora esperemos que non fagan como na Lei de recuperación de terra agraria e o incumpran na súa posta en marcha, que aínda non ten os órganos formados.

O texto fala da creación dun sistema de certificación de calidade voluntario, cunhas normas de calidade que terán que sufragar os consellos reguladores e que unha entidade de certificación se encargará de aplicar. Esta situación pode supoñer uns custos de elaboración de normas similares aos sistemas de certificación de calidade que teñen empresas e multinacionais, pero non sabemos quen vai asumir os custos de persoal necesario, da tramitación das normas e a contratación da certificadora. E todo para que isto sexa só un sistema voluntario, cando isto podería realizalo sen problemas a Administración, deixando que as empresas e os consellos reguladores se dedicasen ao traballo de fomento da marca de calidade, a comercialización, o control da etiquetaxe e a protexer a marca e denunciar fraudes; pero non substituílos en tarefas que vostedes poderían realizar.

Señorías do Partido Popular, esta lei crea un bo número de entidades, órganos consultores non vinculantes, rexistros e normas técnicas, que saben que supoñen un custo inasumible para os pequenos consellos reguladores e poñen en risco o seu futuro. No ámbito da inspección e control, tal e como pasou noutros ámbitos do Goberno galego, esta lei tamén abre a porta a esa privatización dos controis oficiais nas inspeccións e as tomas de mostras; cun procedemento de toma de mostras que non regula como sería, por certo, o protocolo no caso de discrepancias cunha empresa que desexa facer unha análise contraditoria, algo que non quixeron introducir vía emenda nesta lei.

Neste proceso frenético conseguimos introducir a metade das nosas emendas que presentamos, unhas 28, que foron aceptadas ou transaccionadas. Quero destacar aquelas que van na idea de darlles impulso e independencia aos consellos reguladores e eliminar a tutelaxe do Goberno introducida no proxecto de lei ou darlles presenza aos representantes dos pro-



dutores agrarios e do mar nos órganos que crea a lei. Pero outras emendas, incluso algunha solicitada por algunha outra parte do Goberno galego, como o tratamento fiscal da axencia, son rexeitadas coa nosa sorpresa.

Para rematar, cómpre que chegue con urxencia un goberno progresista que potencie a nosa calidade alimentaria, que impulse e apoie os nosos produtores e industria, que reforme unha Axencia Galega de Calidade Alimentaria que sexa forte e chea de contido. Porque sen iso esta lei, como sempre, non valerá absolutamente para nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Señorías, era ben que a paz desexada nestas datas de xeito rutineiro se materializase en Palestina e se detivese o massacre. Era ben que os magos do crecente fértil levasen en forma de recursos básicos os agasallos antes tempo, para calmar a fame e as feridas dos e das gazatís, enguetados e condenados á morte na Franxa. Era ben. (*Aplausos.*)

O 7 de setembro deste ano en curso o Consello da Xunta aprobaba o proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia e éralle remitido a este Parlamento. Había xa tempo que se falaba deste proxecto de lei, pero, coas eleccións autonómicas á porta, ninguén contaba con el nesta lexislatura. Pero foi. E traía présa, a fe que si. O día 5 deste mes tivemos a última reunión da ponencia e quedaban aínda algunhas cousas por transaccionar e unha nova redacción do artigo 27. O 6 era festivo e, así, o 7 recibiamos ás cinco e media da tarde un correo no que se nos daba conta da aprobación por parte da ponencia do seu informe, considerando que estaba en condicións de ser incluído na orde do día da próxima comisión 7ª. Este informe xa tiña un asinante, o representante do Partido Popular. Vinte minutos despois, recibiamos a convocatoria da mesa da Comisión 7ª para elaborar o Ditame. Así, e só así, previa aceleración dos Servizos Xurídicos da Cámara —que creo que fixeron horas extraordinarias nesta longa ponte— o Ditame puido ser elaborado o día 12 ás catro da tarde, para que entrase na Mesa e na Xunta de Portavoces, previa modificación das datas, e así poderemos ter este debate hoxe, que debe ser o último pleno deste ano.

Todo dentro da legalidade, pero cun cheiro ao chamusco que bota para atrás. Nós cremos que unha lei debe ser un texto pousado, debidamente debatido cos sectores implicados; que non estaba, ademais, a presenza na ponencia de representantes dos sectores afectados para iluminar os deputados implicados na mesma. En fin, opinións dun vello que aínda soña que as cousas poden ser doutra maneira. E serán. *Vere dignum et iustum est.*

Polo demais, todo transcorreu nun ambiente cordial e construtivo, porque a lei en si non ten moitas arestas, a excepción de tres ou catro aspectos impregnados de ideoloxía e propaganda que logo referiremos. O noso agradecemento á letrada e aos Servizos Xurídicos da Cámara, pola paciencia e bo saber. Grazas.



A lei está referenciada a un país, Galicia, que goza dunha soberanía alimentaria plena, que conta cun desenvolvemento rural que é a envexa do mundo mundial, que se asenta nunha superficie agraria útil que supera a media europea —debemos andar tomando como referencia propaganda gubernamental—, polo sesenta por cento. ¡Que canto é, se fose certo! Galicia é ese país famoso pola cantidade e calidade dos seus alimentos. Noutro principal exportadora peninsular de carne de vacún, cunha soberanía alimentaria aceptable e cunha actividade de xestión do territorio intensa, pero que garantían unha biodiversidade e unha calidade das augas máis que notable. Non soportou o paso do tempo nin o proceso brutal de desagrarización consentida e patrocinada por un Partido Popular que dixo facer de nós un país moderno, modificando co seu desleixo un dato estatístico. Unicamente iso. Canta menos poboación labrega, maior modernidade. Sen ter en conta a nosa singularidade e sen dar os pasos necesarios para que este proceso non supuxese o trauma poboacional e de xestión territorial que hoxe arrastramos.

Así, chegamos tarde e en malas condicións ao mercado global. Todo se orientou á produción láctea, esquecendo as características de variabilidade climática —o país dos mil ríos e dos mil microclimas— que nos podían ter asegurado unhas potencialidades hortofrutícolas inmensas. Pero nada, os diagnósticos minifundistas do Partido Popular e o seu pailanismo leváronnos a este abandono suicida e a esta sentenza agónica do lácteo. Nós, que debiamos estar non no 41 por cento do leite, senón no 50 ou no 60 por cento estatal, cubrindo déficits. ¡Estreita visión do país!

Porque nada se fixo coa atomización da propiedade, como non fose eternizar os tardíos procesos de concentración parcelaria, cun saldo no día de hoxe de 707 procesos de reestruturación abandonados e outros moitos que levaron á tumba dos seus protagonistas as esperanzas de madre postas nos seus inicios. É preciso recoñecer que a concentración parcelaria está obsoleta nun mundo que camiña a velocidade de vertixe. Precisamos doutras figuras máis áxiles e menos custosas.

A estrutura agraria do país, condicionada polo devir da nosa historia, non foi vista nunca como unha opción a desenvolver, como un xeito de poboar e sustentar coas reformas necesarias a soberanía alimentaria e o moderno poboamento dun rural necesitado de servizos de xestión humana e con devezos de saír da autarquía secular.

A ilusión, a precariedade, a actividade da poboación labrega e mariñeira que nos oitenta quería saír do franquismo autárquico e caciquil cometeu o erro de encomendar a ese franquismo, xa disfrazado de demócrata autonomista, a xestión da nova democracia *a la española*. Con lei de punto final para os represores que se chamou «de amnistía», recórdeno —bueno, moitos de vostedes non o recordan, que son moi novos— previa e condicionante da Constitución do 78, que eu non votei afirmativamente. Así nos foi e así nos vai.

¿Cal é na actualidade o saldo alimentario da nosa comunidade autónoma? Pois variable, pero sobrepasa con creces os mil douscentos millóns de euros negativos por ano; que, traducido para que se entenda, vén sendo que a maior parte do que comemos nós e os nosos animais é producido fóra de Galicia. ¡E nós ás voltas coa calidade diferenciada!



Por iso, dúas das nosas emendas ían directamente ó miolo da cuestión. Artigo 5, que trata das atribucións da consellería competente en materia de agricultura. A nosa proposta é incluír estes dous parágrafos: «Promoción do desenvolvemento das economías rurais, propiciando a instalación de pequenas industrias e explotacións agropecuarias de corte familiar con base territorial ao xeito, contribuíndo ao asentamento poboacional». Básico, a todas luces, para recuperar dinamismo rural e produción e, polo tanto, fixación de poboación e transformación de alimentos. Necesitamos recuperar o abandono e o deserto para a actividade agrogandeira, facilitar o asentamento de novos proxectos con base na terra agraria para producir e transformar xestionando territorio, evitando os lumes e creando vida, compartindo vida.

Outra das nosas emendas ía tamén directa á promoción da produción e transformación alimentaria, para dinamizar aqueles pequenos proxectos susceptibles de se converteren en algo máis sólido. «Fomento dos centros comarcais de transformación alimentaria, para que poñan á disposición dos excedentes de autoconsumo e das pequenas iniciativas de transformación a información, instalacións e aparatos homologados conforme á regulamentación oficial». Rexeitadas as dúas.

Velaí que Galicia, coa súa dieta atlántica que ninguén promociona —nós non temos *lobbies*— e que nos fai ser a comunidade autónoma máis lonxeira da península, importa a meirande parte dos alimentos que consome. Mentres, aporta máis de setecentas mil hectáreas a toxo, matogueira e lume periódico e un envellecemento de poboación e despoboación alarmantes.

E non só o que hoxe é a Agacal, noutro tempo alicerce firme da revolución agraria dos setenta e oitenta, falida por imperativo legal, está en precario de instalacións de persoal e en franco estado ruinoso no investigador. A potencia láctea galega non conta con instalacións modernas que poidan ser referencia a nivel estatal e europeo, como lle correspondería por dereito propio. Vergoña. E mentres, o partido responsable desta desfeita —36 dos 42 anos de autonomía— enmascarando a realidade con propaganda pagada con diñeiro público ou negando a liberdade de información nos medios públicos e tamén nos privados. Nos orzamentos da Agacal para este ano electoral que nos agarda, dun total de 11,7 millóns de euros, 3 millóns van destinados á cooperación, promoción e calidade e 1 millón de euros para un plan de promoción de produtos agroalimentarios. De 11,7 totais, 4 son para propaganda. Descarado.

E aquí está esta Lei de calidade diferenciada dos produtos estrela —que si que os temos—. Vexamos algúns pormenores contraditorios, —queremos crer— froito das présas. Artigo 8: «Operar como instrumento básico de actuación da Administración xeral da comunidade autónoma en materia de protección da calidade alimentaria diferenciada, así como na promoción do consumo dos produtos agroalimentarios en xeral e, en particular, dos acollidos ás distintas figuras de protección da calidade diferenciada». Non ten sentido, señorías, que un dos obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria sexa promover o consumo de produtos agroalimentarios en xeral. Non é a súa función axudar a facer unha sociedade máis consumista e si fomentar o san consumo de produtos de calidade diferenciada contrastada e de procedencia autonómica. A axencia desempeñaba a función de certificación de calidade dos produtos acollidos especialmente a consellos reguladores con poucas persoas operadoras ou con escaso volume de facturación. Esta competencia aparece eliminada e rexéitase a nosa



emenda número 34 no sentido de manter esta obriga. Traducido: que se abre a porta para a certificación privada, cos custos que trae e que pon en perigo a rigorosidade e a garantía.

Artigo 27. Este artigo introduce un novo sistema de certificación chamado «de sustentabilidade», certificado que acreditará que na elaboración do produto se respectaron o medio ambiente, os dereitos dos traballadores e que se pagou a materia prima a un prezo razoable. Pregunta: ¿e non debería ser obrigatorio que nunha sociedade moderna e equilibrada estes aspectos fosen o normal? Pois vai ser de aceptación voluntaria e establece unha figura máis coa que os consumidores van ter que facer un cursiño sobre produtos de calidade diferenciada, a súa gradación e diferenciación. Mais o grave é que se fala dos comités de sustentabilidade sen definilos no artigo 4, como é preceptivo. Non o fan porque este artigo foi posto así ao chou, coma unha ocorrencia para a propaganda, e non lles debeu de acordar. Un adobío máis na súa vestimenta, cun toque de medioambientalismo teórico para enganar a xente. A nosa emenda 38 marcaba a necesidade da definición. Cremos que o seu rexeitamento é incoherente coa redacción da lei. Tamén rexeitaron a emenda 41, que falaba da necesidade de que os produtos acollidos a esta certificación de sustentabilidade contasen cunha promoción e axudas especiais para a súa promoción e consolidación. Isto dá pistas da importancia que para o PP ten a sustentabilidade en xeral. Rexeitada.

Emenda 47, artigo 44.1.b). «Que se atribúa a comprobación do cumprimento das cuestións anteriores a unha entidade de control e certificación que actúe con independencia e imparcialidade». Nós emendamos que fose pública, porque fala da promoción de marcas de garantía sectoriais con xeitos de calidade diferenciada intermedia non amparada nin por IXP nin por denominacións de orixe, «con entidades de control de certificación que actúen con independencia e imparcialidade». Vaia, máis confusión e máis privatización. E cando a IXP sexa modesta, con poucas operadoras, ¿van pagar a certificación privada ademais do resto? Isto non ten xeito. Rexeitada.

Son, por tanto, algunhas das emendas rexeitadas de vital importancia para unha lei que deba estar a favor dos emprendementos alimentarios e da actividade agrogandeira como soporte necesario da transformación e da elaboración de produtos de calidade diferenciada. E, para este fin, consideramos que o seu rexeitamento mingua consistencia e calidade a esta lei, razón pola que mantemos estas emendas en pé.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, boas tardes a todos os deputados e deputadas.

En primeiro lugar, antes de empezar a miña exposición, gustárame, como non, darlles as grazas aos voceiros tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego pola súa



disposición e polo diálogo; sobre todo, por un diálogo construtivo, que era o máis importante nesta lei, especialmente en como se foron levando todas as cousas ata desembocar nesta sesión. E, por suposto, tamén darlles as grazas aos servizos da Cámara e, concretamente á xurídica, a señora Aneiros, polo seu inxente labor, tamén para a elaboración desta lei, a minuciosidade e, sobre todo, as aclaracións oportunas que cada un dos voceiros lle exiximos durante as ponencias que tiveron lugar para esta lei.

Por suposto, tamén darlle as grazas á Consellería do Medio Rural e nomeadamente ao señor conselleiro, por traer a esta Cámara unha lei que nós entendemos que vai ser fulcral —como o resto de leis que se levan traído á mesma— para o desenvolvemento do noso medio rural. E tamén, por suposto, particularmente gustárame tamén terminar este capítulo de agradecementos a Susana López Abella, a miña compañeira nesta lei, acompañándome nestas ponencias. E, por suposto, tamén ao persoal do Grupo Parlamentario do Partido Popular, que tiveron a paciencia de ter comigo moitas reunións para poder levar o maior éxito nesta lei. A todos eles, a maior gratitude por sempre mostrar a mellor disposición para axudar e solventar pequenas cousas, cousas que ao final fan grande un texto lexislativo como é o que traemos hoxe.

Está claro que vostedes nos están a falar sempre coa mesma premisa da publicidade. Eu xa empezo a estar un pouco canso, porque a min gustárame saber realmente como son vostedes cando lexislan nos sitios onde gobernan ou onde lles tocou gobernar. Porque eu entendo que iso non será o que os move, ¿verdade? Non, seguramente vostedes non apoiarán nin, sobre todo, levarán a adiante leis neses lugares cando se acercan ou está próxima unha convocatoria electoral. A nós o que nos move é ter un marco lexislativo axeitado, acorde aos produtores e produtos da nosa terra e, por suposto, que a calidade siga sendo un emblema en Galicia. Estes son os únicos slogans que lle van escoitar a este voceiro.

E falaban tamén vostedes da premura, da rapidez con que se tramitou esta lei. Pois esta lei entrou o 19 de setembro deste ano e foi asignada á Comisión 7ª ese mesmo día, rematando o prazo de emendas o día 7 de outubro do ano 2023. O primeiro prazo para as emendas parciais tivo unha prórroga. Despois houbo un pleno para debater sobre esa totalidade. Despois houbo dúas prórrogas para as emendas parciais. Constituíse a ponencia e tivemos cinco reunións durante esa ponencia. E si estaba claro que había algunha cuestión que chegou viva á última comisión. Pero está claro tamén que noutros textos lexislativos teñen levado e teñen chegado algunhas emendas vivas a ese último paso e, loxicamente, dirímense. Eu penso que tiveron en todo momento toda a información por parte deste grupo parlamentario.

Por certo, a verdade é que o PSOE teño que dicir que desgraciadamente marcou un precedente nesta Cámara ao non ser quen de firmar o Informe da ponencia. Creo que é a primeira vez que pasa cunha lei. Bueno, pois non sei cal era o obxectivo, pero evidentemente eu entendo que sería unha medida como de protesta —imos dicilo así—. Pero a verdade é que non di moito deste tema.

Dende logo que lle agradecemos a súa aportación. Froito desa aportación nós entendemos que houbo un diálogo, un diálogo a través do cal nós entendemos que se aceptaron e se transaccionaron moitas das suxestións que vostedes presentaron. E, así, falamos de que o



Partido Socialista presentou 57, das cales se aceptaron directamente 16 e se transaccionaron 12. E, por parte do Bloque Nacionalista Galego, —se mal non estou informado— presentáronse 70, das cales se lle aceptaron directamente 10 e se transaccionaron 22. En total, 62 emendas incorporadas, con aceptación directa de 26 emendas e 34 transaccións. Creo que non son números menores e, sobre todo, creo que fala tamén bastante do diálogo construtivo co cal nós nos achegamos para intentar levar adiante un texto lexislativo que —insisto— ten que ser o mellor para a nosa terra.

Hoxe en día Galicia conta con 37 selos de calidade diferenciada. Iso xa fala moito de por si do produto que temos na nosa terra e sobre todo de como o imos identificando. Estes selos estanse impulsando dun xeito decidido como a mellor proba do espectacular traballo dos nosos agricultores e dos nosos gandeiros e as nosas industrias agroalimentarias. Un compromiso que volve estar referendado nestes orzamentos, que contarán con 32,6 millóns de euros —2 millóns de euros máis que no ano 2023— para seguir avanzando na competitividade; axudas para transformación e comercialización tamén dos nosos produtos agrarios.

Tamén, por suposto, non me quero esquecer da liña de axuda de 12 millóns de euros en concepto de achegas económicas aos gandeiros galegos que traballan baixo o indicativo de calidade de Tenreira Galega, por valor de 200 euros por animal certificado. E isto dígoos porque vostedes estaban dicindo que nós parece como que estabamos maltratando a marca Tenreira Galega. Estes son compromisos que se traducen en orzamentos que se aproban nesta Cámara, como é o que acabamos de facer hai uns momentos. E, por suposto, tamén 6 millóns de euros nun plan de promoción de produtos agroalimentarios galegos.

Por suposto, falamos tamén da artesanía alimentaria, onde xa son oitenta as empresas —e ademais estanse incorporando agora vinte máis— que están adheridas ao selo da artesanía alimentaria que conta xa cun cento de artesáns rexistrados neste distintivo de calidade promovido para diferenciar as producións do agro e do mar que se elaboren de xeito tradicional, destacando a calidade dos produtos destas empresas que agora ven reforzada a súa diferenciación no mercado grazas ao selo da artesanía alimentaria. Un selo de calidade diferenciada que busca protexer e promover as pequenas producións e elaboracións tradicionais artesanais de alimentos de alta calidade, facilitando a diversificación económica das explotacións agrarias e o incremento do valor engadido das producións locais e mellorando as rendas para fixar poboación nos medios rural e litoral, que, ao fin e ao cabo, é para o que nós entendemos que se teñen que facer todas estas accións.

E entrando xa concretamente na Lei da calidade alimentaria, está claro que estamos diante dun proxecto de lei que vai ser clave para afianzar a calidade alimentaria galega. Unha norma que —como ben saben vostedes— actualiza un texto legal de xa hai dezaioito anos, a Lei de promoción e defensa da calidade alimentaria galega que estaba en vigor dende o ano 2005. Uns cambios experimentados na produción e na comercialización alimentaria e o aumento das transaccións comerciais entre países fixeron necesario acometer esta adaptación normativa á nova situación, establecendo medidas que permitisen mellorar o control dos alimentos. Así, o noso grande obxectivo foi consolidar nos diferentes mercados e con todas as garantías para os consumidores os produtos alimentarios producidos, elaborados e comercializados na nosa comunidade autónoma. E, nese senso, o principal obxectivo desta norma



foi afondar na profesionalización dos consellos reguladores que xestionan os distintos selos de calidade —como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas—, tratando de asegurar que dispuxesen precisamente diso que vostedes dicían que podían adoeecer: de persoal técnico e, sobre todo, de recursos económicos axeitados para o desempeño das súas funcións.

Outras funcións que tamén contempla esta lei e esta nova regulación pasan por mellorar a competitividade dos nosos produtos alimentarios, porque temos uns produtos excelentes; favorecer o desenvolvemento local; e fomentar o emprego e a diversidade produtiva. E, por todo iso, é imprescindible un control rigoroso que garanta a lealdade das transaccións comerciais e a seguridade xurídica das diferentes persoas operadoras, logrando así mesmo non defraudar as expectativas dos consumidores.

Dentro do que son os contidos desta lei, e o que nós entendemos que é a auténtica novidade, sobre todo iso que nos vai diferenciar e o que vai reforzar esa diferenciación é crear, de xeito pioneiro, un sistema de certificación da sustentabilidade do sector agroalimentario galego. Un conxunto de normas que son as que pomos en marcha para a produción e boas prácticas encamiñadas a garantir o respecto ao medio ambiente, a calidade e a seguridade alimentaria, a protección das persoas traballadoras e, por suposto, da cidadanía e unha renda axeitada para os diferentes elos da cadea de valor, especialmente no caso de operadores primarios.

A adhesión a este sistema de certificación da sustentabilidade —¿como non?— é voluntaria e implica o sometemento a controis e, por suposto, ten que ser distinguida por un logotipo público específico recoñecible no mercado. E desta forma, como xa que se ten destacado, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma que regula unha certificación sustentable para a produción alimentaria.

E definimos, por suposto, a diferenza entre calidade estándar e a calidade diferenciada: a primeira relacionada co cumprimento de normas obrigatorias e, a segunda, con normas de carácter voluntario. Adaptamos os consellos reguladores ao marco legal, apoiando a profesionalización —e, especialmente, os de menor tamaño— e exixindo tamén maiores organizacións para eles, como que deben dispoñer de medios persoais técnicos e económicos axeitados.

Nesa liña tense que presentar un plan de promoción que figure na protección da calidade diferenciada que xestionen, fixando obxectivos e estratexias para implementalos, reforzando a participación e a implicación do sector coa creación de dous novos órganos: o Consello Alimentario de Galicia e a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia. E, ¿por que estes dous órganos? Porque nós entendemos que temos que contar en todo momento co sector para poder tomar as mellores e as máis axeitadas decisións posibles. Así, o primeiro órgano, o Consello Alimentario, asesorará sobre os plans estratéxicos e proxectos normativos en materia alimentaria, formulando propostas para a mellora da actividade económica do emprego e da formación no sector, propondo liñas de investigación e de estudo sobre cuestións de interese para a calidade alimentaria de Galicia. Pola súa parte, a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia asesorará a Administración autonómica no relacionado coa produción de alimentos de calidade diferenciada; garantirá a participación dos sectores



representativos da calidade alimentaria diferenciada; propondrá actuacións de promoción de calidade que supoñan unha maior coordinación e fomento da calidade alimentaria diferenciada; establecerá relacións de colaboración entre as distintas figuras de protección da calidade diferenciada, para potencialas no mercado, e con outras entidades relacionadas coa calidade; e estudará e propondrá novas actividades artesanais alimentarias, identificando tamén tendencias no mercado, analizando en cada momento as debilidades e fortalezas do sector e as oportunidades que, dende logo, sempre cómpre aproveitar.

Por suposto, tamén está ese contido social que contempla esta lei, que é a compra ou contratación pública verde dos produtos alimentarios. Como ben saben vostedes, este texto establece que nos contratos do sector público autonómico que teñan por obxectivo a subministración de produtos alimentarios ou nos contratos de servizos ou de concesión de servizos para cuxa execución sexa imprescindible a utilización deste tipo de produtos procurárase sempre a compra pública socialmente responsable de alimentos saudables, procedentes de sistemas de produción sustentable, respectuosos co medio ambiente e que garantan a seguridade e a calidade alimentaria. Para o cumprimento disto, a consellería competente en materia de agricultura propondrá, para a súa aprobación polo Consello da Xunta, unha guía procedemental na que se recollan as condicións e os criterios sociais, ambientais e de calidade alimentaria que resulten axeitados e garden vinculación co obxectivo do contrato.

Unha nova norma, esta, que fai unha profunda revisión do catálogo de infraccións e do procedemento sancionador, axeitándoo á realidade actual tendo en conta que, entre outras cuestións, é cada vez maior o volume de vendas que se realizan a través de páxinas web e mediante comercio electrónico.

Respecto das funcións de control, abordárase tamén unha regulación novidosa e extensa de materia de análise e toma de mostras, engadindo previsións que concreten a súa forma de realización, mesmo de mostras de produtos comercializados a través de Internet.

En resumo, os cambios experimentados na produción e comercialización alimentaria, a incorporación de novas tecnoloxías, a forma de comercialización e o incremento dos intercambios entre estados fan necesario acometer esta adaptación normativa a unha nova situación. Neste contexto, adquiren especial relevancia a protección, o fomento e o desenvolvemento da produción amparada polos distintos selos de calidade.

E, por último, quero lembrar que esta lei súmase ao novo marco de ordenación e normativo para o noso rural, no que nós vimos traballando e que ten grandes referencias, como son a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. Xa sei que non lles gusta, pero é que continuamente están incorrendo en continuas contradicións, porque o que non é normal é que nós queiramos falar de explotacións, que esteamos falando de explotacións, deses oligarcas que lles deben chamar ao mellor a aqueles que teñen cincuenta ou sesenta vacas. Realmente o que nos están demandando é masa territorial, porque esa é a grande reivindicación que están tendo hoxe en día os nosos gandeiros. Por suposto, tamén a futura lei de loita integral contra os incendios forestais, que estamos elaborando en estreito contacto cos profesionais deste eido. Así como tamén, por suposto, a revisión do Plan forestal de Galicia, que constitúe



o gran marco de planificación para o monte galego do futuro. As estratexias sectoriais tamén formarán parte importante e, sobre todo, estarán dentro da estratexia da Consellería do Medio Rural e serán aquelas que teñen a referencia do leite, da carne e do viño. E, por suposto, ese plan de horta que se está a elaborar.

Eu non quería rematar sen facer unha serie de alusións ao que aquí os voceiros plantexaron. Respecto ao Partido Socialista, eu vólvolle reiterar a miña invitación —que creo que nola fixo tamén a Consellería do Medio Rural— a visitar Sergude. Porque, sen lugar a dúbidas, se nós queremos ter un rural activo, un rural forte, un rural innovador, polo que temos que apostar é precisamente pola formación. Temos que apostar por lugares como Sergude, onde nós poidamos desenvolver todo aquilo que teña que ver co mellor para o noso rural. E, por suposto, todo o que fun relatando creo que ten que ir dalgunha forma ir eliminando todos eses mantras que unha e outra vez nos relatan cada vez que soben a este lugar.

Porque é que nós o que temos claro é que a publicidade, dende logo, se vai amparada por un texto lexislativo como é o que acabamos de aprobar hai un momento, paréceme que de publicidade se converte en realidade.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Armada.

Ten novamente a palabra o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Xa lle dixen que acepto volver a Sergude as veces que faga falta, pero vostede non debe tratar de confundir o que significa o centro de formación e experimentación de Sergude, do cal o Partido Socialista sempre estará a favor de que se invista nel, con outra cousa, que é converter aquilo nun espello do rural, nun novo Gaia, cun investimento bestial única e exclusivamente para facer publicidade. Creo que vostedes están confundindo estas cousas.

Mire, vostede dicía que era increíble que nós non firmásemos o Informe da ponencia. O que realmente resulta increíble é que se estea mandando unha carta aos gandeiros galegos co membrete da Xunta de Galicia para pedirlle cuestións ao Goberno do Estado con relación ao tema da lingua azul. Iso si que é increíble e vergonzoso, e está sucedendo agora mesmo en Galicia. A Xunta de Galicia está mandando cartas co membrete do Goberno galego para dicirlles aos gandeiros o que teñen que facer. Vostede sabe e o seu compañeiro Balseiros é o responsable de todo iso.

Dicía vostede que non firmamos o informe da ponencia. ¿Vostede sabe que o informe da ponencia chegou un xoves en medio de festivos e tiña tropecentas páxinas? Vostede sabe. Seguramente vostedes non revisaron o informe da ponencia; tanto é así que, cando chegamos á comisión, tivemos que advertilos de cuestións como que no artigo 27 —sabeo o voceiro do BNG— estaban sen incluír cuestións que estabamos negociando. E tivemos que facelo sobre a marcha, tendo a comisión parada vinte minutos. Polo tanto, seguramente vostedes firma-



ron un informe da ponencia sen lelo. Eu non; eu firmeino cando volvemos dos festivos e cando puiden ler o informe da ponencia. Porque si o firmamos, ao final.

Vostedes non se dan conta de cuestións que para min son esenciais, e antes non falei delas. Vostede dicía que estaba acompañado na ponencia. É certo que participamos só os titulares, pero estaba acompañado da anterior directora xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. E vostedes non aceptaron ningunha das emendas que introducía o Partido Socialista para primar e exixir que se cumprise a paridade de xénero; en cuestións como o que vostedes deixan no aire que «deberíase procurar o cumprimento dunha presenza equilibrada entre homes e mulleres». Nós cando introducíamos a obrigatoriedade de que neses novos entes se cumprise a paridade de xénero, vostedes votaron en contra. A emenda 15 do artigo 5 ou a emenda dezaseis do artigo 5. Incluso, fíxese vostede, nun artigo —que debe de ser o artigo 65— na nosa emenda 38, na cal se fala neste artigo da contratación pública de produtos alimenticios, nós introducíamos aí que unha das cuestións era, evidentemente, o medio ambiente, os temas ambientais, outro a calidade alimentaria e nós introducíamos tamén o tema da igualdade. E vostedes tampouco aceptaron esa emenda. Ese é o compromiso real que ten o Partido Popular coas mulleres do rural. *(Aplausos.)* Establécese neste tipo de cuestións.

Do mesmo xeito, cando introducimos que o tema ambiental nese mesmo artigo 65 fose algo obrigatorio para poder acceder a certas cuestións. Aí vostedes, que sexan obrigatorios os temas medioambientais, tampouco. Vostedes sempre queren ser medioambientalistas e queren ser feministas, pero un pouquiño. Un pouquiño, non vaia ser que realmente nos comprometamos co medio ambiente como ten que ser ou nos comprometamos coa loita pola igualdade de xénero como ten que ser.

Igual que pasou cun tema que para min é un escándalo. Un propio ente da Xunta de Galicia informa directamente de que a Agacal ten que ter o mesmo tratamento fiscal e ser análogo aos entes estatais do sector público. Advírteo a propia Xunta de Galicia, porque xa pasou con outro aí no Agader e por iso tivo que ir a un conflito co Estado. E, en vez de facerlle caso a ese ente, non admiten esa cuestión que lles plantexaba esta propia parte da Xunta de Galicia e tamén rexeitan que nós llelo introduzamos como emenda. Dá a sensación de que o único que buscan vostedes, ao final, é ese conflito co Goberno estatal cando non ten nin pés nin cabeza.

Volvo repetir que a lei incorpora cuestións que tiña que incorporar con relación a novos textos lexislativos e normativas europeas. Polo tanto, facían falta modificacións. Pero volvo repetir que non hai unhas cuestións importantes que fagan que o sector alimentario, toda a cadea alimentaria en Galicia, teña ese impulso necesario. Iso non se fai con leis; iso faise con orzamentos, faise estando ao lado dos consellos reguladores, se se está impulsándoos e non tratando de controlalos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Seco.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas Cruz.



O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidenta.

Este marco lexislativo hai anos que debera estar adaptado ás diferentes variacións normativas de máis rango, e non o fixeron. A aceptación de tantas emendas non se debe á xenerosidade do PP e si aos defectos que o proxecto de lei tiña, produto das présas ou da deficiente elaboración. Vostede sabe, señor Armada, que tiña defectos claros.

O obxecto deste turno é pronunciarse sobre as emendas que se manteñen vivas. Nós apoiamos as emendas do Partido Socialista porque, entre outras cousas, nalgunhas coincidimos tanto na emenda como no rexeitamento; co cal, bueno, aí estamos.

Señor Armada, outra vez a Lei de recuperación de terra agraria. É que, de verdade, son vostedes bastante pastosos. O que vostedes non entenden, o que vostedes non entenderán nunca, é que coa Lei de recuperación da terra agraria botaron trece anos de *impasse*, destruindo o que a Lei do Bantegal intentou crear e empezou a crear. De repente, destruíron 35 unidades de xestión forestal, ¡así, de golpe! E despois, un pouco máis tarde, inventaron as Sofor, que non funcionaron. Non sei se hai dez, paréceme, e non sei se funcionan.

E o que non entenden, de verdade —e isto é o grave e o que a min me doe persoalmente— é que, por cada explotación láctea que pecha —e son trescentos e moitas lácteas rendibles anuais—, jengordan as grandes que hai ao redor! Esas terras, a maior parte desas hectáreas, pasan a ser xestionadas polos grandes que quedan nesa parroquia. Ao final nesa parroquia, cando antes había quince ou vinte explotacións como pasaba na miña, hoxe quedan seis ou sete; iso si, co mesmo número de vacas. ¿E a poboación e a xestión do territorio e a riqueza compartida onde están? Ese é o problema, señorías. Porque temos dereito neste país a que o territorio e o que produce sexa compartido pola poboación. ¡Que sexa compartido! Non entenden a palabra compartir. Pois éelles moi fácil, e en período navideño debería ser moito máis fácil de entender.

Os mantras que nós sostemos reflicten unha realidade. A realidade é un deserto, a realidade é un abandono e a realidade son lumes. Esa é a realidade. Pero iso comezará a mudar en breve. Comezará a mudar en breve, porque, queiran ou non, o seu ciclo está acabado. Non teñen opción.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Peche do Grupo Parlamentario Popular, señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Nós é que levamos xa catro anos e levaremos catro máis. Pero é que anteriormente, ¿cantos anos levamos máis? Nós temos os ciclos acabados e estánsenos acabando continuamente. Pois este ciclo a verdade é que está collendo pinta de infinito. A verdade é que eu creo que empeza a ser bastante complicado que a vostedes os tomen en serio.



De verdade, ¿vostedes falan cos seus alcaldes? ¿Teñen ese costume? Ou alcaldesas. ¿Teñen ese costume? Porque é que realmente vostedes o que predican aquí despois van aos concellos e resulta que están aplicando medidas, están pedindo ferramentas que lles damos nós a través das diferentes leis que se aproban aquí. E para eles son válidas. A verdade é que é increíble que moitas veces vostedes se empeñen aquí en votar á contra e despois, cando se aproban, automaticamente veñen aquí os seus alcaldes e alcaldesas e véñennos pedir todas esas ferramentas e todos eses mecanismos.

Fálame vostede de que nós temos as explotacións... ¿Como? Agora mesmo nós estamos buscando precisamente o que nos están a demandar, que é masa territorial. ¿Como se consegue esa masa territorial? ¿Vaime dicir vostede a min que a lei de recuperación de terra agraria de Galicia non é o instrumento axeitado para facelo? Eu entendo que é o máis axeitado. Outra cousa é que vostede diga «non, é que non está nas mans axeitadas e tal». Pero non era o máis axeitado cando vostedes votan á contra cando se trae esa lei aquí, cando se trouxo non hai moito tempo. Iso terá que entender que evidentemente é dicir non.

Falábame vostede de masas de concentración parcelaria. Entendo «masas de concentración parcelaria» e non 707 concentracións parcelarias. Non, hai que distinguir entre masas de concentración parcelaria e parcelarias; son dúas cousas completamente diferentes. ¡Por favor!

Xa que fala vostede de centros de transformación xa lle podo dicir que hai moitos concellos que xa os puxeron en marcha e que os seguen a pór en marcha, de diferentes cores políticas. E podo asegurar que tamén hai moitos concellos que están aproximando orzamentos para mellorar todos os seus comercios de proximidade. E, especialmente, creando eses espazos de emprendemento no rural. Eses espazos ao que dan lugar é precisamente a que a nosa poboación, e especialmente a xente máis nova, esa que nos ten que dar o relevo no noso rural, poida ter o maior número de ferramentas para que poidan implantarse e, especialmente, que poidan vivir neste noso rural.

Señor Seco, eu sabe que lle teño moitísimo respecto, e que o sigo respectando, dende logo. Pero dende logo o que non me parece ben é que nos diga a nós que firmamos un informe sen lelo. Mire, non é que o lésemos; é que ademais advertimos dos cambios. Pódello testemuñar a letrada. Fíxese vostede se nós temos claro cal era o texto que se presentara. O que non pode ser é que nós deixásemos vivas unhas emendas para a comisión, para que ese artigo 27 —o famoso artigo 27— quedase vivo e que nós determinásemos na comisión cal ía ser o texto definitivo. Nós xa lle trasladáramos cal era a nosa postura e, se había algún avance máis ata chegar a esa comisión, trasladaríase. Evidentemente non o houbo e o artigo quedou como tal. Polo tanto, eu o que non entendo é como vostede me está dicindo a min, por un lado, que non lemos o texto e, por outro lado, como me está a negar como é a tramitación parlamentaria. Porque se nós non cumprísemos algún dos puntos que hai na tramitación parlamentaria pódolle asegurar que esta lei agora mesmo non estaría debaténdose neste pleno.

E, por suposto, falábame vostede tamén de algo que me pareceu un pouco... Bueno, imos deixalo. Creo que o debatemos tamén nas ponencias. Fálame vostede de que nós rexeitamos



as emendas nas que falaban de igualdade. ¿Vostede lémbrese do que eu lle dixen? Que evidentemente iso xa vén lexislado nunha lei, e evidentemente non imos ter dúas leis lexislando o mesmo. Porque, entre outras cousas, teríamos unha advertencia legal. Polo tanto, nós temos que contemplar... Si, señora Noa. Nós, se hai unha lei de igualdade e hai unha lei que está prevendo unha serie de normativas as cales se refiren a eses organismos e sobre todo a todas esas direccións, evidentemente témolo que contemplar. Pero iso é con toda a lóxica do mundo. Así que a igualdade queda completa e absolutamente garantida nesta lei. Dígoo por se despois vaian sacar vostedes algún slogan, porque xa lles digo que ese slogan non é.

E, por suposto, tamén o que si me gustaría indicar é que esta lei é unha lei que ten que afondar definitivamente no que é a aposta pola excelencia. Unha palabra que soa moitas veces profunda e profusa, pero que nós temos que buscala. A excelencia dos nosos produtos, incluso moito máis alá do que a propia lei nomea, que é a calidade. Pero Galicia é un país excelente, así que entre todos busquemos esa excelencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Armada.

Continuamos cos textos lexislativos; neste caso sometemos a debate e a votación... (*A señora vicepresidenta, Prado Cores: Está pedindo voz o conselleiro.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Turno de peche.

Déanlle voz, por favor, ao escano do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi boa tarde, señora presidenta.

Señores deputados e deputadas.

Eu quería, neste turno de peche, trasladar o posicionamento que manteño dende que eu estou neste Parlamento. Eu son un convencido do papel que ten o Parlamento para enriquecer os textos lexislativos; para que haxa unha oposición construtiva e un debate serio co ánimo, en definitiva, de mellorar a vida dos galegos e das galegas, que son os que nos poñen aquí.

Tamén son un convencido da necesidade de respectar o fondo e as formas. A min gustaríame deixar claro que, con independencia de que poidamos tramitar de xeito máis áxil ou menos áxil, as formas se cumpran sempre, como se cumpriron tamén na tramitación desta lei. Escoitei, e escoitei con atención, os voceiros da oposición sobre a rapidez; eu diría máis ben axilidade. Tamén diría que moi mal non lle foi, cando de 127 emendas, señorías, sacamos adiante 60, aceptadas ou transaccionadas. Aquí, o voceiro do Bloque Nacionalista Galego trasladou que foi porque estaba tecnicamente moi mal a lei. Eu diría que as súas emendas, moitas delas moi razoables, foron a partir dun texto que estaba moi traballado cos diferentes sectores e que, polo tanto, viña xa moi preparado aquí a este Parlamento.



En canto á necesidade da lei, o que podo dicir con claridade é que é unha lei para ser aplicada xa no ano 2024 e, polo tanto, necesitabamos a lei cos orzamentos que se acaban de aprobar hoxe mesmo para que nas ordes de subvención que veñen a partir da Lei de calidade diferenciada se poidan contemplar xa os cambios que pon enriba del.

Señorías da oposición, eu diría que, se quitamos de enriba a capa ideolóxica, en relación co medio rural hai cuestións estruturais nas que estou seguro de que todos estamos de acordo, que se poderían resumir en tres palabras, que son as que levaron a planificación desta consellería durante estes practicamente catro anos que levamos: prevención, recuperación e calidade. A prevención, moi ligada a un problema tamén moi importante do noso rural como son os incendios forestais. Penso que hoxe temos unha estratexia tamén moi consensuada non só cos concellos, senón tamén coa cidadanía galega. Estamos todos moi concienciados sobre a necesidade da prevención. A recuperación —mal que lle pese a algún— permitiunos nesta lexislatura poñer en marcha procesos de mobilización de 35.000 hectáreas, precisamente loitando contra ese abandono. Todos tamén, estou seguro, apoiamos que se traballe nesta política. E fáltanos, por suposto, a pata da calidade. Non digo que non haxa calidade nas nosos producións, senón que nos faltaba este texto lexislativo da calidade.

Polo tanto, estamos asumindo o que dixemos dende o primeiro momento; non enganamos ninguén. É certo, somos previsibles, que era a nosa estratexia en relación co sector primario galego.

Por destacar algún fito desta lei, eu resumiríao, fundamentalmente, partindo de que temos uns consellos reguladores extraordinarios. Temos uns indicativos de calidade tamén en moi boas condicións. Temos 37 indicativos de calidade; algúns deles, efectivamente, —como dicían os voceiros da oposición— teñen que mellorar a súa posición. Pero nós pretendemos con esta lei afondar na súa profesionalización e dotarnos da maior capacidade posible para, precisamente, que poidan facer en mellores condicións o seu traballo.

Tamén pretendemos apostar claramente pola sustentabilidade das producións. A nós parécenos moi relevante que sexamos a primeira comunidade autónoma que vai ter unha certificación de sustentabilidade das súas explotacións. Ou a trazabilidade. É dicir, se cremos a orixe galega dos produtos e que iso lles dá un valor engadido, temos tamén que traballar na trazabilidade.

Pretendemos incrementar a participación do sector primario nas políticas públicas, nas tomas de decisión públicas, no que lle afecta, a través do Consello Alimentario de Galicia ou da Mesa de Calidade Alimentaria Diferenciada. Ou fomentar o consumo e a compra pública de produtos de proximidade, que tamén é unha aposta, en definitiva, pola orixe galega dos produtos.

E, rematando xa, apostando clarisimamente —si, señores voceiros da oposición— pola promoción da nosa produción agroalimentaria, con campañas como as que acabamos de facer de Ternera Gallega Suprema, de queixos ou de Pataca de Galicia, totalmente consensuada tamén cos sectores. De aí ese esforzo que queremos facer, tanto de darlles cartos aos consellos reguladores como tamén desas campañas de promoción.



Eu remato estas verbas pensando que ninguén que defenda —como estou seguro que todos os que están aquí o fan— o medio rural de Galicia podería ou pode votar en contra dunha lei que o que pretende é promover e apoiar a calidade da produción primaria de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Hai emendas mantidas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e tamén polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para presentar o Ditame da Comisión ten a palabra a súa presidenta, dona Carmen Pomar.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Pomar Tojo): Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Esta proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados —Lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia— foi presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia no Rexistro da Cámara o día 26 de xuño de 2023, co número de asentamento 54794.

Logo da súa toma en consideración por unanimidade polo Pleno na sesión do 12 de setembro de 2023, e unha vez rematado o prazo de presentación de emendas ao articulado o 7 de outubro coa formulación dun total de 8 emendas —4 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 4 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego—, a ponencia designada na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 17 de novembro, e logo da súa sesión constitutiva, ao remate da sesión, coa miña presenza, en calidade de presidenta desta comisión, e dos ponentes e da ponente titulares: don José Manuel Balseiro Orol, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; don Xosé Luís Bará Torres, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e dona Patricia Otero Rodríguez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, emitiu o informe o día 22 de novembro.

Posteriormente, a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do pasado 12 de decembro, aprobou, por 10 votos a favor e 2 abstencións, o Ditame que estou a presentar, a cuxo debate e votación procedemos nesta sesión plenaria, así como das sete emendas mantidas.



Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo especial, coa aprobación, se é o caso, da Proposición de lei do Parlamento de Galicia, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Damos agora a palabra aos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso..., (*Murmurios.*) silencio, por favor; ¡silencio, por favor!

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

En primeiro lugar, dende o meu grupo queremos agradecer aos servizos da Cámara, e especialmente á letrada que foi asignada a este ditame, que me van permitir que me refira a ela con todo o respecto, pero con todo o cariño, como Puri, que tanto nos axudou neste ditame sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia.

Agradecer tamén o ton dos voceiros, pero afearlle dende logo a intencionalidade ao Grupo Parlamentario Popular, e láméntoo e sabe que llo digo con todo cariño a vostede, señor Balseiro. Porque concordará comigo en que esta proposta que estamos hoxe a debater non é igual ás propostas anteriores que se aprobaron nesta cámara e que se remitiron ao Congreso dos Deputados. Esta é moito máis ampla nas obrigas con respecto ao Estado, e o Partido Popular negouse dende un primeiro momento a dialogar e a consensuar.

Cómpre recordar que tivemos unha única reunión en ponencia, que durou menos dun minuto. Esa é a vontade de diálogo que ten o Partido Popular, menos dun minuto nesa reunión de ponencia. E se miramos as datas de tramitación desta proposición de lei orgánica, que cómpre recordar que foi rexistrada xusto cando se ía rematar o anterior período de sesións, xusto antes dunha cita electoral, dunhas eleccións xerais, vimos como durante certo tempo pois non activaron esta proposición de lei, pero vimos que, cando o señor Núñez Feijóo non conseguiu o apoio do Congreso dos Deputados para ser presidente do Goberno, pois foi cando o Partido Popular recordou que tiña rexistrada esta iniciativa e foi cando activou os seus prazos. (*Aplausos.*) É así como actúa o Partido Popular e a Xunta de Galicia.

Miren, señorías do Partido Popular, vostedes nesta última etapa desta lexislatura pois están a facer como o mal alumno que a noite antes do exame a toda présa empeza a estudar, e estivemos a velo coa tramitación de diversas leis que se aprobaron aquí nesta cámara, ou que se van aprobar, como o anterior texto lexislativo que se estivo a debater, de calidade alimentaria. Vimos que tamén o fixeron con esa Lei de ordenación do litoral, tamén ventilada



nunha única reunión de ponencia, e agora pois acontece tamén con esta transferencia da AP-9.

Miren, nin unha soa das emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do PSdeG foron nin sequera tidas en conta por parte do Grupo Parlamentario Popular. Xa non é que foran aceptadas, é que nin sequera foron valoradas.

Polo tanto, houbo outros tempos nos que desta cámara unha proposta parecida, non igual, á que hoxe estamos a debater saía incluso proposta por unanimidade dos tres grupos, xa era unha proposta conxunta, pero hoxe vemos que o que estamos a debater, este texto lexislativo, é un texto lexislativo coa marca do Partido Popular.

Miren, nós neste tema tivemos sempre a mesma posición, nós non mudamos nunca de posicionamento, poden rirse o que queiran, pero aí estivo sempre o PSdeG pedindo un traspaso da AP-9 a Galicia do xeito máis beneficioso para Galicia. Si, titularidade autonómica, pero, en calquera caso e como xa ten dito en numerosas ocasións o noso secretario xeral, que saía a conta. Porque realmente o que lles interesa aos galegos e ás galegas é unha mellor conservación desta infraestrutura, que non haxa máis subidas nas peaxes, e dende logo que esa tendencia que abrimos os socialistas dende que chegamos ao Goberno en Madrid no ano 2018, e que foron unha realidade no ano 2021, que estou a falar desas bonificacións históricas, siga e que camiñe cara á gratuidade, que é niso no que estamos a traballar os socialistas.

E digo que nós nunca mudamos de posicionamento. Vostedes, señorías do Partido Popular, non poden dicir o mesmo, porque no ano 2005 esta transferencia xa estaba no paquete de demandas que o señor Touriño lle facía ao Goberno central. E, ademais, cómpre recordar, porque vostedes van deixar a Xunta de Galicia despois de catorce anos, case quince anos, cando deixen a Xunta de Galicia, que non conseguiron ningunha transferencia para Galicia. Pero o peor de todo é que durante moitos anos xa non é só que non conseguiran ningunha transferencia, é que nin sequera as pedían.

Porque cómpre recordar que as últimas transferencias de competencias que chegaron a Galicia chegaron cando había un presidente socialista, cando estaba Touriño como presidente da Xunta de Galicia. E cómpre recordarlles, señorías do Partido Popular, que durante máis de sete anos e medio coincidiron gobernos da mesma cor política, gobernos do Partido Popular, tanto na Xunta de Galicia como no Goberno central, e dende aquí, dende Galicia, non había ningunha reclamación de competencias.

Mire, é que incluso cando o presidente Touriño pedía esta transferencia, como moitas outras que pedía, que tamén daquela xa pedía a de ordenación do litoral, vostedes votaban en contra e vostedes poñían paus nas rodas. Incluso vostedes chegaron a criticar cando se logrou levantar a peaxe de Rande e da Barcala, que recordo que tamén foi grazas a dous presidentes socialistas: o presidente Touriño aquí e o presidente Zapatero en Madrid. Incluso vostedes, que levaban sempre nos seus programas electorais o levantamento desas peaxes, cando o presidente Touriño o conseguiu, ¿que fixeron? O que fan sempre: criticar as medidas que conseguimos os socialistas para mellorar a vida dos galegos e das galegas.



E indo ao tema das emendas, vostedes rexeitan emendas que presenta o meu grupo, por exemplo para ampliar as bonificacións ás persoas usuarias recorrentes nesta AP-9 co fin de achegarse á gratuidade. Esa é unha das emendas que presentaba o Grupo Parlamentario do PSdeG e que vostedes non tiveron nin sequera a ben ter en consideración.

Tamén rexeitaron outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista que quería reflectir a realidade da situación actual, porque, como eu lle dicía, este texto lexislativo ten a marca Partido Popular. Todo é culpa do Goberno socialista, todo foi culpa dos gobernos socialistas, e parece que o Partido Popular non tivo ningunha responsabilidade na AP-9.

Vostedes, no seu texto lexislativo, imputan o incremento da tarifa do 1 por cento acumulativo ao Real decreto 1733/2011, do 18 de novembro. Pero, joh, casualidade!, olvídanse de que tamén este incremento é debido ao Real decreto 104/2013, do 8 de febreiro. Porque, señorías do Partido Popular, o real decreto do ano 2013 ratificaba o contido no real decreto de 2011, e vostedes queren tamén tapar esa realidade.

E miren, incluso o anterior presidente da Xunta, o señor Feijóo, en decembro do ano 2017, ante a tremenda subida das peaxes que se ían dar na AP-9 no ano 2018, e estaba a gobernar o Partido Popular, admitía que a metade da suba das peaxes da AP-9 se debía a decisións do Partido Popular, e tamén do Partido Socialista, pero tamén metía aí o Partido Popular. Pero, iso si, criticaba iso, pero Feijóo, ante o incremento de case o catro por cento nas subidas das peaxes para o ano 2018, renunciaba a pedirlle ao por aquel entón presidente do Goberno, Mariano Rajoy, que conxelara ou baixara esas peaxes.

Xustificaba o señor Feijóo daquela, como así o facía o ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, esa suba porque dicían que había que cumprir os convenios que subscribiron, algúns hai bastante tempo. Isto dicía no ano 2017 o señor Feijóo, e todos recordamos ese decembro do ano 2017 cando lle entraron as présas ao Partido Popular e á Xunta de Galicia, cando lles entraron as présas ao señor Rajoy e a Feijóo, apurados dende logo pola concesionaria, e autorizaron incluso unhas probas de carga neses novos carrís da ponte de Rande, con nocturnidade e incluso cando había unha alerta laranxa por temporal.

¿Todo isto con que?, ¿todo isto con que? Non llo diga, señora conselleira, que xa llo digo eu ao señor Balseiro. Todo isto coa finalidade de inaugurar esta ponte o 30 de decembro e que a concesionaria puidera aplicar estas subidas o 1 de xaneiro de 2018. Aí está o motivo, señor Balseiro. (Aplausos.) Xa, non, xa llo conto eu, non fai falta que llo conte vostede, conselleira.

Miren, outra emenda rexistrada polo meu grupo, que tamén rexeita dende logo o Partido Popular, é que queren evitar que coñezamos todas as actuacións do Partido Popular, e sobre todo esa decisión adoptada polo Goberno central no ano 2000, e que fai que hoxe esteamos de novo falando desta titularidade e dos prezos da AP-9, como foi a decisión do señor Aznar co ministro Cascos, e co silencio cómplice do por aquel entón conselleiro de Obras Públicas da Xunta de Galicia, que resulta que era o señor Feijóo, como foi prorrogar a concesión ata o ano 2048. Primeiro, prorrogan a concesión ata o ano 2048 e inmediatamente despois privatizaron Audasa. E iso tamén queren sacalo deste texto lexislativo que vai ir camiño a Madrid.



E tamén rexeitaron outra emenda co que o único que pretenden vostedes é branquear a súa mala conciencia e non reflectir a realidade dos acontecementos, porque falan na súa proposta lexislativa das veces que se aprobou esta petición de transferencia nesta cámara e a súa remisión ao Congreso dos Deputados, pero olvídanse tamén de que esta proposta chegou varias veces a Madrid, pero que había unha señora na Mesa do Congreso dos Deputados que vetou a súa tramitación, vetou incluso a súa toma en consideración ata en dúas ocasións. E olvídanse tamén de que ese veto foi levantado polos socialistas cando chegamos ao Goberno en Madrid, aló por xuño do ano 2018.

Polo tanto, ¿por que estamos hoxe aquí? Porque, cando Aznar era presidente, cando Cascos era ministro e cando Feijóo era conselleiro, prorrogaron a concesión ata o ano 2048 e, como dixen anteriormente, privatizaron Audasa.

Polo tanto, ¿que queremos nós? Nós dende logo o que queremos é a titularidade para Galicia. Como dicía, sempre estivemos na mesma liña. Pero queremos dende logo camiñar cara á gratuidade nas peaxes desta infraestrutura.

A vostedes, que non foron nin sequera capaces de pedir esta transferencia, agora éntranlles as présas, non foron capaces de consensuar ningunha outra transferencia ao longo de todos estes mandatos, o único que buscan é unha nova confrontación co Goberno central.

Porque, ademais, cómpre recordar, que grazas ás actuacións do Partido Popular nos deixaron as autopistas máis caras de España, e esta AP-9 como a máis cara de España, a AP-9 e a AP-53. ¿E que fixemos os socialistas? ¿E que fixo esa persoa que dende o Grupo Parlamentario Popular lle chaman figurante? Si, o señor Besteiro. Pois o señor Besteiro foi quen de meter nese acordo de investidura esas bonificacións, que chegarán ata o 75 por cento na AP-9 e tamén na AP-53. *(Aplausos.)* Iso é o que ten querer quedar en Galicia, amar Galicia e saber dialogar. Iso é o que ten.

Si, señora conselleira, se lle molesta o meu timbre de voz, pois síntoo moito, pero a verdade é que ás veces as verdades doen.

Polo tanto, iso é o que nos interesa a nós, camiñar cara a esa gratuidade. Porque mire —re-córdolle—, esas bonificacións nas peaxes da AP-9, gratuidade en todos os traxectos de volta, bonificación adicional do 50 por cento do percorrido de ida no tramo Puxeiros-Tui, gratuidade no acceso dende Redondela, a maiores esa rebaixa do 20 por cento para os usuarios recorrentes todos os días da semana e para todos os vehículos, estas son as bonificacións que hai no día de hoxe grazas ao presidente do Goberno, Pedro Sánchez, e grazas a que nós, os socialistas, tamén sempre estivemos aí reclamando. E agora, grazas ao señor Besteiro, esas bonificacións converteranse non só nun 20 por cento nos usuarios recorrentes, senón que se converterán nun 75 por cento —repito— para a AP-9 e para a AP-53.

¿E que acontece? Porque cando nos din: non, aprendan do que fai a Xunta de Galicia. Pero ¿como o imos a aplicar? ¿Como imos pedir que se apliquen as bonificacións da Xunta de Galicia das infraestruturas de titularidade estatal se son moito mellores as que está a aplicar o Goberno central? Con vostedes esa bonificación do cen por cento na viaxe de volta só é para



as familias numerosas, non é para todos os usuarios e as usuarias, como se fai na AP-9 e como se vai facer tamén na AP-53. Polo tanto, sería rebaixar as bonificacións que estamos a aplicar dende o Goberno de Madrid. ¿Que queren? ¿Que pague máis a xente que circula pola AP-9?

Polo tanto, miren, ¿que van facer vostedes cos orzamentos xerais do Estado para o ano 2024? Porque eses orzamentos van permitir que se amplíen esas bonificacións ata o 75 por cento para os usuarios recorrentes na AP-9 e na AP-53. ¿Que van facer vostedes? ¿Igual que fixeron no ano 2021?

Por certo —tamén recadiño para o Bloque Nacionalista Galego—, esas bonificacións teñen que vir vía orzamentos xerais do Estado para o ano 2024, e xa vimos o que aconteceu no ano 2021.

Polo tanto, o Goberno de Pedro Sánchez camiña cara á gratuidade nestas infraestruturas. Así tamén quedou reflectido nese acordo de investidura que asinamos o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Que, como digo —repito—, xa non vai ser só para as bonificacións na AP-9, senón tamén para a AP-53, que era unha reclamación histórica.

Polo tanto, nós ¿transferencia a Galicia da AP-9? Dende logo. Pero a nós interésanos moito, moitísimo, camiñar cara a esa gratuidade, que dende logo será unha realidade cos socialistas no Goberno.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Remato, presidenta.

Nós pedímoslle o mesmo, estea a gobernar o Partido Socialista en Madrid ou estea a gobernar o Partido Popular; vostedes non poden dicir o mesmo. Porque, ademais, miren cantos anos tiveron maiorías absolutas no Congreso dos Deputados para poder ter levado a adiante esa transferencia das competencias. Porque unha cousa é que o Goberno levante o veto para a toma en consideración da lei, pero despois vostedes saben onde se tramita esa lei, que é no Congreso dos Deputados.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Vostedes durante moitos anos tiveron maioría absoluta e, se realmente quixeran esta transferencia para Galicia, teríano feito naqueles momentos. Nós, dende logo, imos ser coherentes e imos votar que si á proposta que hoxe traen a debate.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Bará Torres.



O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Esta iniciativa é un exemplo da política innovadora do Partido Popular. É un exemplo do que podemos chamar «AP-9 washing», o lavado de imaxe do Partido Popular en relación coa AP-9; un exercicio tamén de contorsionismo, na argumentación: onde dixer unha cousa digo toda a contraria, pero a vostedes dálles igual. É tamén unha mostra de arrepentimento, de expiación por parte ou aparentemente polo menos do Partido Popular. E é un exercicio de camuflaxe, de camuflaxe política, e ademais intentando apropiarse dunha iniciativa que no seu momento impulsou e promoveu o BNG, e presentando ademais agora, unha semana despois de que a presentase o BNG, unha iniciativa bastante semellante.

Para aclarar certas cousas, é necesario facer un pouco de historia. Claro, o Partido Popular parece que quere borrar a historia ou reinterpretar a historia, falsificala, literalmente. Entón, ímoslles recordar algunhas cousas, porque vostedes teñen antecedentes, vostedes en materia da AP-9 teñen antecedentes políticos, cando menos.

Primeiro antecedente, o Partido Popular é o responsable da privatización da AP-9, da súa venda a prezo de saldo, para que fixesen negocio grandes fondos de investimento, que son os propietarios desta infraestrutura, xunto coas autovías autonómicas de peaxe da Xunta, tamén, que son do mesmo grupo investidor, como se sabe, dos mesmos grupos.

En segundo lugar, o Partido Popular é o responsable da ampliación da concesión; é dicir, o Partido Popular é responsable de que desde o pasado 18 de agosto esteamos pagando peaxes e as teñamos que pagar, se non cambiamos este designio, ata o ano 2048; isto é responsabilidade do Partido Popular. Esta prórroga de vinte e cinco anos é o motivo polo que estamos pagando peaxes, é o motivo polo que se aplican subas nas peaxes todos os anos, anualmente; é por culpa, por responsabilidade do Partido Popular.

E o Partido Popular ten outro antecedente que ten moito máis que ver con este debate de hoxe, que é que o Partido Popular —así como hoxe quere presumir aquí de que pide a transferencia da AP-9— vetou dúas veces na Mesa do Congreso —con informes do Goberno que foron declarados irregulares por parte do Tribunal Constitucional— a tramitación de dúas iniciativas semellantes a esta aprobadas por unanimidade do Parlamento galego no ano 2016. E no ano 2017 o Partido Popular, a Presidencia da Mesa do Congreso, do Partido Popular, a señora Ana Pastor, cun informe do presidente do Goberno, o señor Rajoy, vetou, impediu a tramitación, a admisión a trámite da proposición de transferencia da AP-9. Polo tanto, vostedes leccións, ningunha; ao contrario, entorpecer todo, ata agora entorpecer todo. (Aplausos.)

E miren cantas voltas deron vostedes que no ano 2017, despois do segundo veto, veu aquí o señor Íñigo de la Serna dicir, de ganchete co señor Feixóo, que a AP-9 non se podía transferir, porque era unha infraestrutura fundamental do Estado e que non se podía desmantelar o Estado. Mire o que dicía —co beneplácito do señor Feijóo, que estaba ao seu lado—: «daría lugar a unha batería de procesos similares que acabaría nun certo desmantelamento das infraestruturas do Estado». Isto é o que dicían vostedes antonte, hai uns anos. Pero dálles igual, a vostedes dálles igual. E ¿que fixeron daquela? Crearon un sucedáneo, crearon unha



comisión de seguimento das obras da AP-9. Iso foi o gran logro do señor Feijóo que conseguiu negociar co señor Íñigo de la Serna.

Polo tanto —resumo desta primeira parte—, vostedes, en materia de transferencia da AP-9, teñen credibilidade cero.

E vostedes en materia da transferencia de infraestruturas teñen credibilidade cero, porque vostedes levan catorce anos e medio gobernando, estiveron sete anos gobernando en Madrid ao mesmo tempo e foron incapaces de conseguir nin unha soa transferencia; cero transferencias en catorce anos e medio. Polo tanto, o que se pode esperar de vostedes é cero, cero, absolutamente cero.

Aínda que tamén é certo —e hai que recordalo— que nese momento, no ano 2017, se produciu unha das imaxes máis denigrantes e máis vergoñosas da historia da AP-9. Esta. (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía á Cámara.*) Non estaba a conselleira de Infraestruturas, a señora Ethel Vázquez, na foto, estaba por alí pero nesta foto non saíu, nesta foto da vergoña vostede non saíu aínda que estaba por alí cerquiña, saíu noutras. Esta foto foi feita o 30 de decembro do ano 2017, o último día hábil do ano. ¿Saben para que? Para abrir ao tráfico os carrís exteriores da ponte de Rande. E ¿saben para que? Para que a empresa concesionaria puidese facturar o incremento das peaxes ao ano seguinte. (*Aplausos.*) Para iso foron vostedes facer esta foto o 30 de decembro na AP-9. É que vostedes, máis claro auga, vostedes gobernan para as grandes empresas, para as concesionarias. E entón veñen aquí agora querer darnos leccións. ¿Que leccións nos queren dar se vostedes estiveron todo o tempo gobernando para os intereses das concesionarias? E aínda me quedan algunhas cousas que recordarlles.

Miren, o que queda claro de toda esta historia —e tamén vai para o Partido Socialista— é que vostedes intercambian os papeis, son como dúas pingueiras de auga que se replican. Segundo gobernen ou segundo estean na oposición, defenden absolutamente as mesmas posturas. Cando gobernan en Madrid, dedícanse a vetar o que acorda o Parlamento galego, vostedes votan aquí e vetan en Madrid.

E a historia déixao claro. Cando aprobamos no 2016 e no 2017 a transferencia, vetouna o Partido Popular, e cando a aprobamos no 2021, vetouna o Partido Socialista, así de claro. ¡*Iguálitos!*, ¡os dous iguais! Porque recórdolles que se aprobou a admisión a trámite —claro, unha cousa é non vetala, efectivamente, o Partido Socialista apoiou, xa antes, pero despois tamén no 2021 o PP tamén a admisión a trámite—, e ¿que fixeron? Boicotear a tramitación, descaradamente. Porque aprobouse, a petición do BNG, a tramitación urxente, en quince días podía estar aprobada polo Parlamento esta proposición. E ¿que fixeron? Solicitar dezasete prórrogas, ata o mes de xuño de 2021, presentar emendas —os dous, pero sobre todo o Partido Socialista— que devaluaban absolutamente o acordo deste Parlamento. O PP presentou outras para atrancar a tramitación, claramente, pero o PSOE, literalmente, para vetar a transferencia da titularidade da AP-9. ¿Isto como se chama? Isto chámase, para uns e para outros, traizoar a Galicia e traizoar os acordos do Parlamento galego, non se chama doutra maneira.

Entón, está claro que hai unha unidade, unha coincidencia dos dous partidos en dificultar a transferencia da AP-9, que só responde ademais —como dixen outras veces— a ese Estado



profundo que se nega, que se resiste a transferir as competencias. E só hai transferencias —e temos o exemplo de Euskadi— cando se dan dúas condicións: cando —como o fai Euskadi co PNV— ten capacidade de influencia en Madrid, como está facendo agora o BNG cos acordos de investidura e cos acordos que teñen que ver coa AP-9, coa AP-53 e coa transferencia; e cando se dá unha segunda condición, e a segunda condición é que esa transferencia será posíbel cando teñamos en Galiza un goberno decente, un goberno que defenda os intereses do país e unha presidenta sen ataduras, que lle dirá a Madrid que quere e que vai conseguir esa transferencia; nese momento será posible.

E miren, outra cuestión que está no fondo do debate é a que ten que ver coa suba e a rebaixa das peaxes, está no trasfondo. E, claro, neste pleno déixasenos clara unha cousa coas iniciativas que presentou o Partido Popular, e é que o Partido Popular está moi enfadado, moi molesto, moi desgustado co acordo de investidura. Porque vén aquí intentar deslucilo, intentar desacreditalo, intentar opoñerse a el, cando está demostrado que é un acordo beneficioso para este país, que vai permitir manter e incrementar as peaxes, que vai permitir amplialas tamén á AP-53.

E, polo tanto, póñanse como se poñan, a realidade é que co Partido Popular, gobernando o Partido Popular, aumentaron as peaxes un 40 por cento entre o ano 2011 e o 2018. E co BNG, coa forza que ten o BNG en Madrid, do seu deputado en Madrid, baixan as peaxes, hai rebaixas históricas e bonificacións históricas das peaxes, que lles dan mil voltas ás rebaixas que propoñían vostedes.

Que vostedes —teño aí o documento— viñeron a este parlamento presentar unha proposta da rebaixa do 25 por cento na viaxe de volta, porque aplican o modelo efectivamente das autovías autonómicas, que quedou absolutamente trasnoitado e superado. Iso é o que propoñían vostedes no Parlamento, o 25 por cento, veu aquí o director da Axencia de Infraestruturas propoñelo.

Conclusión: por culpa do PP soben as peaxes e grazas ao BNG baixan. E agora que hai máis anuncios de máis rebaixas, vostedes, en lugar de apoialos, —é curioso— trouxéronnos aquí unha proposición non de lei para que apoiásemos —e apoiamos— unha petición de rebaixa de bonificacións na AP-53 igual que a AP-9, porque vostedes acabaron recoñecendo que as bonificacións da AP-9 eran boas e pedían o mesmo para a AP-53 —estamos de acordo, ¿non?—, e agora critican as rebaixas tamén na AP-53.

É que a vostedes non hai quen os entenda. Vostedes están na oposición, é dicir, non a todo, e, incluso, a estas medidas que son beneficiosas para a inmensa maioría das galegas e galegos, para, polo menos, esas 240.000 persoas que usan a diario a AP-9.

E estas rebaixas son boas, son moi boas, son positivas, todo o mundo o recoñece. Vostedes tamén o recoñeceron no seu momento, aínda que agora intentan deslucidas.

Mais nin as rebaixas nin a transferencia serán suficientes. No BNG, desde logo, non nos conformamos con estes acordos, que esperemos que vaian a bo porto desta vez, que non teñan novos atrancos. (*Murmurios.*) Si, xa dixeran que pasou nas anteriores veces, dúas veces



vetouno o polo Partido Popular, dúas veces, é o seu grande logro, e outra vez vetouno o Partido Socialista; aínda están desempatados, non vaia ser que queiran empatar agora, pero vostedes aínda van gañando, que a vetaron dúas veces, ben, nunha terceira, porque despois noutra tramitación por unha iniciativa da Marea volveron vetalo outra vez e acabou decaendo tamén esa proposta; xa levan tres, así que... (*Murmurios.*) Ben, vostede rise, vostede rise, estase rindo dos galegos e das galegas, porque vostedes foron os que vetaron esa transferencia. (*Aplausos.*) Vostedes rinse, no Parlamento galego, na cara das galegas; despois de vetar, aínda se rin. Moi ben, todo un exemplo, todo un exemplo.

Dicía que no BNG, desde logo, parécenos importante conseguir as rebaixas, parécenos importante conseguir a transferencia, pero non nos conformamos. Queremos máis, queremos unha AP-9 galega e libre de peaxes, libre de peaxes.

Porque, ademais, aínda que o Goberno central do Partido Socialista avalou esa decisión, hai un procedemento de investigación da Unión Europea, da Comisión Europea, que di que pode haber unha decisión irregular, ilegal, nesa prórroga de 25 anos, que non cumpriu os requisitos da Directiva de servizos da Unión Europea e, polo tanto, que é anulable. E por iso o BNG presentou unha emenda, que foi aceptada, para que, no caso de que se decretase esa nulidade, se faga cargo dos seus custos, loxicamente, quen aprobou esa medida: o Goberno central.

Polo tanto, a transferencia é un primeiro paso. O seguinte entendemos que debe ser a anulación da prórroga e o rescate da concesión. Por certo, recórdolles tamén que aprobamos aquí no seu día que o Goberno galego fixese un estudo do custo do rescate da concesión, que vostedes non fixeron.

Pois ben, o BNG non vai dar ningún paso atrás, non vai parar ata conseguir este obxectivo dunha AP-9 galega e libre de peaxes. No Congreso, co noso representante, o noso deputado Néstor Rego, conseguimos avanzar nesta dirección, e desde a Presidencia do Goberno da Xunta imos culminar esta tarefa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Rolda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, permítanme dedicar o primeiro minuto a agradecer, en nome do Grupo Popular, do grupo maioritario desta cámara, o traballo construtivo, prudente e valioso tanto da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez; do seu equipo, de xeito moi especial, o seu gabinete; e tamén dos servizos da Cámara, en particular os Servizos Xurídicos, e moi en concreto a letrada López Gómez; co seu apoio, co seu asesoramento e cos seus consellos técnicos, sempre enriquecen a difícil tarefa que temos os deputados á hora de legislar.



E creo que falo en nome de todas as deputadas e deputados desta cámara se dedico unhas sentidas palabras de recoñecemento e de gratitude polo seu traballo tamén a todo o persoal administrativo e de apoio deste parlamento, de todos aqueles profesionais que fan deste parlamento a Casa da que todos nos sentimos orgullosos. (*Aplausos.*)

Entrando xa no tema que nos ocupa, o primeiro que quero facer é pedir perdón, perdón polo lamentable espectáculo que acaban de presenciar, señorías, convertendo un debate, no que sostemos que hai puntos en común, empezando por coincidir no positivo que sería que en Galicia, e desde Galicia, puidésemos tomar decisións sobre a AP-9, e observar como acabaron por convertelo nun triste espectáculo de reproches de partidos.

Esta é a cuarta ocasión, catro veces en que a través dunha proposición de lei para remitir ao Congreso solicitamos a transferencia a Galicia da titularidade e competencias sobre a AP-9. E podo entender que esta circunstancia leve a quedarnos ancorados no pasado —como lles pasou aos voceiros— e sirva para arrojar reproches entre os partidos.

Nós tamén poderíamos facelo, motivos hai para facelo. Tanto o Bloque como o Partido Socialista deron razóns dabondo para que hoxe os puxeramos a vostedes colorados. Pero non vou facelo, non quero facelo, fíxese ben, non quero facelo, e nesta ocasión prefiro e o Grupo Popular prefire falar do que nos une, en vez de centrarme no que nos separa.

Quero falar de futuro. Parece que vostedes o futuro non o teñen moi claro, o grupo maioritario desta cámara si, por iso imos falar de futuro. Quero falar do importante paso que estamos a dar hoxe e do positivo que ten que as tres forzas políticas galegas con representación nesta cámara poidan concordar en que acadar a transferencia da titularidade e competencias sobre a AP-9 pode ser bo para Galicia e, polo tanto, constitúe unha reivindicación de país.

E, como quero centrarme no futuro, e non no pasado, fago un chamamento expreso, solemne, ao conxunto de deputadas e deputados desta cámara para que voten a favor desta lei, para que digamos ben alto, a través dun acordo unánime deste parlamento, que quereamos unha AP-9 galega —repito: unha AP-9 galega— e unha AP-9 libre de cargas, que son en esencia —como intentarei explicar— os fundamentos desta nova lei.

Queremos unha AP-9 galega, porque en esencia xa o é. O seu trazado transcorre integramente polo territorio da nosa comunidade e vertebra toda a fachada atlántica, conectando cinco das sete grandes cidades da nosa comunidade: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo; e, sobre este espazo, aséntase o sesenta por cento da poboación galega. Nunca foi unha autoestrada calquera e queremos poder decidir desde Galicia.

¿En que se traduce que sexa a Xunta quen teña a titularidade sobre a autopista e sobre o réxime xurídico da concesión? Nós pensamos que se traduce nunha xestión desta autoestrada máis xusta para Galicia, máis sensible cos intereses das galegas e dos galegos; que poidamos decidir que obras son prioritarias e cales non; que poidamos decidir o mellor sistema de bonificacións, e non as bonificacións vixentes, que son insuficientes; ou, por exemplo, que as peaxes non suban, como Sánchez fixo todos estes anos, a diferenza do que acontece coas autoestradas da Xunta, das que o Goberno de Rueda decidiu conxelar por segundo ano esas



peaxes. Ou, ¿por que non?, levantar peaxes, que vostedes parece que o de levantar peaxes non o teñen claro; vostedes faloron de bonificacións pero non faloron vostedes de levantar peaxes alí onde sexa posible. Ou exixir que o reasfalto sexan con asfaltos drenantes máis acaídos ás condicións climatolóxicas de Galicia.

En definitiva, unha AP-9 galega, e tamén unha AP-9 libre de cargas, ou, dito doutro xeito, que veña acompañada dos recursos necesarios para a súa correcta explotación. E unha das principais novidades desta lei en relación cos textos que a precederon é que a Administración do Estado dote a Comunidade Autónoma de Galicia dos medios económicos suficientes para ampliar as bonificacións e acometer as obras comprometidas, que aínda, señorías, ao día de hoxe están pendentes.

Aspiramos a unha AP-9 libre de peaxes, pero, mentres tanto, non podemos conformarnos con que, aínda aplicando as bonificacións vixentes, sexa unha das autoestradas, quizais a autoestrada máis cara de España.

Ao mellor outras forzas políticas, señora conselleira, están de acordo con isto, e parécelles normal; ao grupo maioritario desta cámara, ao Goberno de Galicia e ao Partido Popular, non. E por iso, se a Xunta ten poder de decisión, ampliará todas as bonificacións a usuarios recorrentes, aumentándoas en todas as categorías e vehículos, pesados inclusive. *(Aplausos.)* E isto tamén.

E o Estado tamén terá que achegar recursos para asumir calquera consecuencia económica derivada de decisións ou situacións que non sexan de responsabilidade da Comunidade Autónoma galega e que teñan consecuencias no contrato da concesión. Estou a referirme, por exemplo, á anulación por Europa das prórrogas, que pode acontecer, e non teñen por que pagar as consecuencias os galegos e as galegas. Incluso aquí, para deixar este aspecto totalmente claro, aprobamos unha emenda do Bloque Nacionalista Galego, formulada, construtivamente, para introducir esta referencia expresa a través dunha disposición adicional. E introducimos estes aspectos sobre o réxime xurídico e sobre o réxime económico no novo articulado para evitar tentacións como as que tivo o Partido Socialista no Congreso dos Deputados. A través das súas emendas, o Partido Socialista pretendeu rebaixar estas demandas. En Galicia non imos permitir, señorías do Partido Socialista e señorías do Bloque Nacionalista Galego, que ninguén trate de recortar a lei que saia desta cámara.

Polo tanto, o Partido Popular está en disposición de avanzar e de garantir, e gustaríame que os portavoces tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego asumiran este mesmo compromiso que vai asumir o Partido Popular cando interveñan vostedes. Repito: o Partido Popular está en disposición de avanzar e de garantir que votará a favor da transferencia da AP-9 a Galicia. Votarémola a favor hoxe, nesta cámara, e votarémola a favor no futuro cando se debata no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)* Gustaríame que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, para a tranquilidade dos galegos e das galegas, asumiran esta mesma responsabilidade no turno que lles queda na tribuna do Parlamento.

A pregunta é sinxela: ¿poden socialistas e nacionalistas asumir este mesmo compromiso? ¿Desta vez, en consecuencia, conseguiremos esa transferencia? A pelota está no seu tellado.



Pero teño que dicir que non confiamos nada, señorías, nada, na palabra da señora Pontón e nada na palabra do señor Sánchez. Ou, polo menos, se non queren que non confiemos, temos moitas dúbidas. Porque a transferencia da AP-9 a Galicia xa foi un dos compromisos do anterior pacto de investidura entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. O partido da señora Pontón incluso dixo que era a súa promesa estrela —era tan estrela que se estrelou—, e catro anos despois a transferencia desa promesa estrela da AP-9 non se conseguiu, senón que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego deixárona morrer no Congreso, e este incumprimento non tivo ningunha consecuencia, coma case ningunha cousa. É dicir, que o Partido Socialista lle falla a Galicia, non ten consecuencias para o Bloque Nacionalista Galego da señora Pontón e despois soben á tribuna dar clases e dicirnos o que temos que facer.

Ata tal punto que volveron regalar, neste caso o Bloque Nacionalista Galego, os votos a Sánchez e nesta ocasión, señora conselleira, regaláronos a cambio de nada, porque a mención sobre a transferencia da AP-9 desapareceu dese acordo de investidura, prevendo un novo incumprimento. O acordo valíalles o anterior, que está todo sen cumprir. Este é un acordo máis recortado, máis pequeno, porque isto desapareceu. E tampouco é de moita confianza que na última reunión da conselleira de Infraestruturas do Goberno galego co secretario de Estado de Transportes, co señor Lucas, do Partido Socialista, dixera que o Estado non transferirá a AP-9 a Galicia.

Están vostedes a tempo de rectificar, están vostedes a tempo de votar a favor desta lei aquí neste parlamento e tamén nas Cortes Xerais, que espero que asuman ese compromiso na tribuna do Parlamento. É tan sinxelo como dicir, alto e claro, que queremos unha AP-9 galega, e, se iso é así, pois voten vostedes a favor, porque, señorías do Bloque e señorías do Partido Socialista, querer é poder.

Señorías, termino. Queda claro que a transferencia da AP-9 é hoxe a gran materia pendente do Goberno de España con Galicia. O PP fará todo o posible, todo o que estea nas nosas mans, por que esta transferencia se materialice. Queremos a transferencia da titularidade, o traspaso dos servizos e todos os medios materiais, humanos e orzamentarios necesarios. A gran pregunta é: ¿que fará o Partido Socialista e que fará o Bloque Nacionalista Galego en Madrid? ¿Desta vez poranse vostedes a favor de Galicia ou seguirán encartándose noutros intereses? Queremos unha AP-9 galega e no futuro inmediato tamén queremos que o Goberno do Partido Socialista non volva subir as peaxes, aínda que isto será obxecto doutra iniciativa e dun debate específico.

E, señorías, podemos ata comprarlles o seu discurso de que o Partido Popular estivo mal, pero vostedes, o Partido Socialista, levan cinco ou seis anos no Goberno e vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, levan cinco-seis anos apoiando o Partido Socialista, e despois de cinco ou seis anos a AP-9 con bonificacións, sen bonificacións, é unha estrada que é a máis cara de España. Se estaba tan mal nestes cinco ou seis anos, ¿por que vostedes non cambiaron? Esa é outra pregunta tamén que non estaría mal que nos contestaran. Iso si, non me estraña que non cambiaran, porque, despois da credibilidade, señora conselleira, que ten o Partido Socialista, hoxe vai o delegado do Goberno, vai o candidato do Partido Socialista á A-6, que ten tela.



Este parlamento acordou por unanimidade facer os viadutos simultaneamente. Hoxe din que en decembro van abrir un. ¡Ah!, pero non, espere, que hai para todos, non se preocupe vostede. Pero a primeira nota que manda o Partido Socialista ¿sabe o que di, señora conselleira? Que van abrir o 31 de decembro os dous viadutos. ¡Tela! E a segunda nota, que tiveron que rectificala á hora ou ás dúas horas, di, que a manda tamén o Partido Socialista, que van abrir o de dirección Madrid. Esa é a credibilidade que ten o Partido Socialista en infraestruturas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Claro, señor Balseiro, o señor Besteiro foi hoxe aos viadutos da A-6 e anunciou que estarían abertos o 30 de decembro. ¿Por que non van vostedes a Folgoso do Courel e anuncian cando estarán restituídos eses douscentos metros que caeron da LU-651 no Folgoso do Courel? (*Aplausos.*) ¿Por que non vai? Non pode ir, señora conselleira, porque dende que caeron, aló por marzo do ano 2022, ¿que fixeron vostedes? E se vemos os orzamentos que presentaron vostedes e que acaban de aprobar agora nesta cámara, vemos que iso non vai ser unha realidade como mínimo ata o ano 2025-2026, porque hai consignación plurianual.

Claro, é que nós, os socialistas, cando imos ao territorio e cando imos co noso candidato, o futuro presidente da Xunta de Galicia, por moito que lle proa ao señor Besteiro, imos anunciar realidades, señorías do Partido Popular. (*Aplausos.*) Non poden facer vostedes o mesmo nin sequera en Folgoso do Courel, que a infraestrutura e a obra non é nada en comparación co que é a infraestrutura dos viadutos da A-6.

E mire, dicía o señor Balseiro que el ía mirar cara ao futuro, que non ía facer reproches; iso duroulle, señor Balseiro, dous minutos. A verdade é que vostede quere mirar cara ao futuro porque a verdade é que a realidade dos feitos, se miran vostedes cara a atrás, é para poñerse bastante colorado o Partido Popular co tema da transferencia da AP-9.

Co tema da transferencia da AP-9 e co tema das bonificacións nas peaxes da AP-9, porque vostedes votaron en contra de que hoxe os galegos e as galegas desfruten desas bonificacións históricas nesas peaxes da AP-9. E imaxino que volverán votar en contra de que esas bonificacións aínda se amplíen ao 75 por cento na AP-9 e tamén na AP-53.

E non se preocupe, señor Balseiro, porque dicía vostede que nós, os socialistas, temos problemas á hora de liberar peaxes. Pois tamén o noso candidato xa ten dito que liberará esas peaxes nas autovías de competencia galega. (*Aplausos.*) Claro, por certo, algunha aínda ten que rematarse, porque a Xunta de Galicia non foi quen de rematalas en todos estes anos.

Polo tanto, nós hoxe ao que nos volvemos comprometer nesta tribuna, señor Balseiro, é a defender esa titularidade, esa transferencia para Galicia da AP-9, pero dende logo a seguir



a traballar neses importantísimos descontos que están a beneficiar tantos galegos e galegas.

E o que queremos é camiñar cara á gratuidade, chámelle como queira, levantar peaxes ou camiñar cara á gratuidade, que vén sendo o mesmo, señor Balseiro. E facemos todo isto sen tanto fogo de artifício, como estamos acostumados por parte do Partido Popular. E, por certo, que non lles pareza mal, pero xa estamos moi pretoño de poder conseguir esa gratuidade nesas peaxes, e despois xa no ano 2024 nos acercamos ata o 75 por cento desas bonificacións.

E repito: ¿como nos poden pedir aos socialistas que pidamos que o Goberno central aplique na AP-9 as mesmas bonificacións que aplica o Goberno da Xunta de Galicia na AG-55 e na AG-57? Mire, en termos comparativos só imos dicir que o Goberno central vai investir en bonificacións na AP-9 e na AP-53 arredor de 83-85 millóns de euros; a Xunta de Galicia, 5,5 creo que nas infraestruturas de competencia galega.

Claro, pero repítolle que as bonificacións que fai a Xunta de Galicia nas de titularidade autonómica non chegan a todos os usuarios e as usuarias, porque ese cen por cento de bonificación, de desconto no traxecto de volta só llelo aplican ás familias numerosas; en cambio, o Goberno socialista aplica ese cen por cento a todas as familias e todos os días do ano, que, por certo, a Xunta de Galicia nin sequera os domingos e os festivos. E despois, claro, teñen unha bonificación para os usuarios recorrentes do 25 por cento; nós imos ter unha do 75 por cento e o que pretende o Partido Popular é que rebaixamos do 75 por cento ao 25 por cento. Polo tanto, un pouquiño de cordura e, dende logo, non enganar os galegos e as galegas.

Miren, só por dar un dato, na AP-53 coas bonificacións que vai instalar proximamente o Goberno central un usuario pasará de pagar 267 euros a 67 ao mes coas bonificacións do Goberno central. ¿Pode dicirme, señor Balseiro, cales son esas reducións nas de competencia autonómica? Polo tanto, repito: transferencia da titularidade, si, pero, dende logo, o que queremos os socialistas é camiñar cara a esa gratuidade nesas infraestruturas.

Vostedes estaban sempre a pedir tamén que ampliáramos esas bonificacións, que puxemos en marcha os socialistas —non me cansarei de repetir— aló polo verán do ano 2021. Por certo, o Goberno presidido por Pedro Sánchez aproba esas bonificacións para a AP-9 e vai rapidamente a Xunta de Galicia aplicar unhas bonificacións na AG-55 e na AG-57, señora conselleira, que non lle chegan á altura nin á metade do que está a poñer o Goberno central.

Polo tanto, dende logo que a Galicia lle vai mellor cando gobernan os socialistas en Madrid, vaille moitísimo mellor cando esteamos tamén os socialistas gobernando en Galicia, porque, ademais, nós sabemos falar; vostedes ultimamente non saben falar, só saben buscar confrontacións con outras administracións, xa non só co Goberno central, tamén cos concellos que non son da súa mesma cor política, tamén coas deputacións que non son da súa mesma cor política.

E estamos a ver como outras administracións autonómicas que son quen de dialogar e de falar co Goberno central pois si que conseguen as cousiñas. Estabamos a velo o outro día coa



ordenación e xestión do litoral, vémolos tamén coas transferencias de titularidade de estradas, pero, claro, a Xunta de Galicia iso de negociar e de falar a verdade é que non o levan nada ben e o único que buscan é unha confrontación.

E, ademais, é moi chamativo que sempre no último período de sesións, sempre cando se van acercar unhas eleccións. Viámolo no verán cando se aproximaban as eleccións xerais e agora que se aproximan as eleccións autonómicas: a Xunta de Galicia sempre ten que buscar un tema para confrontar; con este tema imos seguir ir confrontando co Goberno central.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Nós estivemos sempre aquí apoiando esa transferencia da titularidade da AP-9 para Galicia, outros non poden dicir o mesmo, señor Balseiro. Polo tanto, non me estraña que vostede non quixera mirar para atrás; nós podemos mirar para atrás todo o que queiran, porque en ningún momento modificamos o posicionamento e dende logo nós polo que seguiremos a traballar é cara a esa gratuidade nesas infraestruturas.

Por favor, aprendan algo nestes meses ou neste pouquiño tempo que lle queda xa de desconto á Xunta de Galicia e aprendan do que está a facer o Goberno presidido por Pedro Sánchez nesas negociacións que está a seguir tamén o noso candidato e futuro do presidente da Xunta, o señor Besteiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Balseiro, cando veu aquí vostede dicir que quería pedir perdón, nós pensamos que ía pedir perdón por o Partido Popular vetar ata en tres veces a transferencia da AP-9, pero non pediu perdón por iso; debería facelo, debería facelo. *(Aplausos.)*

Ou pensabamos que ía pedir perdón o Partido Popular porque en catorce anos de goberno foron incapaces de conseguir ningunha transferencia do Goberno central, a pesar de que se estrearon no Goberno do 2009 coa petición de dezasete transferencias, incluíndo a AP-9 e a ordenación do litoral, por certo, e vostedes foron incapaces de conseguir ningunha transferencia.

Pero, claro, tamén é certo que ¿como van conseguir transferencias do Estado se son incapaces mesmo de desenvolver as competencias previstas no Estatuto?, porque vostedes nin ferrocarril nin xestión de produción e distribución de enerxía eléctrica, que se pode facer —competencia galega segundo o Estatuto—, nin tampouco creación dunha banca pública, nin tampouco o Fondo Cultural Galego nin tampouco a creación dunha Policía Autonómica. Demostraron a súa incapacidade absoluta para desenvolver o autogoberno.

Polo tanto, vostedes non son de fiar. En materia de transferencias, en materia de competencias, vostedes non teñen credibilidade ningunha; non lles gusta que llelo diga, pero é a realidade, é o que di a historia.



E miren, ¿que pasou a última vez que se tramitou esta transferencia? Dígoo como aviso a navegantes, polo que poida volver pasar, e por iso digo que se teñen que cumprir outras condicións, á parte da tramitación no Congreso. Cando se aprobou —recordo que foi o 2 de febreiro de 2021— ¿sabe o que se acordou a continuación? A tramitación polo procedemento de urxencia, cun período —téño aquí— de oito días hábiles para presentar emendas; é dicir, estabamos no mes de febreiro do ano 2021. ¿E que pasou? O BNG dirixiuse aos demais grupos para propoñerlles unha cousa moi sinxela: aprobemos o texto tal como saíu do Parlamento galego. ¿E que fixeron vostedes e que fixo o Partido Socialista? Poñer paus nas rodas. Por iso dicimos que vostedes non son de fiar. Vostedes pediron ata dezasete prórrogas, ata o mes de xuño —o Partido Socialista neste caso— do ano 2021.

¿E que fixo o BNG no mes de xuño do ano 2021? De novo convocamos todos os grupos para pedirllles que renunciase ás prórrogas e que se impulsase a aprobación da transferencia. E vostedes deixaron que quedase dous anos no dique seco, sen dar un paso adiante. E en xuño do 2023, vendo que a cousa perigaba, trouxemos aquí un acordo, que saíu aprobado por unanimidade, no que pediamos que todos os grupos apoiasen o texto tal como foi aprobado polo Parlamento galego. E o BNG de novo cumpriu ese acordo, e vostedes incumprírono, e deixaron que decaese esa proposición de lei.

Entón, sobre unha proposición de transferencia que podía estar aprobada no ano 2016 estamos agora no ano 2023, case no 2024, intentando tramitala de novo. E iso ten unhas responsabilidades; a vostedes non lles gusta que llelo digamos, pero é así, teñen unhas responsabilidades e deberían pedir perdón por iso.

E di vostede: queremos unha AP-9 galega e libre de cargas. O matiz ten a súa relevancia. Libre de cargas, non libre de peaxes, non libre de peaxes. O BNG quere unha AP-9 galega e libre de peaxes, non só de cargas, tamén libre de peaxes, porque é de xustiza. Primeiro, porque todas as infraestruturas, as autoestradas da mesma época da AP-9 —todas as que teñen cumpriron corenta anos de vixencia—, foron rescatadas e son gratuítas. Por exemplo, a AP-7, que percorre todo o Mediterráneo, dende Alacant a Tarragona, case á fronteira francesa; ou a de Burgos-Zaragoza, e outras máis, como Cádiz-Sevilla. Todas esas son da mesma época da AP-9 e son gratuítas. Pois é de xustiza tamén que a AP-9 sexa gratuíta.

Pero, ademais, libre de peaxes, porque vostedes cometeron unha irregularidade —nós dicimos unha ilegalidade— cando concederon unha prórroga de vinte e cinco anos sen respectar a normativa europea. E esa prórroga vai ser anulada e vai ter que rescatarse a concesión; se non, ao tempo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Remato, señor presidente.

A cidadanía ten que ter unha cousa ben clara, porque a historia dános a razón: o BNG votou, vai votar, votará sempre o mesmo aquí e en Madrid; tanto vostedes como o Partido Socialista non poden dicir o mesmo. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señor Bará, e señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, o de perdón vostede non o entendeu; os que tiñan que pedir perdón aos galegos e ás galegas son vostedes, porque tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego os enganaron; enganáronos no ano 2020 cando firmaron un pacto —por iso apoiaron a Pedro Sánchez— a cambio de transferir a AP-9 a Galicia; catro anos despois, firman outro pacto e iso desaparece do que firman actualmente. Polo cal vostedes, Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista, son os que teñen que pedir perdón.

Pero é que, ademais, vostedes —por iso eu falei de que vostedes están ancorados no pasado— ¿de que bonificacións do 75 por cento nos queren falar vostedes, se a partida que teñen para as actuais bonificacións non a esgotaron vostedes?; a que teñen agora non a esgotaron, e ¿estanos dicindo que van ampliar esas bonificacións sen esgotar esta partida?

¡Oia!, mire, señora Otero, sobre o negociador que nomeou vostede aquí na tribuna do Parlamento, voulle dicir cal foi a única xestión que fixo o negociador. Non foi ampliar esas bonificacións, porque xa lle digo que a partida que hai actualmente non a teñen esgotada, ¡como para ampliar as bonificacións! Pero ¿vostedes a quen pretenden enganar? Agora, o negociador si que fixo unha negociación boa, que foi que iso da transferencia da AP-9 a Galicia —e cando me refiro ao negociador estoume a referir ao candidato do Partido Socialista— desaparecera do pacto de investidura de Sánchez e a señora Pontón. Esa si que é a negociación que fixo o Partido Socialista (*Aplausos.*) e esa é a negociación que fixo o Bloque Nacionalista Galego.

Pero é que, ademais, ese negociador á provincia de Lugo sobre todo enganouna por dobre, porque nese pacto había dúas medidas estrelas no ano 2020: unha era a transferencia da AP-9 a Galicia e a outra era un estatuto electointensivo para as empresas grandes consumidoras de enerxía. Hai pouco tempo anunciíilles o que ía pasar con Alcoa, hoxe é a realidade, polo cal ese negociador, o candidato do Partido Socialista, nesa negociación tamén vendeu os traballadores e traballadoras de Alcoa, igual que os vendeu o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

E a terceira negociación que puido facer o candidato do Partido Socialista, o negociador, voulle dicir eu cal é. Efectivamente, negociou que lle enviáramos a Cataluña 16.000 millóns de euros, 400 euros a cada galego e galega que temos que pagar dunha mala negociación que fixo Cataluña, e roubánnolo a todos os galegos. Pero ¿sabe que puido negociar? O Partido Socialista, con Sánchez á cabeza, en Cataluña levantou peaxes, nas autopistas de Cataluña levantou peaxes. Se quixera o negociador e o candidato do Partido Socialista facer unha boa negociación, que levarían as peaxes da AP-9, ¡home! Esa si que sería unha boa negociación para os galegos e para as galegas. (*Aplausos.*)

E, señora Otero, ten que ir vostede un pouco máis polo Courel, e dígollo eu, que hai poucos días que estiven alí, porque vou con frecuencia, gústame aquela zona, gústanme as



castañas ademais, agora que estamos no tempo delas, e vou polo Courel. Mire, no Courel en menos de dous meses restableceuse o tráfico. Vostedes levan cos viadutos dezaioito meses, e cun socavón na Mariña de Lugo levan un ano sen restablecer o tráfico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero ¡que leccións nos queren dar a nosoutros! (*Aplausos.*)

Ademais, vostedes son tan imprudentes que hoxe vai o candidato do Partido Socialista, non sei en nome de quen, porque aínda se fora o delegado do Goberno, pero o negociador, o candidato do Partido Socialista, vai a Pedrafita e pónenlle data á apertura do viaduto. E hai que ser tan imprudente, cando as probas de carga están aínda sen facer, e coas probas de carga que fan vostedes (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) hai que abrigarse, porque recórdolle a vostede que vostedes gastaron 26 millóns de euros nese viaduto, 26 millóns de euros, e, cando lle ían facer as probas de carga, o viaduto caeu, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o viaduto caeu. Construíríao unha empresa, que saiba eu, (*Risos.*) construíríao unha empresa, que saiba eu. ¿Que queren? ¿Botarlle vostedes a culpa á empresa despois de 25 anos pasando por alí o tráfico? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero ¡home!, iso é de *parvulitos*, de *parvulitos*, ¡home!, pero é que iso é de *parvulitos*. (*Aplausos.*) Se vostedes non teñen outro argumento, ¿como van vostedes gobernar Galicia con eses argumentos peregrinos? ¿Como o negociador pode dicir que vai gobernar Galicia andando...? ¿Sabe de que anda o negociador? Anda de pregoeiro, (*Risos.*) de pregoeiro. A cada sitio que vai dá un pregón, a cada sitio que vai dá un pregón. Todo o que desamañaron vostedes e non amañaron.

Pero ¿como se pode ir á A-6? Señora conselleira, o outro día tiven ocasión de pasar pola A-6, os conos que tiñan, teñen un carril, o carril dirección Madrid, o carril da dereita téñeno inutilizado. Os conos que tiñan ¿saben como os puxeron agora? Creo que xa non os van amañar, porque agora puxéronos fixos. Andaron furando e están fixos, ¡fixos!, ¡fixos! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Co cal, se vostedes puxeron os conos fixos, será porque non teñen intención xa de amañalo.

Pero ¿como se pode ir á A-6, que aquilo parece unha congostra? ¿Sabe o que é unha congostra, señora Otero? (*Risos.*) Unha congostra é onde había moita lama, moita lama; os que somos do rural sabemos o que é unha congostra, porque pisamos lama, e a A-6 ¿sabe como a teñen vostedes?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Exactamente igual que unha congostra, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Descanse, non, que descanse.



Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Antes de máis, quería saudar a Pilar e Alejandro, que son membros de Galiza Nova e que están na tribuna de persoas convidadas acompañándonos hoxe neste debate, que ademais é veciña, Pilar, da Mariña, neste debate que traemos hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego arredor desta proposta de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza, co obxectivo de mellorar a calidade democrática do noso país e ampliar dereitos.

Desde o BNG propomos hoxe modificar unha lei, señorías, que ten case corenta anos; foi aprobada orixinalmente en 1985, manténdose ao longo de todo este tempo sen apenas mudanzas significativas. Unha lei que durante estes anos amosou eivas que xustifican esta reforma coa que formulamos dúas grandes mudanzas.

Podíamos falar da barreira electoral ou da circunscrición provincial como mecanismo electoral, pero quixemos centrar esta proposta de reforma desde o BNG en dúas cuestións fundamentais: a primeira, ampliar o dereito a voto aos 16 anos, e, en segundo lugar, garantir un maior pluralismo político durante o proceso electoral.

A respecto do dereito a voto das persoas maiores de 16 anos, defendemos o sufraxio activo a partir desta idade, para facilitar e fomentar a participación da mocidade no sistema político e electoral, mantendo os 18 como idade mínima para poder ser elixida, para poder integrar unha lista electoral.

Lía estes días un artigo, preparando un pouco a intervención, no que se dicía respecto do dereito a voto a partir dos 16 anos o seguinte: «¿Están preparadas sus mentes para esa decisión? Pues algunas más que otras, pero la neurociencia habla de un cerebro inmaduro, demasiado emocional, en el que calan con facilidad los mensajes extremos y negativos». E a min, irremediabilmente, lendo aquel artigo, non puido senón vírseme á cabeza os argumentos que se usaban hai moitos anos no Congreso dos Deputados e das Deputadas no Estado español para negar o dereito das mulleres nos anos trinta do século pasado: *demasiado inmaduras, influenciabiles, poco razonables —no son niños*, señora Amigo, e agora imos explicar por que—, *demasiado inmaduras, niñas, influenciabiles, poco razonables, sentimentales y cooptadas por sus maridos y la Iglesia*. Poden ler o *Diario de Sesións* na páxina web do Congreso, onde ademais se defendía naquel debate, por certo, que en todo caso as mulleres puidésemos votar a partir dos 45 anos —todo antes chamábanlle «idade crítica»—, nun Estado español no que naquela altura a esperanza de vida das persoas que vivían alí era de 54 anos.



Este, señorías, non é un debate sobre madurez ou inmadurez, que a ningunha de nós ao cumprir os 18 anos se nos exige garantir. Non chega, por certo, envolta a madurez en papel de regalo cando cumpres 18 anos. Este é un debate sobre dereitos fundamentais, sobre o dereito de participación política da mocidade, nun marco xurídico, nun marco normativo como o actual no Estado español e en Galiza, no que as persoas de 16 anos, ás que por aquí se lles considera nenas, hoxe en día xa teñen recoñecido o consentimento activo noutros ámbitos do dereito, nada, nada pouco menores, nas que non se lles considera nin suficientemente inmaturas ou suficientemente emocionais.

Hoxe no Estado español e en Galiza, señorías, con 16 anos podes traballar e votar, por certo, nas eleccións sindicais os teus representantes, podes casar se estás emancipada, podes conducir unha moto de 125 cc, podes decidir sobre a túa saúde. Antes falábase, non son nenas. Ti podes decidir con 16 anos sobre a túa saúde porque tes recoñecida a maioría de idade sanitaria aos 16 anos. Es responsable penalmente dos teus actos, aínda que sexas xulgado por un tribunal ou un xuíz de menores. Con 16 anos podes mesmo ter licenza de armas para ir cazar, non es unha nena. Hoxe en Galiza, con 16 anos, podes ir cunha escopeta ao medio do monte matar xabarís. Pero non podes meter unha papeleta nunha urna.

Desde o BNG queremos con esta proposición de lei recoñecer o dereito da mocidade maior de 16 anos a participar activamente nas decisións políticas, a comezar pola elección das persoas que teñen, que temos, a honra de representalos nesta Cámara, no Parlamento de Galiza. Unha maioría de idade para votar aos 16 anos, que é un debate recorrente aquí en Galiza, no Estado español, en Estados da Unión Europea, e que xa é unha realidade en países da nosa contorna. Ti hoxe con 16 anos podes votar en Austria, podes botar en Malta, podes con algunhas diferenzas votar en Escocia, en catro dos dezaseis estados federais ou *länder* da República Alema, ou noutros países con algúns matices —insisto— como Grecia.

Un recoñecemento do dereito a voto a partir dos 16 anos que ten por obxectivo tamén combater a abstención e o fastío que é cada vez maior cara ao sistema político e electoral aquí no noso país e, especialmente, entre as franxas de idade máis novas. Hai unha desafección crecente coa política, especialmente entre a xente nova. E moita desa desafección parte de sentir que as institucións nas que se decide todos os días sobre a súa vida lles son alleas.

Esta semana, por non ir moito máis lonxe, falouse moito de prohibir, por exemplo, a través dunha modificación legal o consumo de bebidas enerxéticas a menores de 18 anos; falouse moito ao longo destas semanas, por exemplo, de prohibir o uso do teléfono móbil non só na aula, que aquí en Galiza xa non se podía, senón tamén nos recreos. Non valoramos se son mellores ou peores as medidas, senón que aquí todos os días tomamos decisións que lles afectan ás persoas menores de idade, e moi especialmente ás persoas entre 16 e 18 anos, que —insisto— noutros Estados membros da Unión Europea xa teñen recoñecido ese dereito a votar.

Pero con esta proposición de lei de reforma, que se compón dunha serie de modificacións, queremos tamén desde o BNG non só recoñecer ese dereito a voto a partir dos 16 anos, senón que buscamos un segundo obxectivo, que é adaptar a Lei electoral galega —aquilo no que temos capacidade lexislativa— aos tempos e, sobre todo, a garantir un maior respecto polo



pluralismo político que existe no país, fundamentalmente a través dos medios de comunicación públicos de Galiza.

Como saben, actualmente, a Lei electoral —insisto— de 1985 só regula os espazos gratuítos de propaganda electoral en función da representatividade que cada forza ou candidatura obtivera nas eleccións anteriores. Pero ao longo de case catro décadas, —insisto— ao longo de case corenta anos, a comunicación mudou moito, de maneira vertixinosa nos últimos anos, e os procesos electorais non son alleos tampouco a esas mudanzas.

Os medios de comunicación públicos, como servizo público que son, teñen a obriga de reflectir sempre —todos os días do ano pero aínda máis en período electoral— o pluralismo político e a diversidade de opinións que existe na sociedade galega. Para que sexa a xente deste país, as galegas e os galegos, quen de maneira libre e autónoma conforme unha opinión propia sobre as cousas, non teledirixida.

Pero o que vemos nos últimos anos na CRTVG non é iso, vemos unha radio e unha televisión públicas convertidas cada vez de maneira máis obscena no terminal de propaganda do Partido Popular, nun instrumento partidista ao servizo do PP. E nas últimas semanas xa de maneira descarada, con grellas nos telexornais nos que o Partido Popular nas súas múltiples formas está omnipresente; mentres o resto das opinións e das opcións políticas, se teñen a sorte de aparecer, quedan reducidas á mínima expresión.

Chegaron a tal grao de frivolidade, a tal grao de manipulación de uso propagandista e partidista dos medios públicos deste país que ¿saben a quen entrevistaron o día antes, a véspera da Asemblea Nacional do Bloque? ¡Ao secretario xeral do Partido Popular! A min nunca me chamaron nin a ningún membro do Bloque Nacionalista Galego para opinar das campañas múltiples que ten o Partido Popular; supoño que se esquecerían. Chegamos ao grao de desperpento de que para falar dos actos ou das decisións internas que toman forzas políticas non se chama a esa forza política, senón que se chama ao Partido Popular para que opine. E agora ¡desatados!

Os actos de campaña do PP preséntanse como se fosen parte da axenda do presidente da Xunta, nunha confusión orquestrada entre partido e goberno máis propio de réximes doutra latITUDE pero non de democracias avanzadas como a nosa. Entrevistas en horario de máxima audiencia única e exclusivamente ao candidato e presidente do Partido Popular, sendo imposible que nese horario poida ter cabida unha entrevista —xa non digo outra persoa doutro partido político— de ningunha institución deste país, a ningún. Poden revisar a grella de todos os servizos informativos e telexornais, non dos últimos anos nin catro anos nin catorce anos, non atoparán nin unha soa persoa que fora entrevistada antes da sección de Deportes. ¡Xamais! Afánense de verdade en buscar porque non o van atopar.

Deben ter uns datos de coñecemento e de simpatía polo candidato presidente do Partido Popular tan baixos que nos van meter a Rueda até na cea de Nadal para pedirnos o voto. Até nas uvas —dicía a miña compañeira Noa Presas—; non vai dar as badaladas. Até uvas buscarán a maneira de colarnos o candidato presidente. Porque estes días nos espazos informativos, nos que é protagonista como presidente, é protagonista como opinólogo, como



casamenteiro, como ciclista espontáneo nun programa de maiores e até o bailarín formaba a bailonga do Combo Dominicano. Eu recordaba uns libros —non sei se vostedes os leron— cando eu era pequena que se chamaban *Teo va de vacaciones*, *Teo está enfermo*, *Teo visita a sus abuelos*. Pois nós temos algo parecido pero en versión televisada: «Rueda anda en bici», «Rueda sae a correr», «Rueda pone unas cañas», «Rueda casa a un policía», «Rueda baila». Debe estar fastidiada a cousa. E calquera día vísteno de noiva e lévano á voda, vísteno de bebé e vai de protagonista ao bautizo, e calquera día vísteno tamén do que leva a caixa no enterro.

Pero denegar o pluralismo político por parte do Partido Popular cando goberna na Televisión de Galiza e na Radio Galega tampouco é novo. Sen remontarnos moito máis atrás, se collemos os procesos electorais deste ano, pois houbo eleccións municipais e eleccións xerais en 2023, mentres todas as televisións públicas —collan as que queiran, autonómicas, a vasca, a catalá, a Televisión de Madrid, Canal Sur; dá igual, cóllanas todas, collan as públicas e as privadas— organizaban debates electorais a dúas bandas, a tres, a catro —houbo debates a oito— nas públicas e nas privadas, en *prime time*, nos picos de máxima audiencia. Mentres iso facían todas as televisións públicas e privadas, na CRTVG emitíase un único debate *a las diez de la mañana*, *en día laborable*, a ver se conseguían que non o vira ninguén. E as cifras oficiais, as que dá CRTVG aí están. En 2023 viron o debate das eleccións xerais doce mil persoas, nunha poboación como a galega con 2,7 millóns de habitantes e case dous millóns con dereito a voto. En 2019 viron o debate da Televisión de Galicia trece mil persoas, e as entrevistas: unha, *que no hace daño*, e única e exclusivamente na Radio Galega.

Os debates electorais teñen cada vez unha relevancia maior e son un dereito das cidadás e dos cidadáns, non son unha prebenda dos partidos políticos. Por iso deben estar regulados por lei e deben ter un carácter obrigatorio. Un debate electoral non se fai para maior gloria de quen se presenta a unhas eleccións —que pode ou non aproveitar a oportunidade—, senón que resulta do dereito da cidadanía a coñecer as propostas que defenden cada unha das candidaturas. E nese contexto, os medios de comunicación públicos, que deben estar ao servizo das galegas e dos galegos, deben ser unha fiestra para coñecer as propostas, as alternativas e a confrontación de ideas e proxectos entre as distintas opcións políticas.

Por ese motivo, na lei que presentamos hoxe desde o BNG propoñemos incorporar ao ordenamento xurídico, á lexislación galega, a existencia, como mínimo, de dous debates electorais obrigatorios en horario de máxima audiencia durante a campaña e a inclusión de entrevistas ás persoas candidatas das distintas opcións políticas tamén en horario de máxima audiencia.

Trátase, en definitiva, dunha proposta de reforma do sistema electoral, que, aínda sendo limitada e pequena, permitiría adaptar a nosa lexislación á evolución dos tempos, ao pluralismo político que existe e que é cada vez maior na sociedade galega, e con iso mellorar a calidade democrática e a lexitimación social do modelo de representación institucional que temos actualmente.

O que queremos, en definitiva —e con isto remato—, desde o BNG é chegar o sistema político e electoral galego á xente máis nova deste país, co dereito a voto a partir dos 16 anos,



e ao conxunto da sociedade galega a través dos medios de comunicación social públicos, con debates e entrevistas que reflectan o pluralismo da sociedade, a diversidade das galegas e dos galegos, e non que sexan reprodutores de mensaxes de propaganda electoral, as máis das veces ao servizo do poder.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Rolda dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

É unha mágoa que o anterior interveniente do Partido Popular non estea neste momento no hemiciclo porque quería facerlle un recoñecemento explícito: dá máis tardes de gloria que Manolete.

Falou de conos atornillados —supoño que son máis ben cilindros que conos—, porque deses hai decenas de quilómetros na vía rápida Lugo-Monforte, atornillados na liña central da estrada. O que non sabía —e moito o celebro— é que é vostede un alfabetizador irredento e que o Partido Socialista Obreiro Español tiña unha unidade específica para a realización de probas de carga en viadutos. Porque cando cae un viaduto é cuestión da empresa que o fixo, porque algunha empresa o faría; supoño que si, claro, non ían ser os deputados do Partido Popular. Cando hai que facer unha proba de carga é o Partido Socialista o que a realiza. É rechamante.

Pero imos ao debate, que é o importante, porque debatemos hoxe a toma en consideración dunha reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia que presenta o Bloque Nacionalista Galego, a Lei 8/1985, do 13 de agosto. É unha lei que, datando do ano 1985, foi modificada sucesivamente nos anos 1992, 2004, 2012 e 2015, con distinta profundidade e ámbitos. Foron reformas que obedeceron a motivos que todos coñecemos: dende a limitación dunha sorte de contrapoder que se estaba fraguando a figura do entón presidente Manuel Fraga, que xustificou a reforma do ano 1992 —ollo: porque hai que ler a exposición de motivos— en aras a unha maior atención á *res publica* e que ampliou as causas de elixibilidade aos alcaldes e alcaldesas, ou a ampliación operada no prazo previsto para o escrutinio xeral de cinco días a oito despois de celebradas as eleccións.

Falamos, en definitiva, dun texto que foi reformado en sucesivas ocasións e sobre o que se propón unha nova modificación que afecta tres ámbitos: a idade mínima para exercer o dereito ao voto nos comicios autonómicos, os tempos dedicados polos medios públicos aos distintos participantes e a ordenación dos espazos de debate mínimos e, finalmente, a volta aos cinco días de realización do escrutinio logo de celebradas as eleccións.



Creo que podemos formularnos polo menos dúas preguntas: a primeira, ¿son necesarias estas reformas? A segunda, ¿son suficientes? Por exemplo, ¿resulta razoable hoxe en día manter que a incompatibilidade coa condición de deputado non afecte os senadores de designación autonómica? ¿Onde está aquí a atención á *res publica* requirida aos representantes?

Non é cuestión de presupoñer nada a favor nin en contra pero, ao mellor, sería un debate para considerar. E sen moito esforzo podemos engadir unha terceira pregunta: ¿é este o momento de ter este debate cando no mellor dos casos —moi moi improbable— estaríamos a catro meses da disolución deste Parlamento e, polo tanto, da imposibilidade de tramitar e aprobar estas modificacións propostas ou outras que se incorporasen na fase de ponencia?

Creo francamente que a resposta a estas preguntas non son nin binarias —si ou non— nin claras. É máis, se concluímos que a resposta á terceira pregunta —a pertinencia é ter este debate— é negativa, poderíamos estar a falar dunha urxencia política do Bloque Nacionalista Galego para atraer sectores novos, así como un intento —vanme permitir dende o respecto— un tanto errático de regular e igualar os tempos de participación nunha sorte de ultradefensa do debate público.

Analicemos cada un dos tres bloques propostos. O voto aos 16 anos, ¿é posible?, ¿é legal no marco actual? O artigo 12 da Constitución española di que os españois son maiores de idade aos 18 anos, e o artigo 2.1 da Lei orgánica de réxime xeral di que o dereito ao sufraxio corresponde aos españois maiores de idade que non estean comprendidos nalgún dos supostos previstos no artigo seguinte. E da lectura simultánea de ambos os preceptos dedúcese, cando menos, unha dúbida importante: ¿ten a Comunidade Autónoma de Galicia a capacidade legal para establecer algo distinto?, ¿cal sería o criterio dos Servizos Xurídicos desta Cámara?

Porque se é certo que aos 16 anos se poden —e citáronse aquí algúns exemplos— tomar determinadas decisións, non é menos certo que hai outras que non. É certo que o voto aos 16 anos xa é legal en varios países de Europa, noutros aos 17. Por exemplo, en Austria e Malta recoñécelles ese dereito a votar en todos os seus procesos electorais. Por exemplo, Alemaña, Estonia e o Reino Unido permiten facelo nos comicios estatais, rexionais e municipais. En Grecia, por exemplo, pódese votar en todos os niveis de goberno, dende os 16, sempre que se cumpran os 17 nese ano. En definitiva, que hai moi distintas organizacións.

Tamén sabemos que organismos internacionais, como o Consello de Europa ou o Parlamento Europeo, emitiron informes, o primeiro en 2011 e o segundo en 2015, nos que aconsellan os países investigar a posibilidade de rebaixar a idade de voto aos 16 anos en todos os tipos de eleccións, co obxectivo de aumentar a representatividade.

E hai visións contrapostas sobre esta posibilidade e distintas tendencias e debates, tanto sociais como académicos. Hai vantaxes, como a participación temperá na democracia, a educación cívica, a influencia en políticas que afectan os mozos etcétera. Outras apuntan inconvenientes: a falta de madurez e experiencia, que pode influír na calidade das súas decisións; a facilidade de manipulación —non me mire con cara rara, señora Rodil, que non o estou inventando eu, evidentemente, documenteime para facer esta intervención—, pois algunhas persoas críticas sosteñen que os mozos son máis propensos a ser influenciados



por factores externos, como a presión grupal, a publicidade ou mesmo a influencia dos pais; a estabilidade das opinións, xa que os mozos poden experimentar —e, de feito, experimentan ou experimentamos— ao longo da adolescencia cambios significativos nas opinións que atravesan. En resumo, este asunto require dunha análise máis profunda, dun debate amplo. Non se explica doutro xeito que a maior parte dos países do noso contorno non o teñen implantado.

Falemos agora da regulación proposta dos debates electorais. Dende o PSdeG sempre apoiamos a celebración de debates públicos electorais porque, evidentemente, ofrecen ás persoas candidatas a oportunidade de presentar as súas propostas, discutir os seus puntos de vista con outras persoas candidatas sobre temas claves, e á sociedade coñecer esas propostas. Gústanos debater, confrontar propostas e que sexa un debate público con garantías de transparencia e con acceso a toda a poboación.

Evidentemente, non cambiaría nin unha coma da súa intervención con respecto ao que está facendo a Corporación Radio e Televisión de Galicia con respecto á pluralidade política. Nese sentido, nós sempre estaremos a favor de garantir a máxima participación de todas as opcións políticas. Sen embargo, a súa proposta semella un quero garantir igualdade, elixirme no máximo defensor público do dereito á información política, *ma non troppo*.

Miren: nas eleccións autonómicas do ano 2020 concorremos vinte partidos ou agrupacións políticas, nas que o último en canto a resultados obtivo corenta votos en toda Galicia. E vostedes pretenden que todos e cada un deses participantes teñan un tempo de intervención cunha entrevista non inferior a vinte minutos, pero á vez manteñen a redacción actual do artigo 29, que é o que establece a distribución do tempo gratuíto de propaganda electoral en cada medio de comunicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia e nos distintos ámbitos de programación que teñan, regulando —o coñecemos todos— o baremo correspondente. E isto é todo un pouco confuso na súa proposta.

A propaganda gratuíta, como estaba. As entrevistas a candidatos, cunha regulación nova. O número de debates, dous; e pregunto: ¿por que non un ou tres, ou por ámbitos? Iso si, entre candidatos cuxas formacións obtiveran representación parlamentaria nas anteriores eleccións. Creo que calquera que se aproximase a esta proposta dende calquera dos grupos que non obtiveron representación parlamentaria nas eleccións autonómicas do ano 2020, pero si obtiveron unha porcentaxe relevante de votos, concluiría que esta proposta limita a participación política.

Nós temos moi clara cal é a nosa proposta: evidentemente, aceptar todos os debates que se decidan, todos os debates sen limitación de número nin de ámbitos. E así o demostramos nas últimas eleccións xerais celebradas en xullo deste ano, cando, por certo, o Partido Popular entrou en histeria e non sabía que facer, se ir aos debates, se non ir, se ir a algúns e a outros non. E, polo tanto, a posición de cada un dos grupos está clara. Nós defenderemos sempre a máxima participación en debates públicos.

En canto á proposta de realizar o escrutinio xeral o quinto día seguinte á celebración dos comicios, fundamentada na adecuación da regulación relativa a este aspecto ao previsto na



última reforma da electoral, permítanme dicirlles que resulta un pouco rechamante o argumento ao considerar a proposta da rebaixa da idade mínima para votar, e aí parece non haber necesidade de adecuarse ao marco normativo.

En todo caso, —e remato— o noso grupo parlamentario vaise abster nesta votación, fundamentalmente, polos motivos expostos ao principio desta intervención, pero tamén porque esta proposta xéranos máis dúbidas que certezas. O que quere dicir que de prosperar esta toma en consideración, o texto final probablemente teña pouco que ver coa proposta que hoxe se presenta.

Francamente, non vemos que ningunha das propostas parta dunha necesidade social detectada, agás a de regular os debates. E tampouco queremos concluír que se trata dunha proposta populista; xa saben: esas que inclúen medidas destinadas a beneficiar directamente a base do apoio ao partido que a fai.

Afondemos decididamente na participación, pero con análise das repercusións das medidas que tomemos en todo e sempre.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, a verdade é que hai que recoñecer o entusiasmo que pon o Partido Socialista en defender que ben o fixeron coa AP-9 e que barata está. A verdade é que si, iso si, a ver se falan co seu presidente, que para facer A Coruña-Santiago preferiu coller o Falcon que pagar a peaxe da AP-9. Tan barata non debe estar, señorías. (*Aplausos.*)

Xa postos a saudar, permítanme que saúde tamén a presidenta de Novas Xeracións, que tamén nos acompañan hoxe. ¡Home!, non, dígoo porque postos xa a saudar, pois tamén á presidenta de Novas Xeracións, da organización máis importante de carácter xuvenil que hai en Galicia, a maioritaria. Porque do mesmo xeito que a maioría dos galegos botan ao PP, a maioría da xente nova fai practicamente o mesmo.

Señorías, eu penso que unha simple ollada aos textos lexislativos que incluimos nas sucesivas sesións plenarias de hoxe serviría para determinar con bastante claridade cales son as prioridades políticas duns e doutros. O Grupo Parlamentario Popular someteu hoxe a debate e aprobación a Lei de orzamentos, a Lei de medidas administrativas, a Lei da calidade alimentaria e unha proposición de lei para a transferencia a Galicia da AP-9. Así que namentres o Partido Popular de Galicia se ocupou da sanidade, do ensino, dos servizos públicos, do emprego, dos sectores produtivos e da xestión das infraestruturas básicas para Galicia, o BNG preocúpase por dar unha coartada a Ana Pontón ante a perspectiva dun posible fracaso político. Señora Rodil, ¡como lle deben dar as enquisas!, ¡como debe estar de fastidiada a cousa!



O BNG o que propón é que na antesala dunhas eleccións autonómicas modifiquemos á présa e correndo a normativa electoral nun par de cuestións que supoño que consideran menores.

En primeiro lugar, a alteración do corpo electoral coa incorporación ao censo dos galegos de entre 16 e 18 anos. Por certo, facendo unha comparación interesante cos problemas que houbo no seu momento para recoñecer o sufraxio feminino, quero recordarlle que durante a Segunda República, e nos debates para outorgarlles o voto ás mulleres, quen se opoñía, precisamente, eran as forzas de esquerda, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Balbordo.*) porque afirmaban que podían ser manipuladas pola influencia da Igrexa. Margarita Nelken era a deputada socialista... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non... Partido Socialista Obreiro Español, Margarita Nelken era a que se opoñía a isto, fronte ao que defendía Clara Campoamor, señoría. Hai que ter un pouco de memoria histórica, efectivamente. (*Aplausos.*)

Quero recordar que tamén pretenden modificar a normativa que regula os debates electorais e, por último, equiparar os prazos de escrutinio a nivel nacional e autonómico; unha defensa curiosa por parte dos nacionalismos que pretenden identificar a Galicia con España, pero bueno... Eu confeso que despois de meses escoitando como con machacona insistencia se nos anuncia a chegada dunha suposta alternativa ao actual goberno, pois non esperaba esta emenda á totalidade do triunfalismo nacionalista.

Señorías, eu quero deixalo claro: este grupo non se nega a debater calquera aspecto relacionado coa normativa electoral, pero parece sensato —creo eu— abordar cuestións tan delicadas e que teñen unha fonda transcendencia pois a través dun debate sereno, sen présas e, dende logo, sen o condicionante dunha cita electoral que debe celebrarse no prazo máximo de sete meses. Entón, en fin, eu creo que as présas coas que se presenta esta iniciativa semellan máis ben unha tentativa desesperada, ben por alterar as normas de xogo en tempo de desconto ou ben por poñer a venda antes que a ferida.

Señorías, entendo que o fracaso colleitado polo Bloque Nacionalista Galego nas pasadas eleccións xerais pode levar a presentar propostas desesperadas, pero se pretenden mellorar os seus resultados, eu creo que sería máis sensato facer unha revisión a fondo das propostas que lles fan vostedes aos galegos que non precipitar debates que a estas alturas —permítanme que llelo diga— creo que ninguén entende. Eu xa sei que aspiraban vostedes á representación dun grupo propio do BNG no Congreso dos Deputados; non puido ser. Pero créanme, non é culpa da normativa electoral, non é culpa dos debates na televisión pública, é simplemente que hai que asumir que os galegos a vostedes non os apoiaron. (*Aplausos.*) E iso é de primeiro de democracia. Non pasa nada.

A ver, señor Bará, eu creo que hai xestos que hai que medir, ¡home!, pois eu xa sei que é así, se quere fágoille eu así. (*O señor Pazos Couñago fai un xesto co dedo índice cara adiante.*) Creo que a comparativa é bastante sinxela.

Afirman, por certo, na súa proposta que someten a debate que —cito literalmente—: «A presente reforma do sistema electoral que se pretende impulsar contén modificacións que resultan inaprazables para mellorar a calidade do sistema político galego». Eu, en primeiro



lugar, sinceramente, dígolle que creo que a calidade da democracia galega é incuestionable, con esta normativa ou cunha normativa que poidamos modificar.

Pero, señora Rodil, vostedes rexistraron esta iniciativa por primeira vez no ano 2018. Recoñecerá que para ser inaprazable, tomárono vostedes con certa calma. Eu creo que hai que asumir a realidade, que é que os galegos votan o que lles dá a gana. E creo que resulta moi pouco democrático intentar botar a culpa ao empedrado ou á normativa electoral cando os resultados non acompañan.

Señorías, resulta curioso que na mesma proposta que fan aquí pretendan homologar o procedemento electoral galego co nacional no que se refire ao escrutinio e, ao mesmo tempo, pretendan diferenciar o censo electoral galego do censo electoral nacional. Moi coherente non me parece, señora Rodil.

Eu creo —e hai que asumilo, señorías— que con esta normativa en Galicia se garantiu a alternancia política. De feito, é unha realidade do noso país. Con esta normativa a señora Pontón conseguiu o seu mellor resultado e con esta normativa a señora Pontón conseguiu o seu peor resultado. Con esta normativa gobernou catro anos un bipartito en Galicia e con esta mesma normativa gobernou o Partido Popular de Galicia durante os seguintes quince anos.

A min paréceme, señoría, que a coherencia normativa aconsella que o dereito a votar coincida coa idade de plena responsabilidade civil, pero é opinable. Agora, dicirlle tamén a un rapaz de 16 anos que pode votar a Ana Pontón, pero o que non pode é substituíla nas listas, a min non me parece serio. Máis ben parecera que a señora Pontón quixera blindar ese récord de anos de permanencia no escano, que é certo que con tantos que leva hai que empezar moi novo para conseguir bater o récord da señora Pontón. Chegan vostedes tarde. Xa llelo digo agora aos señores de Galicia Nova, pero, ben, intentar hai que intentalo.

En todo caso, paréceme que as normas ás que vostede aludiu, que afectan, efectivamente, o consumo de bebidas enerxéticas ou o uso de móbiles na contorna dos colexios, afectan os de 16 e afectan os de 15, os de 14 e os de 13. E será entón que teremos que ampliar universalmente a idade de votación ou plantexar algunha proposta razoable ao respecto.

O que si estou certo é de que a Compañía Radio e Televisión de Galicia vai garantir a axeitada cobertura da campaña electoral, cumprindo cos principios de pluralismo político e social, de igualdade, de proporcionalidade e de neutralidade informativa, como fixo sempre. Xa sei que a algún lle dá a risa, pero do mesmo xeito que vostedes recorreron todos e cada un dos plans de cobertura da CRTVG en todas as eleccións, a Xunta Electoral desbotou todos e cada un dos seus recursos porque consideraba que esta neutralidade estaba garantida.

Sorprende tamén a súa insistencia nos debates da televisión pública, sobre todo se temos en conta que na pasada campaña municipal deixaron vostedes plantada a televisión pública no debate, por exemplo, sobre a política municipal de Santiago. Teñen tantas ganas de debater que hoxe por primeira vez en seis ou sete anos a súa candidata nin sequera debateu o orzamento.



Eu de verdade que lle digo, por certo, señor Álvarez, que dixo vostede: os socialistas sempre estamos a favor dos debates. ¡Home!, sempre non. Recorde vostede ao señor Casado que, simplemente como non lles interesaba, non lle deron nin un. Entón, vir aquí sacar peito pois parece un tanto ridículo.

En todo caso, vaimos permitir, pero ollando as inacabables discusións que se producen nesta casa sobre quen lidera a alternativa ao Partido Popular de Galicia, o difícil non será que haxa un debate, o difícil será que se aclaren en quen ten que debater con Alfonso Rueda. Eu xa que imos facer propostas de cara á campaña á TVG, pois igual lles propoño que para decidilo se organice a versión galega de *El Juego del Calamar*.

Eu se queren doume un pouco a volta e cando me vire o que sobreviva de vostedes que debata co presidente da Xunta de Galicia, xa que se van destrozar vostedes, como fan habitualmente cando coinciden nun goberno, pois esta vez é mellor que o fagan na oposición. Porque xa lle digo, señora Rodil, que con esta normativa electoral ou sen esta normativa electoral que nos propoñen esta vez no goberno tampouco toca.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da proposición de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora Grueira, ¡benvida!, que non a vía desde aquí abaixo. Ademais, somos medio veciñas; vostede é de Pol e eu da Ribeira de Piquín.

Como cuestión inicial, esta é unha proposición de lei, é un debate de toma en consideración, é un texto polo tanto vivo e aberto a que se debatan as propostas, as achegas no proceso de emendas que cada grupo parlamentario ou formación política considere oportuno e teña a ben presentar.

A min o que me parecen son, con todo o respecto e o cariño dígollo, señor Álvarez, tamén escusas de mal pagador para non dicir aquí que é o que pensan vostedes, que se unha persoa con 16 anos pode votar ou non. Porque iso é realmente o que nós estamos debatendo e propoñendo hoxe aquí.

Nós, desde o BNG, cremos que unha persoa de 16 anos, que é madura para traballar, que é madura para votar nunhas eleccións sindicais, que é madura para decidir en termos sanitarios sobre a súa propia vida, que é madura para casar se está emancipada ou que é madura para ir ao medio do monte de verdade cunha escopeta matar un xabaril, pode e ten dereito —e debe ser así recoñecido por lei— a poder meter unha papeleta nunha urna. Se queren, claro, pode ir acompañado dun familiar, pero pode tirar o tiro el, e non se lle considera pouco inmaduro para tirar un tiro. (*Un señor deputado pronuncia desde o seu escano: Acompañado.*) Acompañado... Ou vaia vostede á urna se quere acompañado ou non, solteiro. ¿Eu que quere



que lle diga, claro? (*Aplausos.*) Pode disparar, jollo!, non unha persoa de 16, de 14, que nas cuadrillas poden ir as persoas de 14 anos acompañadas efectivamente dunha persoa maior de idade.

Eu, en todo caso, insisto en que esta é unha proposición de lei, un debate vivo, acéptese a tramitación dela, preséntense emendas e debatamos sobre os límites.

Dicían vostedes por que lles recoñecen o dereito a votar o sufraxio activo e non pasivo, non ir nas listas. Por iso, porque este é un debate de límites, non de dereitos e de responsabilidades. Ti tamén podes traballar con 16 anos, pero non ir ao cárcere. Pero eu tamén estou aberta e o BNG está aberto a falar deses límites e a falar de ata onde ese debate sobre a responsabilidade.

E insisto en que non é algo que nos sacamos nós da manga hoxe, nin que sexa unha cousa que non se fixo nunca antes en ningún sitio. Estados membros da Unión Europea como Austria e Malta en termos absolutos, Escocia e Alemaña nalgúns *länder* con limitacións, ou en Grecia teñen recoñecido o dereito a votar das persoas de 16 e 17 anos. Eu algo que me levo con gusto é ese optimismo do Partido Popular de que todas as persoas de 16 e 17 anos lle van votar ao Bloque. Eu non sei a quen van votar.

Nós non presentamos esta proposta aquí porque pensemos que iso vaia cambiar o resultado electoral, que só por ver o censo creo que non modificaría moito o número de persoas que hai de 16 e 17 anos en termos absolutos un resultado electoral. Este non é un debate de se van votar ao Bloque ou ao Partido Popular, este é un debate sobre o dereito a voto, sobre a capacidade que nós cremos que ten unha persoa de 16 anos para poder tomar decisións, para poder escoller as persoas que os representen nesta Cámara. E dígoo porque, ademais, cremos e temos a confianza de que teñen a suficiente madurez para facelo, como teñen —insisto— para ter esa autonomía recoñecida noutros ámbitos do dereito nada menores. Este non é un debate de se me van votar a min ou a outros, senón que é un debate sobre o dereito mesmo a poder votar.

E sobre a cuestión do pluralismo, que creo que é unha parte tamén importante ou unha das partes máis importantes da proposta de lei de reforma que presentamos e defendemos hoxe desde o BNG, dicía algo vostede, señor Pazos, que efectivamente é así: os recursos que o BNG presentou, todos os recursos que presentou na Xunta Electoral, que tiñan que ver co plan de cobertura da CRTVG, foron rexeitados, porque cumpren a lei. O plan de cobertura cumpre o que di a lei electoral.

¿E a vostedes parécelles que ter un único debate, un único debate, un único debate nun proceso electoral ás dez da mañá en día laborable, furtándolles o dereito ás galegas e aos galegos a poderen contrastar propostas e proxectos políticos é de calidade democrática nunha sociedade como a galega e en pleno século XXI? ¿Que unha lei electoral só regule o número de minutos ou de segundos en que pode emitirse unha propaganda estática, elaborada polos gabinetes de comunicación de cada un dos partidos políticos? ¿A democracia redúcese a que eu teña vinte segundos nun horario xe na Televisión de Galicia para lanzar un vídeo electoral do Bloque Nacionalista Galego? A democracia no século XXI, no que a comunicación ademais



mudou tanto, pasa precisamente por que de maneira viva e dinámica, áxil e en directo as distintas persoas que representan os partidos políticos poidan confrontar, debater, (*Aplausos.*) rebater propostas, lanzarse acusacións ou facer o que queiran. Ter un debate ás dez da mañá, con todos os respectos, non é democrático e furta —insisto— non o dereito a un minuto de gloria dos partidos políticos, négalle o dereito á cidadanía deste país a poder contrastar.

Eu, por último, só quero insistir en que este é un debate de dereitos, de dereitos fundamentais, do dereito a participar das persoas con 16 e 17 anos no noso país e o dereito a coñecer e a contrastar propostas, programas e proxectos a través de entrevistas e debates.

Dous, eu creo que as segundas voltas son boas, pero debatemos se ten que haber un, se ten que haber dous. En todo caso o que non pode haber, que é o que moitas veces o PP ou o PSOE se senten moi cómodos, son cara a cara onde está excluída a maioría social deste país. E iso é algo que tampouco é democrático.

En todo caso, voten a favor, tramitemos a lei e permitamos que este país, non sei se será máis ou menos democrático, pero creo que con esta lei sería máis plural e máis axustado á realidade social da Galiza de hoxe.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Rematado o debate dos textos lexislativos, procedemos á súa votación.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as emendas mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia.

En primeiro lugar, votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o Ditame da Comisión coas emendas que viñan incorporadas da Comisión.

Votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia.

Votamos en primeiro lugar as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o Ditame da Comisión, que neste caso se recorda que, tal como recolle o artigo 163 do Regulamento, ten que ser aprobado por maioría absoluta.

Polo tanto, votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e continuamos coa orde do día, co punto 2, isto é, coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, de novo.

Traemos hoxe esta moción desde o BNG, que deriva da interpelación que fixemos á conselleira de Economía, Industria e Innovación hai quince días. A verdade é que eu repasaba un pouco a intervención da señora conselleira naquel pleno, e non sei cal foi a sensación que tiveron o resto de persoas que estaban presentes nesta Cámara, pero eu a verdade é que non daba crédito de cal era a reacción que tiña. Unha actitude bastante lamentable, con acusacións de todo tipo e intentando, sobre todo, fuxir da cuestión que se lle estaba preguntando, tal e como viña recollida ademais na exposición de motivos da propia iniciativa. O que quedou claro, en todo caso, coa súa reacción e, sobre todo, coa intervención que tivo, é que na consellería e na Xunta agora mesmo en materia de investigación, de ciencia e de coñecemento, non hai ninguén ao volante, non hai nin folla de ruta nin plan nin moito menos cabeza.

O mellor exemplo tivémolo ademais a semana pasada. Presentábase nun acto público unha rede que se chama InnovaRede —seguramente se seguen un pouco a actividade do seu goberno veríano, logo falarei un pouco máis en detalle do contido desa proposta—, pero con todo, sendo unha aposta —cremos— importante en investigación, en desenvolvemento e en innovación, un xermolo moi interesante —temos que dicir— para algo que propomos nós nesta moción, que é crear unha rede galega de ciencias, de coñecemento e de innovación. Nese acto viamos a máis absoluta das indiferenzas, a máis absoluta das indiferenzas en materia de ciencia, de investigación e de innovación por parte do Partido Popular. Nun acto no que nós cremos, se se considera realmente a ciencia e o coñecemento como un sector produtivo, como un sector económico estratéxico, que debera estar quen asume a presidencia da Xunta de Galiza ou en todo caso a conselleira do ramo. E alí a única que estaba, máis soa —se mo permiten— que un pelo na cabeza dun calvo, era a directora xeral da Gain.

Ese desprezo, señorías, esa actitude altiva é o que explica que se presenten cartas de dimisión por parte da directora xeral da Gain. Non se pode entrar, e menos nunha consellería da que non se ten moita idea, coma un elefante nunha cacharrería, dándolle leccións a todo o mundo e pasando por riba de todo o mundo. A mellor proba foi ese ataque furibundo ás propostas



que facía o Bloque Nacionalista Galego en debate orzamentario, as propostas que faciamos e que formulabamos desde o BNG en forma de emendas aos orzamentos da Gain, que acaban de aprobarse agora esta mañá, precisamente dirixidas a crear unha carreira investigadora para todo o persoal investigador e un programa forte de retención, de captación e de retorno de talento.

Viñan aquí acusarnos de que recortabamos o orzamento da dirección xeral da Gain, cando o que propuñamos era unha reestruturación do propio orzamento da dirección xeral para crear programas que son importantes en materia de recursos humanos, en materia de coordinación e dunha política integral de ciencia e innovación.

Nós, malia os ataques do Partido Popular, imos seguir formulando propostas; propostas concretas e realistas e, o máis importante, propostas necesarias para deseñar unha política integral, dirixida a fortalecer un ecosistema investigador galego, que con todas as dificultades, que son moitas —para empezar por un Goberno do Partido Popular que é máis unha pexa que un colaborador—, foi consolidándose nun escenario altamente competitivo.

Tres elementos fundamentais —diciámolo daquela— centran a política do BNG en materia de ciencia e de investigación. Por un lado, investimento estable e investimento constante. Rexeitaron vostedes esta mañá na tramitación dos orzamentos e ao longo de todo o proceso de tramitación orzamentaria o incremento de recursos públicos dirixidos a I+D+i que propoñía o BNG, cun obxectivo pequeno, que era chegar ao tres por cento do orzamento no Plan galego de investigación. O mínimo —cremos nós— para situar o investimento per cápita de Galiza minimamente próximo ao que é a media do Estado e a media dos países da nosa con-

torna.

Galiza ten hoxe un investimento do 1,1 por cento do PIB. É pírrico e está moi lonxe do 1,43 por cento que ten o Estado, está moito máis lonxe do 2,3 por cento que ten a Unión Europea, pero, sobre todo, está moi afastado das promesas e dos anuncios do Partido Popular, que hai pouco tempo dicía que no ano 2020 —hai tres anos— ía estar no 1,7 por cento do PIB ese investimento.

Ese é o maior reflexo da política do Partido Popular en materia de ciencia e de investigación; incumprimentos que intentan tapar e maquillar, rebaixando as súas propias promesas. Así, o único que conseguen é facerlles perder oportunidades e tempo ás galegas e ós galegos, ao ecosistema investigador deste país e, o máis grave, para todas e para todos: fannos perder tempo e oportunidades ao conxunto das galegas e galegos.

Nas propostas do BNG, que traemos hoxe nesta moción, centrámonos nos outros dous elementos dos que falaba naquela intervención: os recursos humanos e a política integral coordinada e cooperativa.

En materia de recursos humanos, o que propomos —esta é unha vella demanda; eu ás veces preparando a intervención dicía que estamos sempre igual, claro, porque aquí o único que se fai é vetar o deseño dunha carreira investigadora integral— é un programa de recursos humanos que contemple todas as etapas da carreira investigadora, desde a formación, a in-



corporación ao propio ecosistema e a súa consolidación profesional. Tanto para o persoal investigador da Xunta de Galiza coma para o conxunto do persoal investigador, a inmensísima maioría que traballan nos centros de investigación singulares, no Sistema universitario galego ou no tecido empresarial deste país.

Pedimos un calendario de convocatorias para deseñar ese programa de recursos humanos que estea debidamente orzado e, o máis importante, calendarizado, para non ver o que vimos este verán, que se convocan unhas axudas ou uns contratos posdoutorais e predoutorais en agosto, para empezar a funcionar en outubro e en novembro. ¿E botas todo o ano mirando para o aire? Debes vivir, pois non sei, de *la vida contemplativa*, pero non dun contrato laboral. Para garantir estabilidade, o primeiro que tes que ter é un contrato laboral e un salario a fin de mes, polo menos para ir tirando.

Un programa, por certo, que xa existía e que vostedes laminaron a partir do ano 2009, suprimindo todo o programa de convocatorias que estaba recollido no Plan Incite. E non é por, non sei, terlle así certo fetichismo aos nomes dos programas, senón polas prazas e o número de contratos que había neste país para o persoal investigador en todas as etapas, sexa persoal investigador científico ou sexa persoal tecnólogo. Había 586 prazas, que se convocaban no Programa de recursos humanos deseñado polo Bloque Nacionalista Galego na Xunta de Galiza, 586 persoas nese programa Incite; 15 prazas que deixou o Partido Popular no ano 2010; 189 prazas, 189 contratos que temos no día de hoxe, no ano 2023, nas convocatorias da Xunta de Galiza. Son 189 no ano 2023, xuntando todo: predoutorais, posdoutorais e doutoramentos industriais. Porque as convocatorias —insisto— que vostedes mesmos crearon, por exemplo, para o persoal tecnólogo, duraron un par de anos e a partir do ano 2021 non se volveu saber máis delas. E o persoal tecnólogo deste país, pois segue —non sei— a velas vir, mirando a ver se nalgún momento poderá iniciar a súa carreira investigadora.

É triste, é desolador e o peor que nos están facendo é que son unha pexa, son un atranco para o desenvolvemento do inmensísimo potencial que ten este país en materia de ciencia e de investigación. O que precisa Galiza, se se quere situar realmente a ciencia, o coñecemento, o I+D+i como un sector estratéxico, como o gran motor de modernización e de dinamización do tecido produtivo e económico galego, é unha carreira investigadora para todo o persoal, para todo o investigador e o tecnólogo que traballe en calquera —insisto— dos axentes do ecosistema investigador galego.

Xunto cun programa forte de retención, de captación e de retorno do talento, que nós temos defendido aquí tantas veces en cada debate orzamentario. Trouxémolo en forma dunha proposición de lei para a creación desa ferramenta tan necesaria como é Innogal, que conta co apoio tanto das tres universidades coma dos centros de investigación, e que permitiría incorporar persoal investigador aos distintos axentes do ecosistema nas mellores condicións laborais para poder seguir incrementando a competitividade que necesitamos nun sector tan altamente competitivo como é este.

Por último, xunto a isto, o que propomos é traballar pola coordinación, polo traballo en rede a través da creación da rede galega de ciencia, de tecnoloxía e de innovación. Nós levamos a grata sorpresa do anuncio da presentación de InnovaRede. Coñecemos ademais xente que



estivo traballando no proxecto, intentamos pescudar bastante sobre cal era o contido real, a materialización deses anuncios. Ben, claro, acabou todo convertido nun repositorio, nunha páxina web, de directorio, de correos electrónicos, de contactos, de números de teléfono... Ben, nós cremos que como xermolo para algo máis pode ser un bo principio —imos dicilo así— pero hai que ir máis aló.

Hai que materializar un espazo formal e non un directorio web. Un espazo formal, unha estrutura que integre os distintos axentes de investigación do Sistema universitario, dos centros e dos grupos de investigación, tanto básicos coma de excelencia, os axentes de difusión de ciencia, os centros e as plataformas tecnolóxicas, as unidades de investigación de desenvolvemento e a innovación do tecido empresarial ou outros axentes que no futuro puidesen ser acreditados como integrantes desa rede.

A cooperación e a coordinación —con isto remato— non significan ter unha listaxe de teléfonos e de correos electrónicos; o que significa a cooperación e a coordinación é que haxa espazos, estruturas e políticas integrais, complementarias e cooperativas e, sobre todo, con visión de país, para que todo ese ecosistema poida sacar o inmensísimo potencial que ten. A esa visión integral e galega, a esa visión de país, é á que apelamos para intentar chegar a un acordo de consenso que permita, en definitiva, a Galiza e ao sistema investigador galego, medrar e facelo nas mellores condicións posibles.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

A crise provocada pola pandemia da covid-19 mostrou a importancia da ciencia e a innovación para dar resposta aos desafíos da sociedade. O coñecemento e a innovación son esenciais para manter e mellorar o benestar social e o crecemento económico. A competitividade e a produtividade do tecido económico dependen case exclusivamente da cantidade de coñecemento avanzado incorporado pola actividade produtiva e, polo tanto, da súa renovación continua. Espero que ata aquí todos esteamos de acordo.

Pois ben, a min gustaríame comentar unhas declaracións da semana pasada do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que a verdade as lin varias veces porque dixen: non podo crer o que está dicindo. Pois ben, a semana pasada o presidente da Xunta trasladaba o compromiso do Goberno galego co desenvolvemento de proxectos innovadores que sirvan —¡atención!— para consolidar a Galicia como un referente en I+D+i. Ben, isto eu penso que era unha brincadeira, porque sinto dicir que non seremos referentes en I+D+i se o gasto en I+D+i en Ga-



licia, en relación co produto interior bruto, é do 1,1 por cento, fronte ao 1,4 por cento de España e ao 2,1 por cento da media da Unión Europea.

Galicia non será referente en I+D+i se o Consello Económico e Social, na súa memoria socioeconómica de Galicia do ano 2022, alerta do precario investimento galego en I+D fronte ao norte de Portugal. Recórdolles que o presidente do Consello Económico e Social era un exconselleiro do Partido Popular. Galicia non será un referente en I+D+i se o Foro Económico de Galicia di que o investimento en I+D é un claro exemplo da falta de fuelle na nosa terra, pois Galicia rolda a metade da media estatal. Galicia non será un referente en I+D+i cando a Unión Europea, no Índice de competitividade rexional do ano 2022, sitúa a Galicia en innovación no posto da cola en España, dado que é a sexta autonomía menos innovadora; ademais, está debaixo duns dos seus competidores máis importantes, que é o norte de Portugal. Así, mentres outras comunidades avanzaron moito, a nosa queda rezagada, así o reflicte a Unión Europea.

Todos estes informes non son do Partido Socialista, non son desta deputada, porque agora virá outra vez o Partido Popular e dirá que non sabemos ler; que é o que din cada vez que non lles gustan os datos: que non sabemos ler, que só saben ler vostedes. Pero esta é a crúa realidade que hai en Galicia hoxe en día.

Despois, tamén me gustaría facer un pequenísimo resumo da intervención da conselleira porque realmente o outro día a conselleira falou algo de innovación pero parece que non se lembrou da investigación e da ciencia, que son fundamentais para que evolucione unha sociedade. A min paréceme gravísimo que unha conselleira non fale de investigación.

Señoras e señores do Partido Popular, repetiréillelo unha e outra vez e traerémolo aquí a este hemiciclo as veces que faga falta: trátase de aumentar máis o investimento público necesario tanto en ciencia como en innovación. Este é un obxectivo mínimo que temos que consensuar entre todos os axentes económicos, sociais e políticos; converxendo tamén na distribución do investimento en I+D+i entre o sector público e o privado.

O Goberno galego do Partido Popular ten que reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial. A existencia de tres universidades, os seis centros tecnolóxicos, os centros de investigación e os clústeres son un bo punto de partida para que as empresas galegas se beneficien dos resultados da súa investigación mediante acordos de transferencia de tecnoloxía e proxectos de colaboración. Aínda que nos últimos anos se favorezan estas relacións público-privadas, o certo é que aínda estamos moi lonxe de alcanzar niveis que nos sitúen como referentes.

A Xunta de Galicia ten que incrementar, polo menos, ata un 0,4 por cento o produto interior bruto no gasto dos programas en I+D+i, de tal forma que Galicia poida acadar a media estatal e aproximarse ao obxectivo da Unión Europea do tres por cento. Isto trouxémolo tamén aquí a debate en moitas ocasións, pero, coma sempre, o Partido Popular rexeita todo. E, si, hai que lembrar que o Plan Galicia Innova do ano 2020 da Xunta de Galicia tiña como parte dos seus obxectivos acadar o 1,7 por cento do gasto sobre o produto interior bruto; obxectivo claramente incumprido e que seguirá sen cumprirse como sigamos así.



O Goberno galego ten que tomar medidas para a retención, para o retorno e para a atracción de talento científico en Galicia. Toda esta lexislatura levámolo solicitando; solicitando medidas que sempre o Partido Popular vota en contra, como a redución de cargas administrativas na carreira científica; afianzar a carreira profesional de científicos xoves que puideran acceder a unha praza fixa tras rematar o seu itinerario posdoutoral; consolidar unha carreira pública estable e previsible para o persoal técnico e investigador, equivalente á dos países máis avanzados para que non marchen ao estranxeiro ou a outras comunidades autónomas; verdadeiras axudas para a contratación de persoal investigador no sector privado, e elaborar un plan de retención de talento dotado dunha partida orzamentaria suficiente para implementalo urxentemente, onde colabore o tecido empresarial na nosa comunidade autónoma e as tres universidades galegas.

Para que todas estas medidas sexan unha realidade, o Goberno galego ten que incrementar de verdade o investimento I+D+i, se non, seguiremos sendo os últimos. Non quero deixar de mencionar o que pasou o ano pasado, que había 197 millóns orzados no programa 561A en I+D+i. ¿E que fixo o Goberno do Partido Popular? Pois baixou 58 millóns, así como quen non quere cousa, quedando en 139 millóns e, por se fose pouco, logo só executou o 47 por cento. E temos que escoitar a conselleira o outro día dicir que aquí que en Galicia estamos avanzando e moito en I+D+i. Eu penso que baixar o orzamento en 58 millóns e non executalos é retroceder, señora conselleira; non é avanzar, é retroceder en I+D+i. Levamos catorce anos nos que Xunta de Galicia está poñendo paus nas rodas en I+D+i na nosa comunidade.

No ano 2009, o orzamento era de 93 millóns. Xa a partir da entrada do Partido Popular no Goberno galego foi baixando de forma alarmante o orzamento ata chegar, no ano 2013, a un orzamento ínfimo de 53 millóns para este programa. ¡É unha auténtica vergoña! A Xunta de Galicia tamén ten que apostar polo noso talento. Cómpre lembrar que no ano 2022 marcharon traballar fóra seis mil investigadores. Hai que consolidar unha carreira pública e estable dunha vez por todas; xa vai sendo hora. Por iso, no mes de agosto, os investigadores e as investigadoras manifestáronse diante da Xunta, por ese atraso das convocatorias ao longo de todo este ano, porque a convocatoria das bolsas foi un auténtico escándalo no ano 2023. Iso si, o mesmo día que se manifestaron é cando sacaron esa convocatoria. E despois tamén reclamaban esa rectificación dos criterios sinalados para acceder a esta axuda.

A semana pasada Rueda sacou o ventilador de anuncios e, ¡veña!, anunciou axudas predoc para o ano 2024, axudas para a etapa posdoutoral. Como estamos en época preelectoral, o que non fixeron antes en catorce anos, a Xunta de Galicia quere facelo agora en catro días. Non, señores do Partido Popular, non cola, ¡non cola! Estamos fartos de ver os atrasos constantes e continuos nas convocatorias das bolsas. Agora, por moito que fagan anuncios, isto seguirá igual, se non, xa o veremos.

Para rematar, quero falar da actualización da Lei da ciencia, que é do ano 2013 e que agora está o proxecto de decreto polo que se regula o Estatuto do persoal laboral de investigación da Administración xeral, que levan tamén anunciando que o 15 de marzo se ía xa aprobar. O 20 de outubro tamén a directora da Gain dixo que xa estaba e que era inminente a súa aprobación. O 30 de novembro, o señor Rueda anuncia outra vez que a principios do ano 2024 se vai aprobar o marco lexislativo para o persoal investigador. Seguimos no mesmo: anuncios,



anuncios e máis anuncios, pero aí está ese decreto sen estar aprobado. Eu creo que o Partido Popular ten unha enfermidade que se chama «anuncite aguda» porque non fai máis que anunciar; de verdade, pasa o día anunciando e anunciando pero despois non concreta absolutamente nada de nada.

Hai que dicir que neste decreto unha das principais novidades é que a Xunta ofrece contratos laborais indefinidos aos investigadores que traballan para a Administración autonómica, pero aos cinco anos estarán sometidos a unha avaliación, na que se suspenden poden ser despedidos. A avaliación periódica da actividade investigadora do persoal investigador con solidado que é laboral fixo non pode conducir en ningún caso á extinción do contrato.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Para a comunidade investigadora é inaceptable e é ilegal, e para nós tamén é inaceptable.

—Remato xa.— Cómpre dicir que a fuga de talento supón desperdiciar os nosos recursos públicos en formar capital humano e logo marchan fóra. Nós formámoslos aquí e despois noutras comunidades ou noutros países aproveitan o noso talento. Esa é a política da Xunta de Galicia: compromiso cero por parte do Goberno galego coa ciencia e coa investigación.

Imos votar a favor desta iniciativa.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

De fuga de talentos paréceme a min que están bos tanto os socialistas como os nacionalistas, que lles escapa ultimamente todo o mundo.

Pero debatemos hoxe esta moción que é consecuencia da interpelación do pasado pleno, que é para analizar a I+D+i na nosa comunidade.

Señora Rodil, señora Leticia Gallego, cada dous minutos, os socialistas e os nacionalistas din que estamos nerviosos. Eu creo que se están vendo no espello e lles reflicte a realidade que vostedes teñen, porque no Partido Popular estamos moi tranquilos, señorías. Despois do repaso e da información que lle deu a conselleira na pasada interpelación, ademais das explicacións dadas nas comisións informativas, que se explicou perfectamente, detallando



polo miúdo todo o traballo realizado con datos e con cifras, eu recomendaríalles que baixaran da nube, que aterren, que poñan os pés na terra e fagan unha proposta concreta, seria e realista.

Galicia ten un modelo propio en I+D+i. Non somos unha copia nin do catalán nin do vasco, somos galegos. Vostedes erre que erre. Subir non é baixar. Isto é de primeiro de *Barrio Sésamo* —os que temos unha idade xa o sabemos—. Vostedes o que presentan é unha emenda á totalidade do que leva feito a Xunta de Galicia nos últimos catorce anos. Estamos de acordo, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para vostedes todo vai mal, o mundo vaise acabar, pero, señorías, xa llelo dixen o outro día: hai outro mundo fóra deste magnífico edificio. Recomendolles que saian, que escoiten as persoas que teñen outras situacións reais, non as imaxinadas por vostedes. Hai un mundo de persoas que traballan, que investigan, que crean, que innovan, que necesitan axudas para alcanzar os seus obxectivos.

Vostedes a min recórdanme que eu tiña unha tía —que, por certo, xa morreu— que compraba pitos en Portugal, metíaos nunha caixa e colocáballes unha bombilla para que estivesen ben quentiños. (*Risos.*) Pero aí fóra, fóra destes magníficos muros e deste edificio, vai moito frío e hai xente que se ten que levantar, que ten que traballar, que ten que pagar impostos, ¡que viven no mundo real, non no mundo ideal do BNG! (*Aplausos.*) Son coma pitos, pitos de engorde. (*Risos.*) Na Xunta de Galicia levamos quince anos de orzamentos, e é só o comezo. Nós estamos encantados de falar de investigación, de desenvolvemento, de innovación, de futuro, de prosperidade, da Galicia que vén. O modelo da Xunta está funcionando, ben coordinado, pero nós non nos conformamos, aspiramos a máis.

Señora Rodil, moito lles gusta aos nacionalistas e aos socialistas o informe do CES. É certo o que dicía a señora Gallego: hai que lelo, entendelo e interpretalo. Non vemos por ningún lado a expresión que o Goberno do PP é un freo para este país en materia de I+D+i, como vostede dixo; esta é unha interpretación libre e interesada do BNG, fóra da realidade. Vostedes ao que están acostumados é a falar do que lles gusta: da amnistía, do referendo, da autodeterminación, da independencia, bla, bla, bla, bla.

Señorías, Galicia avanzou e avanzou moito gañando postos no *ranking* nacional. O investimento creceu desde o ano 2014 ata o ano 2022 máis dun 57,3 por cento, sete puntos por riba da media do Estado —o último dato estatístico do ano 2022—. Galicia inviste 751 millóns de euros, que é verdade, é a sétima comunidade que máis inviste. Para vostedes isto é recortar, pero ben. «Dato mata relato», como di sempre Begoña. Para ter un debate serio, señorías, temos que manexar todos os mesmos datos, se non xogamos coas cartas trucadas.

En indicadores de innovación, ¿por que non falamos do indicador de innovación rexional de xuño do ano 2023, que Galicia di que é unha rexión innovadora moderada? Non dicimos que é excelente, é «moderada»; pasamos do lugar once ao oitavo. Toda empresa debe tratar de investir.

Señora Rodil, voulle facer unha pregunta: ¿por que vostedes os nacionalistas independentistas din unha cousa, como a aprobación por parte do Goberno da Xunta do Decreto de carreira investigadora, e despois críticana? Eu creo que teñen unha oportunidade para aclaralo. Despois,



para colmo, din que non cren cando o presidente da Xunta di que está aprobado no Consello da Xunta coa posterior remisión ao Consello Consultivo. Este ten un mes para responder. Estará en xaneiro definitivamente aprobado no Consello da Xunta. Pero non hai, señorías, ningunha comunidade autónoma nin no Estado nin ningunha lei que preveña unha carreira profesional para todo o persoal investigador público. Somos pioneiros. Vostedes están quedando sós, son como os que van pola autoestrada ao revés e din que os que van ao revés é o resto.

Firmaron tres sindicatos: Comisións Obreiras, UXT e CSIF, a favor. En contra, ¿quen? A CIG. Claro, señor Balseiro, o BNG é igual á CIG. A CIG ten un partido que é o BNG, non ao revés. Coherencia nacionalista.

Aspiramos a reter o talento e a aumentalo. Temos diñeiro para centros tecnolóxicos e para subvencionar as patentes. Señorías, Galicia non para a pesar de vostedes. Por favor, o persoal investigador como tecnólogo orzado e calendarizado. O modelo galego de investigación está consolidado, a pesar de vostedes. Dende as etapas temperás, os contratos predoutorais ata o cume da pirámide, representado polos centros máis excelentes. Temos o Plan galego de financiamento universitario. O pasado 14 de decembro, o plan iTransfer de promoción e transferencia do Sistema universitario, que ten 104 millóns de euros para o ano 2024, un incremento do dezaseis por cento. O plan Recupera para retornar investigadores, e suma e segue. Pero a vostedes ¡que máis lle dá!, para vostedes ¡todo está mal!

Hai unha aposta clara, con cartos, con cartos reais, non do Monopoly como son os do BNG. Señora Rodil, vostedes presentan emendas aos orzamentos, para ser concretos á Gain. Nela propoñen unha baixada de 34 millóns de euros, que é o Plan galego de investigación e innovación tecnolóxica. Consomen o que propoñen, coherencia. Fulminan o presuposto e despois queren crear o Innogal, pero o discurso é que o BNG apoia moitísimo a mellora da innovación en Galicia. En definitiva, baixar non é subir, é algo moi sinxelo. ¡Benvidos á nova innovación do BNG!: baixo o orzamento, pero axudo. Iso chámase innovación 0.0 do BNG, crecemento negativo. *(Aplausos.)*

E para rematala propoñen crear o Innogal. ¡Manda truco na Habana! Crean o Innogal, a proposta de ciencia ficción do novo BNG, pero é o BNG rancio de sempre. Seriedade, ¡por favor! Miren, señorías: a nós interésanos moitísimo a innovación, a industria, a enerxía, as empresas e os empresarios; en definitiva, a economía galega. Por iso, facemos orzamentos en serio, realistas; por iso, incrementámoslos continuamente. ¿E saben algo? Dan bos resultados: a fábrica intelixente, as unidades mixtas, os proxectos Neotec, o proxecto Investigo etc.

Señorías, vou rematando, que me queda pouco tempo. O Goberno de Galicia con tranquilidade e coa seguridade de facer as cousas ben, con cabeza, cada vez que nos examinamos confirmámonos que imos polo bo camiño. Vostedes sigan coa súa mensaxe: gris, triste, de que estamos chegando á fin do mundo, bla, bla, bla, coas súas contradicións e incoherencias.

E remato como comecei: subir non é baixar. Vostedes propoñen baixar e din que é subir e, se seguimos así, cando nos examinemos todos, nós subiremos e vostedes baixarán. *(Aplausos.)* Pero dirán que vostedes soben e que nós baixamos. O resultado: o Partido Popular de Galicia seguirá gobernando Galicia grazas a todos os galegos e galegas.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pecha a autora da proposición. Cinco minutos, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de que me esqueza, quería agradecer o apoio do Partido Socialista a esta moción.

A ver, señor Rodríguez, é que eu creo que para intentar ter un debate serio, primeiro, hai que falar do que se presenta. Vostede veume aquí cun remexido de frases feitas, con algo da argumentación do Partido Popular agora en precampaña electoral, algunhas cousas que eu tam-pouco acabei de entenderlle moi ben a coherencia. Pero eu creo que a ciencia, a investigación, a I+D+i é bastante máis serio que o que acaba de facer vostede aquí agora mesmo. (*Aplausos.*)

Eu creo que non leu nin o que presentamos nin escoitou minimamente o que eu dixen na miña primeira intervención. E a min éme igual. Que eu non considero que se me falte ao respecto nin moito menos, pero eu creo que a xente que está aí fóra, que fai parte dos centros de investigación, das universidades, dos grupos de investigación das áreas estratéxicas, das unidades de investigación empresariais; xente que está nunha posdoutoral ou alguén que aspira a ter un contrato laboral na fase de formación ou de consolidación na carreira inves-tigadora galega, merece algo máis de verdade que isto. E este Parlamento tamén.

Eu creo que merece, polo menos, seriedade á hora de: oe, votamos en contra, pero polo menos imos razoar e argumentar por que se vota en contra das cousas. Non que me veña contar pois que a súa avoa ía comprar pitos a Portugal e que os metía nunha incubadora, e que fóra deste Parlamento vai frío. Díganllo vostedes a quen acaba unha posdoutoral e non ten unha soa convocatoria da Xunta de Galiza para ter un contrato de traballo. (*Aplausos.*) Claro, está máis atarecida esa de frío que o pito que traía a súa avoa de Portugal. (*A señora Rodil Fernández ri.*) (*Risos.*) (*Murmurios.*) É que eu creo que o grao de surrealismo aquí non ten límites. (*Risos.*) Pero non teño.... (*Risos.*) Levamos aquí demasiadas horas. (*Murmurios.*) Non é que a min me pareza moito ou pouco se é surrealista, non. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Non é que a min me pareza moito ou pouco. (*Risos.*) Perdón.

Non é que a min me pareza moito ou pouco investir o 1,1 por cento do produto interior bruto galego en ciencia e en investigación. É que vostedes prometían o 1,7 por cento para hai tres anos, e non chegamos hoxe nin sequera aos obxectivos que marcaban vostedes. Falábame de que Galiza ten un modelo propio, que non somos Euskadi nin Cataluña. Alégrome, esta-mos todos enterados de que somos galegos, ¿non? Calquera día dinme: *¿qué pone en tu DNI?*

Dicía vostede que ten un modelo propio, que aposta por todas as fases na etapa da carreira investigadora. Eu teño... (*A señora Rodil Fernández amosa un documento á Cámara.*) Miren: algo que hai que agradecerlle ao Goberno do Partido Popular é que nos fagan mapas sintácticos, téñeno publicado na páxina web da Gain e poden ver cal é o modelo, non galego, que o país non son vostedes.



O modelo do Partido Popular en ciencia e en investigación en materia de recursos humanos nos distintos chanzos da carreira investigadora está aquí. (*A señora Rodil Fernández amosa un documento á Cámara.*) Eu non direi mentira, ¿non? Ten o carimbo da Xunta de Galiza. Os programas para as persoas son: apoio á etapa predoutoral; a etapa posdoutoral, a segunda fase da posdoutoral porque dividiron en dúas unha convocatoria —unha cousa que mete medo—; o doutoramento industrial, que, por certo, hai que agradecerllo ao Bloque Nacionalista Galego, que o meteu como emenda na Lei de impulso demográfico; o apoio aos grupos de investigación, e un programa que aínda non existe que se chama Investigo.

Ti podes ter un contrato para facer unha tese predoutoral —poucos, pero hai—, un contrato posdoutoral para seguir formándote e aí acábase todo. Unha persoa investigadora neste país que queira desenvolver a súa carreira de investigación en Galiza, se quere consolidarse e incorporarse ao sistema ou ao ecosistema investigador galego, ten que optar a unha convocatoria estatal ou a unha convocatoria europea. Porque a Xunta de Galiza, non, o Goberno do Partido Popular, decidiu laminar absolutamente o programa que había co plan Incite, (*Aplausos.*) que tiña todas as convocatorias, unha por unha, para o persoal investigador e para o persoal tecnólogo.

Eu remato dicindo que cando eu cheguei a este Parlamento e empezamos a falar de ciencia e de investigación sempre poñían de exemplo o programa Oportunius. Dun tempo a esta parte non se volveu falar do programa Oportunius, eu pensei que ía dicirnos que o modelo galego era o programa Oportunius. ¿Por que non se fala do Oportunius? Porque deixaron de convocalo, como todo. Dous anos de convocatoria, neste caso do ano 2018 ao ano 2021, e nunca máis se volveu saber del. A grande aposta —e con isto remato, presidenta— do Partido Popular en materia de consolidación do talento investigador excelente neste país deu como resultado trece contratos; trece contratos entre o ano 2018 e o ano 2021. Hoxe nin sequera existe ese programa nin esa convocatoria nin a posibilidade de contratar ese suposto persoal excelente que xa era beneficiario ou, se é o caso, unha persoa que concorrera aos programas europeos ERC.

Nós o que facemos, efectivamente, si que son propostas serias, realistas, factibles e, sobre todo, necesarias. ¿Os anuncios que dicía a portavoz do Partido Socialista? Nada novo, cámbianlle o nome. Agora chámanlle plan iTransfer, e eu fun mirar: predoutorais, posdoutorais e as convocatorias de apoio aos grupos de investigación, que son exactamente os mesmos do ano pasado. Son bombas de palenque para intentar tapar e maquillar a incapacidade e a incompetencia do Partido Popular en materia de ciencia e de investigación. Nós non é que prometamos que vaiamos facer, é que imos recopiar o que xa fixemos e que a xente que traballa na ciencia e na investigación deste país xa coñece.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodil.

Avanzamos no punto dous, de mocións.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas e para formulala, por un tempo de dez minutos, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todos e todas.

Falando do que pasa dentro e fóra deste Parlamento, nós temos que situar o acontecido xa con certa perspectiva con esta interpelación e con esta iniciativa neste Parlamento ao longo do último mes. Con esa perspectiva, co sosego co que vivimos o acontecido, tratando de evitar un pouco a crispación e, sobre todo, tendo en conta a relevancia deste asunto e cal é a situación, acollemos —dicíamos— con responsabilidade, sen facer ruído, o acontecido neste Parlamento, pero chegadas a este punto non podemos máis que lamentar a falta de respecto absoluto do Goberno da Xunta de Galicia.

Foron todas e todos vostedes, señorías, testemuñas de como hai un mes, exactamente, pola tarde, reiniciábase a sesión plenaria, estaba na orde do día a Interpelación sobre a situación socioeconómica da mocidade galega e, sen aviso previo, sen xustificación ningunha, sen coñecemento nin da Presidencia nin da Mesa nin dos voceiros e voceiras dos grupos parlamentarios, ninguén do Goberno galego da Xunta de Galicia se presentou a responder a interpelación deste grupo parlamentario.

Por baixar un pouco os decibelios que estabamos a vivir nese pleno non fixemos moito ruído, pero ¿que pasou despois? Por iso, lamentamos a falta de respecto, a pouca deferencia nas formas, pero tamén no fondo. Con quince días de atraso vén a conselleira de Emprego contestar. Nós situamos a interpelación nos datos, nos estudos, na diagnose —insistimos—, focalizando na situación de enorme gravidade que está a padecer a mocidade galega, e a conselleira de Emprego non dedicou nin unha soa liña para xustificar ou lamentar o seu plantón neste pleno, neste Parlamento, nesta interpelación dun grupo parlamentario; e o que é máis grave, nin sequera entrou no fondo da cuestión da interpelación rexistrada. (*Aplausos.*) É —como dicíamos— absolutamente inxustificable. Por prudencia e por responsabilidade agardamos a sucesión de acontecementos. (*Aplausos.*)

Limitouse fundamentalmente a vir ler, con quince días de atraso —días a maiores que tivo para preparar esa resposta á nosa interpelación—, unha intervención en que presumía dos datos de emprego e de como evolucionara o mercado de desemprego para a mocidade galega nestes últimos anos, falando da diminución da taxa de desemprego, falando de como nestes dous últimos anos especialmente aumentara a contratación indefinida —como xa puxemos de manifesto—. Efectivamente, si, señores do Partido Popular e señores do Goberno da Xunta de Galicia, no ano 2018, ese era o titular, ademais —atención—, que vendía a propia Consellería de Emprego aos medios de comunicación despois da comparecencia da conselleira, isto é, a redución do desemprego xuvenil que estaba no ano 2018 case no 20 por cento e que pasou a estar nos últimos datos do trimestre deste ano no 14 por cento, é dicir, houbo



máis de cinco puntos de redución de desemprego xuvenil e o aumento da contratación indefinida nestes só dous últimos anos, que pasou do 8,5 por cento do total dos contratos asinados a máis do 35 por cento. Son datos que a Consellería de Emprego vende como méritos propios, obviando, en todo momento, que teñen relación directa cunha explicación que se chama reforma laboral; unha reforma laboral aprobada polo Goberno do Estado, boicoteada, votada en contra e criticada ata a saciedade polo Goberno do Partido Popular. Cando preguntamos, a piques de rematar a lexislatura e tras case quince anos de goberno, cales son as políticas en materia de política socioeconómica do Goberno da Xunta de Galicia no marco das súas competencias, sacan peito coa mellora do mercado laboral xuvenil, grazas ás políticas do Goberno do Estado.

Xa estamos afeitas, cando traemos unha interpelación ou algún tipo de iniciativa en relación coa vivenda, co emprego, coa economía, coa mocidade... a asistir a esas dúas caras do Goberno da Xunta de Galicia: a que vota en contra no Congreso dos Deputados e a que critica ata a saciedade, como aconteceu coas políticas en materia de vivenda, como aconteceu co bono Alugueiro Xove —preséntao como propio non só neste Parlamento, senón nas súas comparecencias cando fala de vivenda e mocidade— e como aconteceu hai quince días coa conselleira de Emprego falando de desemprego xuvenil.

Se seguimos, ao detalle, a análise desa comparecencia —que se fixo agardar quince días sen ningún tipo, insistimos, de xustificación máis alá da autocompracencia— sobre os datos da mellora da empregabilidade e da estabilidade da xuventude, como consecuencia da reforma laboral, esqueceu que hai moito que facer porque outro dos indicadores máis devastadores do mercado laboral galego é que a taxa de paro xuvenil se sitúa por riba do 15 por cento, é dicir, moi afastada do 9,6 por cento do total de idades.

A conselleira, máis alá de detallar proxectos, falou aquí da mellora sen citar —iso si— a reforma laboral; falou da empregabilidade, da temporalidade; falou tamén de proxectos europeos: acábase aquí de falar de I+D+i, dese programa Investigo; falou das axudas e subvencións para o emprego da mocidade no rural ou dixo que esas son as medidas estrela e de calado, despois de case catro anos dunha lexislatura —non calquera, senón dunha lexislatura— nun contexto de crise que tivo uns efectos nocivos e perniciosos, que aí están, constatados para a mocidade galega. E veu falar do programa Investigo, de axudas e de subvencións para a empregabilidade dos mozos no rural ou da primeira experiencia na Administración pública para mozos e mozas. Esas son as medidas de calado, non só despois destes catro anos, senón despois de case quince anos.

Ben, perdeuse unha oportunidade única —diciamos— para presentar aquí, neste Parlamento, cales son as políticas en materia de emprego, de economía e de vivenda para a mocidade. E, ademais, nós constatabamos varias cousas da mocidade galega: acadou o menor peso, dende que hai rexistros, no conxunto da sociedade, isto é, estamos nunha crise demográfica, e que antes mesmo da suba de prezos, é dicir, desta crise de prezos, o Instituto Nacional de Estatística xa advertía de que un de cada tres mozos e mozas galegas, mesmo tendo un emprego estable durante todo o ano, eran incapaces de se emancipar —un de cada tres, entre os 18 e os 34 anos—, e víanse na obriga —insistimos—, antes da suba de prezos, de vivir cos seus pais.



Esta nova iniciativa enmarcámola —foi outro dos argumentos— nun novo estudo sindical —hai moitos, do Consello Económico e Social, das universidades, dos sindicatos...— que analizaba a situación da mocidade galega en canto aos salarios, ao emprego e ás proxeccións posibles de futuro a ambos os dous lados da raia, tanto da mocidade no norte de Portugal como da mocidade de aquí, en Galicia. E ben, o argumento da conselleira foi dicir que non se podían comparar, que no eran equiparables, os datos entre dous Estados diferentes. Hoxe o presidente da Xunta de Galicia ten un acto ao outro lado da raia. Penso que a realidade da Euro-rrexión como contexto, como realidade asumida é tanxible; non será algo que virán poñer en dúbida. Datos como, por exemplo, que a mocidade do norte de Portugal non só con cruzar a raia ten mellores salarios, sofre menor temporalidade, senón que, ademais, son datos, como os da destrución de emprego, entre o ano 2010 e o ano 2020 —nunha década— do norte de Portugal, onde se destruíron, se falamos de emprego xuvenil, algo máis de 48.000 empregos, mentres que aquí a cifra, na nosa comunidade, está por riba dos 60.000, case 70.000 empregos; é dicir, 20.000 empregos máis, na mesma década, que se destruíron na nosa comunidade autónoma con respecto á destrución de emprego xuvenil no norte de Portugal. Diciámoslle á conselleira que estes datos, ademais da precariedade e da inestabilidade que sofre a mocidade galega, contrastan tamén cos últimos datos da Enquisa de poboación activa, se falamos da comparativa no conxunto de comunidades autónomas. Polo tanto, non entendemos esta fuxida cara adiante, e menos despois da situación que acabamos de relatar.

Mirar cara a outro lado non é, dende logo, unha opción. Hai, señorías, posibilidades de mellora, como así o está a demostrar esa reforma laboral, que non citaba, pero pola cal se parabenizaba e da cal a propia conselleira de Emprego empregaba os datos. Así que, nos agardamos despois deste pleno en que se perdeu unha oportunidade coa aprobación destes orzamentos para facer políticas transversais e serias para a mocidade galega que sofre máis precariedade, máis inestabilidade que a mocidade do conxunto do Estado, que por unha vez —como dicíamos, porque está tomando notas— que vai participar o responsable e voceiro de Xuventude do Partido Popular, fagan valer —como dicimos sempre— esa coletilla que ten a Consellería de Política Social e Xuventude, xa que unicamente nesta lexislatura se lembrou da xuventude para anunciar descontos en cruceiros e para anunciar campamentos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

É unha mágoa que xa non nos acompañe a secretaria xeral de Novas Xeracións do Partido Popular porque así tería a oportunidade de ver e de escoitar o que fixo a súa organización política nestes catorce anos. Ademais, é que se este fose un país normal, a Xunta de Galiza non tería secuestrado desde o ano 2014 o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza, e estas cousas podería debatelas a propia mocidade *(Aplausos.)* porque dar voz á mocidade é algo que a Xunta de Galiza non lle gusta; asústalle moito.



Nestes catorce anos de goberno do Partido Popular a mocidade perde, a mocidade galega non parou de perder. E é que, se a mocidade galega tiña un peso entre a poboación en idade activa de 655.000 persoas, temos que ver como neste ano baixamos dez puntos porcentuais e nos situamos cunha perda de 200.000 mozos e mozas respecto do ano 2009.

Falar de mocidade en Galiza desgraciadamente é falar de precariedade, de emigración, de fenda salarial de temporalidade e de ningunha política, isto é, dunha carencia total de políticas coordinadas, de políticas cohesionadas e integrais en materia de xuventude da Xunta de Galiza. Xa o Foro Económico e Social de Galiza alertaba non só das consecuencias da emigración da mocidade —da cal falaba agora mesmo—, senón tamén do difícil que é realmente facer unha análise, facer un estudo sobre a emigración xuvenil en Galiza porque directamente a Xunta de Galiza non proporciona ningún tipo de dato e, ademais, os que proporciona son para mentir.

O SEPE falaba, no ano 2022, dunha emigración xuvenil en Galiza que se situaba en preto de sesenta mil persoas, no que tiña que ver coa mobilidade interautonómica. Isto é algo que a Xunta de Galiza non entende como emigrar porque que un mozo galego ou unha moza galega teña que ir traballar a Madrid, a Barcelona ou a calquera outra capital dos territorios do Estado non é emigrar; é simplemente que decide ir de paseo, ir facer unha aventura a outro sitio, cando a realidade é que a mocidade galega ten que marchar deste país por unha falta total de oportunidades que non lle brinda a Xunta de Galiza.

Vemos, ademais, como nos contratos asinados pola mocidade, neste ano 2023 —falábase aquí de contratos indefinidos, de parciais, de temporais—, entre o sesenta por cento e o setenta por cento foron de carácter temporal, fose a xornada parcial ou fose a xornada completa. Falamos de que, dentro da mocidade, o sector servizos pesa máis do setenta por cento, sendo o sector máis precarizado de todos. E isto vémosto á vez que vemos como se desmantela tanto o sector industrial como os sectores produtivos e como tampouco se aposta decididamente polos sectores emerxentes da investigación, do desenvolvemento e das novas tecnoloxías, que moitos froitos poderían dar nese plan Retorna do que a Xunta carece porque, no día de hoxe, a Xunta ten unha estratexia Retorna —e poden acceder a ela na súa páxina web— en que fai un corta e pega de todas as iniciativas, de todos os anuncios, máis ben, da propaganda que a Xunta de Galiza ten como iniciativas para a mocidade en termos de emprego e en termos sociais. O certo é que a Xunta de Galiza leva todos estes anos porfiando nunha serie de iniciativas que, lonxe de dar resultados, son un auténtico fiasco.

E podemos falar de dúas iniciativas en concreto que, ademais, nos últimos anos foron as propostas estrela da Xunta de Galiza para a mocidade, como foi o programa Xuventude Mentoring ou como foi o programa Aval para comprar vivendas para a mocidade; son unhas propostas, por completo, faltas de ambición, nas cales os seus resultados realmente serían minimamente aceptables se falásemos de que os puxo en marcha un Goberno municipal dunha vila media ou dunha cidade. Porque, ¿saben a cantas persoas lles valeu para algo a proposta estrela en materia de emprego da Xunta de Galiza, que foi a Xuventude Mentoring? A propia Xunta de Galiza recoñeceu que menos do cincuenta por cento das persoas que accederon a este programa acabaron tendo un emprego; menos do cincuenta por cento. Este ano os mozos e as mozas que se acaban de apuntar á nova edición deste plan son 154; menos



de 70 persoas en toda Galiza —¡en toda Galiza!— van poder contar cun emprego seguramente temporal, seguramente en precario, con cartos públicos da súa proposta estrela. ¡Están chegando a 70 persoas por ano en todo o país coa súa proposta estrela de emprego xuvenil! Se o fixese un Goberno municipal dunha vila media e conseguise dar traballo a 70 mozos e mozas, sería algo para valorar; sería algo que podería ser aceptable. Na Xunta de Galiza non é absolutamente aceptable, con centos de miles de persoas, de mozos e mozas, que teñen unha situación completamente precaria.

E eu non vou entrar nos datos, nesa competición de cifras entre o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza pola cuestión do desemprego, porque aí tamén, coas estatísticas, se pode xogar moito loxicamente a favor ou en contra dunha ou doutra visión ou intención. Pero é que aquí estamos nun momento en que xa non é fundamental, nin sequera, analizar ou centrarnos directamente no que é a taxa de desemprego porque estamos falando de que a mocidade que ten traballo, e un traballo a xornada completa, é pobre, isto é, non pode emanciparse nin pode acceder a unha vivenda minimamente digna; non pode facerse cargo dos seus gastos, e é que temos unha fenda salarial na mocidade galega de ao redor do vinte por cento. A mocidade galega percibe de media cinco mil euros menos anuais polo seu traballo. Hoxe, a mocidade ten que poñer o sesenta por cento da súa renda para poder pagar un alugueiro, e a Xunta de Galiza saca a proposta estrela de cubrir o aval para a compra dunha vivenda. ¿Pero vostedes en que país viven?; ¿en que país viven vostedes? Así a propia conselleira acaba de recoñecer, neste mesmo pleno, que só unha vintena de persoas accedeu a esa axuda; recorreran ou puideron acceder á súa axuda estrela en materia de accesibilidade vinte mozos e mozas de todo o país. É que se isto non é propaganda e caradura, ¡eu xa non sei o que chamarlle!, porque o que é ter iniciativas reais para incidir na mellora da calidade de vida da mocidade galega non teñen ningunha, absolutamente nada. (*Aplausos.*) A mocidade galega está farta de que se rían na súa cara; está farta de ter un emprego precario; está farta de non poder emanciparse; e está farta de non ter unha calidade de vida digna e unhas oportunidades que lle permitan vivir e traballar dignamente no noso país sen ter que ir para fóra.

E esa, señorías, é a Galiza que vén. É a Galiza que vén liderada polo BNG, por e para a mocidade; un país onde poder vivir e traballar dignamente, onde non se utilicen os cartos públicos para financiar a precariedade laboral da mocidade galega —que é o que están facendo vostedes—, onde se poida acceder a unha vivenda digna —a unha vivenda en condicións dignas de habitabilidade—; un país onde a mocidade non teña que marchar, unha vez máis, por falta de oportunidades na nosa terra. Unha mocidade que xa é o presente, pero que, ademais, quere un futuro; quere un futuro aquí, e non quere marchar de aquí; quere un futuro aquí e vostedes estallan a negar sistematicamente, ano tras ano, coas mesmas propostas que non teñen alcance, que non teñen ambición, que son fume, que son propaganda, tras propaganda, tras propaganda. Cando se analizan estas propostas vemos que teñen un impacto absolutamente pírrico e ridículo, así como é tamén pírrico e ridículo o que vostedes destinan para a mocidade nos seus orzamentos.

O Goberno galego ten medo á mocidade deste país; tenlle medo porque sabe que a mocidade deste país non lle compra o discurso —non lle compra o discurso—. ¿Por que? Porque quen teña que vir falar aquí agora, do Partido Popular, seguramente o señor Pardo, eu pídolle por



favor que mire para os ollos da mocidade deste país —que mire para os ollos da mocidade deste país— e que lle diga que todo vai ben, que lle conte o seu mundo de luz e de cor onde pensa que vive a mocidade galega, e que, ademais, teña a decencia, cando menos, de rebater algún destes datos que estou dando aquí, ou cando menos, que teña a decencia de dicir, seguindo nese delirio que ten o Partido Popular, que os problemas da mocidade galega son culpa do BNG.

Non se preocupen, porque, total, máis botados para o monte non poden estar, pero á mocidade galega non a van enganar, e a mocidade galega coñece perfectamente a Galiza que vén. E coa mocidade galega ao noso carón, coa mocidade galega sendo ese motor de cambio neste país, o BNG conseguirá facer deste país un país onde a mocidade poida vivir e traballar dignamente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pardo López.

O señor PARDO LÓPEZ: Moi boas tardes a todos.

Antes de comezar, señora Otero, pódese cometer un error, pero o que non se pode é vir aquí mentir, e vostede sabe que a conselleira ese mesmo día chamounas, a vostede e a señora Noa Presas, para desculparse. Vostede acaba de dicir aquí que non; o que non se pode é vir mentir. Pódese cometer un erro, pero non se pode mentir aquí, no Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)*

E señor Ríos, vostede tampouco pode saudar os representantes de Galiza Nova que están aquí no Parlamento de Galicia. Imaxino que xa irían rachar co Xacobeo, *(Murmurios.)* rachar coa Constitución, co Estatuto, con esas cousas que vos gustan en Galiza Nova. *(Murmurios.)*

Hoxe vimos aquí debater a típica moción-penitencia do Partido Socialista de Galicia que, ademais, é un copia e pega da cal presentou o ano pasado; unha moción en que, ademais, omiten unha cousa que non dixo a señora Otero, nin na interpelación nin hoxe aquí na moción, e que é que o Partido Socialista leva gobernando cinco —¡cinco anos!—. Logo, entrarei a falar máis en profundidade no que está a facer Pedro Sánchez cos mozos e coas mozas, tanto galegas como españolas, e sobre ese muro que non só levanta entre os españois, senón tamén sobre ese muro interxeracional que trata de levantar, cun nivel de endebedamento en España que non pagarán eles, que non pagará o actual Partido Socialista, senón que pagará a miña xeración e as que veñen detrás.

Esta moción é unha burla; é unha burla do Partido Socialista á xente nova. Piden no seu punto 1 un novo plan de emprego para a mocidade, e pídeno quen nos ten líderes de desemprego xuvenil en toda Europa. E no seu punto 2, piden unha estratexia para a emancipación —que, bueno, a min paréceme moi ben—, e que isto o veña dicir o Partido Socialista cando, en cinco anos do Goberno de Pedro Sánchez en Madrid, fixo que na última década aumentase 1,6 anos a idade de emancipación, segundo a Eurostat, é unha auténtica humillación do Partido Socialista á mocidade, tanto galega como española. Entón, señora Otero, con todo o res-



pecto e aprecio que sabe que lle teño, leccións do Partido Socialista ningunha —¡ningunha!—. (Aplausos.)

O PSOE é o oposto á mocidade. É un partido cada vez máis gris. Un PSOE que en lugar de *Tierra firme*, que asinaba Pedro Sánchez —digo asinaba, porque, ¡claro!, xa sabemos que non o escribiu el; ao igual que a súa tese de doutoramento—, o que deixa á mocidade é terra queimada (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —é terra queimada—, porque, ¿que é o que pensa o señor Sánchez da mocidade? Pois podémolo ver no que fixo agora co Ministerio de Infancia e Xuventude, isto é, faltan competencias por determinar, poñendo unha ministra á fronte que, entre outras cousas, non condenou a deportación forzosa de máis de 2.000 nenos ucraínos a campos de rusificación, en Bielorrusia, cando era eurodeputada. Dos 705 eurodeputados que compoñen o Parlamento Europeo, só 23 votaron en contra, e unha delas era ministra do Goberno de España. ¡Vergoñoso!

E fronte a iso, fronte a este Goberno apático —apoiado tamén polo Bloque Nacionalista Galego en Madrid—, podemos destacar como as mozas e os mozos galegos somos un colectivo prioritario en todas as políticas de emprego da Xunta de Galicia, polo que a consecución dun traballo de calidade é a mellor ferramenta para que a mocidade galega teña as oportunidades que se merece. O desemprego xuvenil é un grave perigo para o equilibrio xeracional que converte as mozas e os mozos nun dos colectivos máis prexudicados polas sucesivas crises económicas.

Por iso, é importante falar de medidas específicas, pero tamén de medidas transversais para axudar a mocidade, isto é, de medidas como facilitar o acceso a unha educación de calidade —podo poñer un exemplo diso—, como a FP dual, que consegue unha inserción laboral do cen por cento, ou as axudas á mobilidade ou tamén, por exemplo, as axudas para o acceso da mocidade a unha vivenda, das cales falarei agora. Podo citar moitos programas postos en marcha nos últimos anos, como o plan Emprega Xuventude, que incentiva a formación e a contratación, con máis de 29 millóns de euros que inviste directamente en 1.800 mozos e mozas. Podo citar programas como o Galicia Emprega, que ten o obxectivo de incentivar a contratación de persoas mozas menores de 30 anos, que carezan de ocupación, que estean desempregadas e que tamén estean inscritas como demandantes de emprego; o Programa de promoción do emprego autónomo, que ten por obxectivo facilitar a posta en marcha de novas iniciativas empresariais; e podo citar outros tamén, como o Programa de subvención para o fomento do emprego no medio rural, o programa operativo Fondo social europeo plus 2021-2027, con programas de axudas dirixidas a mellorar o acceso ao emprego das persoas mozas demandantes de emprego, ou tamén o Plan anual para o fomento do emprego digno.

E tamén, falando agora da emancipación, quero destacar que esta —como evidentemente todos sabemos aquí— é unha das inquiredanzas que ten a mocidade, e, por iso, a Xunta cada ano fai un esforzo por promover novas vivendas protexidas, rehabilitar inmobles para o alugueiro social e deseñar programas específicos ou nos cales se prime este colectivo, como poden ser, por exemplo, as axudas para a adquisición de vivenda en municipios de menos de 10.000 habitantes, as axudas para a compra en centros históricos ou a concesión de avais hipotecarios a menores de 36 anos que empezan unha vida independente, e que poderá chegar ata o vinte por cento do prezo de adquisición do inmovble. Ademais, tamén quero destacar



que o Instituto Galego de Vivenda e Solo xestiona liñas de axudas de carácter directo para apoiar os mozos e as mozas galegos nos seus arrendamentos, como as axudas xerais ao alugueiro que, como novidade, no vindeiro ano 2024, cubrirán ata o sesenta por cento da renda mensual no caso das persoas menores de 36 anos.

Tamén quero destacar un dato que daba o Observatorio de Emancipación, e que dicía que, por exemplo, no ano 2008, se falamos dos datos de emancipación, Galicia ocupaba o posto número 15 entre as comunidades autónomas, mentres que agora, no ano 2022, ocupa o posto número 7. Tamén hai que destacar que Galicia foi a comunidade en que máis incrementou a taxa de emancipación no grupo de 30 a 34 anos, pasando do 61,5 por cento durante o Bipartito, no ano 2008, a agora case un 71 por cento, no ano 2022.

Pero, señorías, fronte a un Goberno galego que traballa, temos unha oposición convencida de que se á mocidade lle vai mal a eles vailles ir ben, porque —dígoo sempre— ao PSOE ao BNG o que máis lles interesa da mocidade son os seus votos. E temos aquí moitos exemplos diso, por exemplo, estes dous pactos: (*O señor Pardo López eleva dous documentos e móstraos á Cámara.*) o do ano 2019 e o do ano 2023. O certo é que copian unha medida, copian unha páxina, que é a páxina de políticas para incentivar o traballo na mocidade e de políticas xuvenís. Aquí a teño, (*O señor Pardo López eleva un dos anteriores documentos e móstrao á Cámara.*) está en branco, porque, é o de sempre, non aparece nin no ano 2019 nin no ano 2023. Ou sexa que, leccións do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia sobre emprego xuvenil e sobre axudas á mocidade, ningunha —ningunha!—. (*Aplausos.*)

Pero tamén podo personificar o traballo do Bloque Nacionalista Galego, por exemplo, en prol da mocidade, nunha persoa que hoxe non está aquí —bueno, non estivo durante case todo o pleno—, como é a señora Pontón que, ao longo destes vinte anos ininterrompidos como deputada, ten grandes éxitos de como facer política en contra da xuventude galega. Votou a favor, durante catro anos, da subida das taxas universitarias durante o Bipartito, o que fixo que a mocidade galega tivese que pagar un trece por cento máis en taxas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

(*O señor Pardo López vírase cara ao presidente.*) Presidente, así non se pode. É que unha cousa —eu entendo— é a discrepancia, que se pode ter, e outra é vir aquí facer burla a un deputado que está no uso da palabra; non se pode, non se pode. (*Aplausos.*)

Pero bueno, non se preocupen, que eu sigo falando da señora Pontón. Leva votando durante trece anos en contra duns orzamentos que fixeron que Galicia tivese as taxas máis baratas de toda España. Podemos falar tamén que durante os catro anos do Bipartito, do Partido Socialista e do BNG, Galicia era a comunidade cos peores datos en emancipación porque no BNG son expertos en facer consignas e non tanto en consignar contas; un BNG que leva corenta anos perdendo eleccións, pero que leva tamén corenta anos defraudando a mocidade porque pensa que todos os problemas da mocidade se solucionan coa independencia, pero xa non engana ningúen. Tamén entendo que ser do Partido Socialista de Galicia non é fácil. Eu ata podo entender que o señor Sánchez pedise que lle levasen o avión da Coruña a Santiago para poder marchar canto antes de aí, dese acto do Partido Socialista; pero tamén agardo que aquí os compañeiros deputados do Partido Socialista de Galicia contemplasen



ben o despegue do Falcon, que xa xaben que é un avión, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que xa saben que é un avión...

O señor PRESIDENTE: Señora....

O señor PARDÓ LÓPEZ: ...que acostuma ter moitos fallos mecánicos.

(*A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Gallego, hai que saber encaixar algo —¿eh?— tamén, de vez en cando. (*Balbordo.*) ¡Todos, todos! hai que saber encaixar, deste lado e dese, pero tranquilos. Está aquí no uso da palabra este xove deputado.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Bueno, bueno!, iso paréceme moi ben. Ten vostede liberdade para pólo, pero xa está un pouco pasado de moda iso, ¿eh?; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡home!, eu creo que si, ¿eh?!, ¡por favor! Ten liberdade, non me vou meter niso. Faga o que queira. (*Murmurios.*)

O señor PARDÓ LÓPEZ: Eu só dicía que espero que contempládes ben o despegue, xa que xa sabedes que o Falcon acostuma ter fallos mecánicos nas campañas autonómicas en Galicia, sobre todo nos mitins de peche de campaña do Partido Socialista.

O certo é que tamén a convivencia no Partido Socialista algo mellorou; por exemplo, hoxe a señora Rodríguez Rumbo non se tivo que levantar para pedirllas aos deputados do Partido Socialista que aplaudisen os portavoces do Partido Socialista. Algo ides avanzando, iso é certo. (*Aplausos.*)

Pero bueno, ¿a resposta a que fixo o Partido Socialista pola mocidade? Pois ben, podo dicir o que fixo os últimos cinco anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Durante os últimos cinco anos, catro de cada dez novos desempregados xoves en Europa eran españois. Fixo que durante os últimos cinco anos a emancipación entre os menores de 34 anos se atrasase en España máis de un ano e medio. Fixo que España teña o peor resultado da súa historia no informe PISA. Fixo que o 32 por cento da poboación entre 20 e 29 anos estea en risco de exclusión social. E todo isto nos últimos cinco anos. ¿De verdade vén aquí o Partido Socialista dar leccións?

Eu, presidente, remato xa dicindo que, fronte a esta oposición, aquí seguirá habendo un goberno e un partido que, como hoxe, seguirán aprobando orzamentos que fan que a mocidade galega teña máis recursos e máis oportunidades que o resto do Estado. Porque, fronte a unha oposición gris e mediocre, Galicia seguirá apostando por unha mocidade chamada a construír a mellor Galicia da historia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.



Grupo autor da moción, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Ben, a verdade é que igual que este mes tratamos de manter un pouco con perspectiva o sosego e a tranquilidade, arredor destes catro anos —case quince— perdidos para a mocidade galega imos tratar de manter tamén esa tranquilidade.

Vostede fala de oposición «gris e mediocre». Os cualificativos e o festival do humor cando se fala destes asuntos —e máis nunha lexislatura, como temos dito, que se falamos deste contexto económico foi absolutamente letal para a mocidade galega—, pois entenderá vostede que para nós non mereza, nin moito menos, aplausos.

Tamén con todo o respecto e o agarimo —como dicía vostede— que eu lle teño, ao que vostede chama gris, nós chamámolo responsabilidade e rigor. Porque miren non faltamos á verdade e menos neste hemicycle. O que dixen e dixemos literalmente é que nin a conselleira de emprego nin ninguén do Goberno compareceu, sen xustificación. Plantáronnos durante máis de vinte minutos e, pasados eses vinte minutos, recibimos unha chamada. Aínda así, sen ter unha explicación de peso entenderán vostedes que plantar un debate plenario nunha interpelación non é causa menor. Non fixemos ruído dende o Partido Socialista; aceptamos esa chamada, esas explicacións, absolutamente en privado. Pero si que lamentamos, na forma e tamén no fondo, que quince días despois, con atrasos, se compareza aquí para non ter unha soa liña e, ademais, para non cingirse á cuestión e o contido da nosa interpelación. (Aplausos.) Sobre todo, insistimos, nunha moción —neste caso— pero nunha interpelación na que se presentan datos comparativos da enquisa de poboación activa e dunha comparativa absolutamente demoledora entre a situación de precariedade, a situación salarial e as perspectivas de futuro a ámbolos dous lados da raia. Para a conselleira non é lícito ou comparable equiparar a situación do norte de Portugal con Galicia, pero para vostede vir aquí falar de todo e de nada, ou mesmo de Europa, si que é rigoroso, señor Pardo. Fágao ver.

Nós diciamos que nesta lexislatura si temos presentado propostas. E votaron en contra absolutamente de todo. Estamos absolutamente encantadas de que agora, con pouca credibilidade, digan dúas cousas: que non están en contra dun plan de emancipación para a mocidade galega. Tampouco estaba en contra a conselleira de Vivenda, que dixo que había que facer cousas. ¿Que fixeron? Votar en contra.

Xa dixemos que a política de poñer o foco nos orzamentos galegos nestes anos en avalar hipotecas cos bancos —neste contexto de crise, cando máis do oitenta por cento da mocidade que demanda unha vivenda e se quere emancipar demandaba un alugueiro accesible nunha vivenda pública— era un auténtico fracaso. Non quixeron escoitar. ¿E vén agora o señor Rueda dicir —e vostede a anunciar— que van avalar na vindeira lexislatura os alugueiros á mocidade, cando teñen boicoteado e criticado ata a saciedade a política do bono Alugueiro Xove impulsado dende o Goberno do Estado? (Aplausos.) ¿Que credibilidade teñen vostedes? ¿Que credibilidade teñen vostedes cando votan en contra de aproveitar os beneficios do carné Xove na tarxeta Xente nova de transporte para viaxar de balde neste contexto de crise?; ¿que non o limiten ata os 21 anos? O carné Xove en Galicia vale para que a conselleira anuncie descontos duns euros para viaxar en Costa Cruceiros, pero non para ser usuarios e usuarias do transporte público coa tarxeta Xente nova.



E que só faltou, señor Pardo, —se quere aquí competir en brincadeiras e festival do humor e xa que tivemos aquí a compañía da nova presidenta de Novas Xeracións, que tamén ostentou vostede— que nos veñan aquí vender medidas como entradas exclusivas en zona VIP das discotecas ou copas gratis, como fixeron desde Novas Xeracións Madrid. ¡Iso é estar á altura das circunstancias! Son prioridades, pode que si. A Consellería de Política Social e Xuventude e o Goberno da Xunta de Galicia xa ten amosado e contrastado, igual que acaba de facer vostede e fixo a conselleira de emprego hai quince días, cales son as súas prioridades de cara á mocidade galega.

Facía o señor Pazos tamén un símil deportivo esta mañá falando dos orzamentos, dicindo que tiñan o mellor adestrador e director deportivo no señor Rueda. Eu penso que á vista da situación da fenda salarial que teñen os mozos e as mozas, dos datos de emancipación, señor Pazos, mellor sería —e penso que vai pasar— que sente pronto no banquillo o señor Rueda. Un presidente do Partido Popular que foi absolutamente letal para a mocidade galega. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Luis Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir dous novos puntos no texto da parte resolutiva, que pasarían a ser o 3 e o 4, co seguinte texto:

«3. Elaborar un estudo sobre o custo do rescate da concesión e establecemento da gratuidade das autovías AG 55 e AG 57.

4. Transitoriamente, aplicación na AG 55 e na AG 57 das mesmas bonificacións que se apliquen na AP 9 en 2024.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.



No anterior pleno faciamos unha interpelación á conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, porque queriamos saber se esta consellería ía atender a recomendación feita polo Consello de Contas no relativo á análise da eficiencia e da colaboración público-privada na execución de cinco autovías de competencia galega. Hai que recordar que catro eran con peaxe en sombra e unha con canon de dispoñibilidade.

Este informe do Consello de Contas recomendaba revisar os acordos polos que se incrementaron as tarifas pagadas ás empresas concesionarias das autovías do Salnés, de Barbanza e de Celanova e que se limitase o pagamento destas cantidades ás cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos contratos, xerando así un aforro cando menos de 44 millóns de euros para todos os galegos e todas as galegas.

E cando este grupo, o grupo parlamentario do PSdeG, denunciaba e facía público este informe do Consello de Contas, pois o presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, abría a posibilidade a rescatar estas concesións. Pero dentro de como o levan os distintos membros do Goberno galego, pois a conselleira de Infraestruturas retratou o presidente da Xunta de Galicia e dixo claramente en sede parlamentaria, ante unha pregunta deste grupo, que non ía atender a recomendación feita polo Consello de Contas. Literalmente, revisei a intervención da conselleira no pasado pleno e dixo: «E non imos atender, dende logo, a demanda do Consello de Contas». Polo tanto, que se poñan de acordo a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e o presidente da Xunta de Galicia, porque cada un di unha cousa.

Pero, para poñernos en antecedentes, o que di este informe do Consello de Contas é que alá polo ano 2014 as empresas concesionarias destas autovías pedían un reequilibrio económico da súa concesión ante o menor volume de tráfico nestas autovías. ¿Que acontecía ante esta petición que facían as empresas concesionarias no ano 2014? Que isto non o permitían os pregos e nin sequera tampouco os contratos que estaban asinados. ¿E que fixo a Xunta de Galicia? Pois correu en auxilio destas empresas concesionarias: modificou pola porta de atrás —vía Lei de acompañamento dos orzamentos— e á metade do partido as regras do xogo. Porque non era verdade o que dixo a conselleira neste pleno, que dicía que a anterior conselleira, a señora Caride, xa puxera estas regras de reequilibrio encima da mesa. Porque, se xa estaban aprobadas, ¿como tiveron vostedes que actuar vía modificación Lei de acompañamento dos orzamentos para poder poñer este mecanismo enriba da mesa?

Pero o máis chamativo é que directamente foron ao rescate desas empresas concesionarias. Pagaron 205 millóns de euros máis do que estaba previsto a estas empresas concesionarias. E o peor de todo é que non valoraron outras posibilidades que lles permitía a lexislación vixente e que lles permitían os tribunais. Era a posibilidade, por exemplo, de rescindir eses contratos, de volvelos sacar a licitación ou ben de levalos adiante con medios propios. Polo tanto, automaticamente 205 millóns de euros máis para as empresas concesionarias e non valoraron outra posibilidade. Ademais, recalcular mal ese reequilibrio estanos custando aos galegos e ás galegas 44 millóns de euros.

Esas posibilidades que lle digo de valorar outras opcións eran totalmente viables. Non o dicimos nós; dío o propio informe do Consello de Contas, literalmente, —non me cansarei de repetir— que «a Xunta de Galicia podería non ter accedido a esas renegociación, para tratar



de conseguir que a caída de ingresos derivada do menor tráfico fose asumida directamente polos concesionarios e polos bancos financiadores, sen achegar, polo tanto, máis fondos públicos» E segue dicindo este Consello de Contas que «a posibilidade de que esa falta de re-negociación provocase que os concesionarios chegasen a quebrar, neste caso a Administración tería que rescatar as concesións e extinguir os contratos». E segue dicindo este informe do Consello de Contas que «este escenario era viable dende o punto de vista orzamentario, que era viable dende o punto de vista xurídico e que tamén era o máis vantaxoso economicamente para os galegos e para as galegas, máis que ese reequilibrio que calculou a Xunta de Galicia».

Pero claro, agora estamos a pagar 44 millóns de euros máis. E a Conselleira di que non vai atender a recomendación feita polo Consello de Contas. ¡Pois que pena, porque que ben nos virían eses 44 millóns de euros máis para, por exemplo, rematar moitísimas desas infraestruturas que vai deixar pendentes a Xunta de Galicia e o Partido Popular agora cando abandone o Goberno galego! Por exemplo: vía Ártabra, 21 anos de atraso; variante de Carballo; finalización da autovía da Costa da Morte; desdoblamento e conversión en autovía da VAC Brión-Noia; ou a variante de Ribeira. Estes son só algúns exemplos na provincia da Coruña. Falamos de Lugo: esa VAC Costa Norte, con só dúas variantes en funcionamento que xa foron licitadas polo presidente Touriño; ou ese acceso ao porto seco de Monforte, que foi inaugurado no ano 2014 e nada fixeron. Pode rirse moito, señor Balseiro; aí segue, sequiño sequiño. Plan Paradai, Rolda Leste de Lugo, o desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte... Se falamos de Pontevedra: variante de Alba, que xa desapareceu dos orzamentos da Xunta de Galicia; o tramo A Ramallosa-A Estrada, na AG-59, hai tanto tempo prometido; ou a VAC Tui-A Guarda. Ou podemos seguir a falar en Ourense: Circunvalación Leste de Ourense; ou esa continuación da autovía de Celanova ata a fronteira portuguesa. ¡Que ben nos virían eses 44 millóns de euros que o Partido Popular lles debe aos galegos e ás galegas pola súa mala xestión para poder rematar, e nalgúns casos iniciar, algunhas das promesas en infraestruturas que xa facía alá polo ano 2009 o anterior presidente da Xunta, o señor Feijóo! (Aplausos.)

Pero miren, ¡que ben nos virían tamén eses 44 millóns de euros para incrementar as bonificacións das peaxes nas autopistas de titularidade autonómica, co obxectivo de achegarse á gratuidade para os usuarios e as usuarias destas infraestruturas!

¡Canto teñen que aprender do Goberno central! Porque claro, era o que lle dicía antes: que diferenzas tan grandes hai entre as bonificacións que pon o Goberno central na AP-9 e agora no 2024 tamén na AP-53 e as que pon o Goberno galego nas autovías de titularidade autonómica. Xa no volume de cartos que se empregan para as bonificacións nunha e noutras é tremenda a diferenza. Estamos a falar de 83 ou 85 millóns de euros que aportará o Goberno de España para as infraestruturas da AP-9 e da AP-53 e de 5,5 millóns de euros da Xunta de Galicia para as infraestruturas de titularidade galega. Porque, claro, cómpre recordar que mentres o Goberno central pon bonificacións para todos os usuarios e as usuarias todos os días da semana e todas as horas do día, a Xunta de Galicia vai a parches. Porque claro, entráronlles as présas en verán do ano 2021 cando o Goberno central puxo estas rebaixas históricas na AP-9. Pero nada; esa bonificación do cen por cento no traxecto de volta nas de competencia autonómica só é para un tipo de familias e só é para algúns días da semana, non para todos. Polo tanto, a diferenza é tremenda.



Como dicía, os socialistas sempre quixemos camiñar e levantar esas peaxes; camiñar cara á gratuidade nestas peaxes. E verdade é que pouquiño a pouco ímolo conseguindo, porque agora no 2024 estamos a falar de que os usuarios e as usuarias, tanto na AP-9 como na AP-53, poderán desfrutar dunhas bonificacións de ata o 75 por cento.

Polo tanto, non veñan vostedes aquí a esta tribuna dicir que se están a pagar as peaxes máis caras de toda España, porque ademais é por consecuencia dunha decisión do Partido Popular. Agora mesmo a AP-9 podería estar libre de peaxes se non fose por unha decisión do Partido Popular. Pero xa que deixaron esa lousa para todos os galegos e as galegas, o que fixo o Partido Socialista nada máis chegar ao Goberno de España foi aplicar esas bonificacións históricas que, como digo, aínda serán máis históricas no ano 2024, porque serán do 75 por cento; achegándose e indo cara á gratuidade, que é polo que traballamos os socialistas, tanto aquí en Galicia como en Madrid.

Polo tanto, moito teñen que aprender. O segundo punto da nosa moción vai nese sentido, no de que amplíen as bonificacións da Xunta de Galicia na AG-55 e na AG-57. Porque, ademais, cómpre recordar que teñen unha débeda tremenda, sobre todo na AG-55. Na AG-55 prometeu o Partido Popular dende a Xunta de Galicia xa hai moitos anos que esa infraestrutura sería libre de peaxes. Enganaron os veciños e as veciñas á hora de levar adiante esas expropiacións para levar adiante esa infraestrutura autonómica e despois puxeron peaxes nesa AG-55. Polo tanto, débennllelo aos galegos e ás galegas. Aprendan un pouquiño do que fai o Goberno central. Se se quere, pódese.

Polo tanto, o que non podemos aceptar é que vostedes sempre nos veñan aquí dicir que o Goberno central aplique as mesmas bonificacións que aplica o Goberno galego na AG-55...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e na AG-57, porque sería reducir as bonificacións. E nós non queremos reducir as bonificacións; nós queremos tender cara á gratuidade e, deste xeito, ademais, ampliaremos do 20 por cento ao 75 por cento. Polo tanto, se vostedes din querer tanto a Galicia, deberían de votar a favor da moción que hoxe presentamos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pois esta proposta é verdadeiramente bastante semellante a unha que xa presentou o BNG no pasado pleno como proposición non de lei. Entón, podemos aventurar cal vai ser a posición do voto do Partido Popular. Vai ser igualmente, como no pasado pleno, contraria a que a Xunta poida aforrar 44 millóns de euros, que ben virían para as moitas necesidades que hai, tanto en materia de infraestruturas como tamén en materia de política social. Entón, non ten ningunha emoción, a verdade, o resultado desta votación, aínda que si pode servir o debate para aclarar... Estou vendo aí unha foto. En fin, non me



desvían a atención, señorías do Partido Socialista, con esa fotografía, que me descentra. (Risos.) *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Decía que pode servir este debate, aínda que xa é un tema suficientemente claro. Pero como o Partido Popular se empeña en distorsionar a realidade —literalmente, en mentir e en falsificar— quero facer un par de aclaracións, porque non está de máis deixar estes temas claros.

Unha é sobre o sistema de contratación da construción destas autovías polo sistema de concesión de obra pública, tamén chamado de colaboración público-privada, que como sabemos é un sistema que foi demandado pola patronal das empresas construtoras —que xa sabemos quen son, Seopan— porque é o sistema máis favorable aos seus intereses. Foi utilizado en Galiza por primeira vez polo Partido Popular a partir da Lei de contratos do ano 2003. Polo tanto, foi unha medida pioneira posta en marcha polo señor aquel da fotografía, o da crema, o señor Feijóo, no ano 2003, na contratación e na licitación das autovías do Salnés, do Barbanza e tamén na autovía que se tramitou entre Santiago e Brión.

Por se non fose isto claro, voulles recordar o que dicían os medios de comunicación naquel momento. Miren, titular do 9 de xuño do 2005. Recórdolles, xa que estamos agora en momento preelectoral, que as eleccións galegas estaban previstas para o 19 de xuño do 2005; é dicir, que estabamos en plena campaña electoral das eleccións autonómicas de xuño de 2005. Xa saben o que pasou daquela. Miren: *«La Consellería de Política Territorial ha adjudicado, en plena carrera electoral, a la unión temporal de empresas Copasa, Puentes y calzadas y Caixanova la autovía del Salnés —non sei se lles soan as empresas; ao señor Bárcenas si que lle soaban— y a Dragados, Extraco y F.Gómez, constituídas igualmente en UTE, la autovía Santiago-Brión. La próxima semana, el conselleiro de Política Territorial, Alberto Núñez Feijóo, firmará las adjudicaciones»*. Non sei se aínda a estas alturas van vostedes intentar vir aquí desmentir o que son feitos reais constatados e consumados.

E con respecto á autovía, á vía rápida do Barbanza, dicían no mes de febreiro: *«El Gobierno gallego autorizó ayer la licitación de las obras para la conversión en autovía de la vía rápida del Barbanza, incluida en el Plan de dinamización económica de la Xunta que complementa el Plan Galicia del Estado. Fórmula de financiación, la Xunta precisa que la construcción de la autovía seguirá la Ley 13/2003, que regula el contrato de concesión de obras públicas. De acuerdo con esta legislación, la empresa adjudicataria construirá la obra y asumirá además su conservación y mantenimiento por el periodo de tiempo que se determine en el contrato. Este método permite al Ejecutivo endeudarse —jendeudarse!— a través de inversión extrapresupuestaria para financiar infraestructuras»*.

É dicir: ¿quen patentou?, ¿quen puxo en marcha?, ¿quen promoveu?, ¿quen licitou?, ¿quen adxudicou estas obras? ¡O señor Alberto Núñez Feixóo, daquela conselleiro de Política Territorial e Obras Públicas do Partido Popular! *(Aplausos.)* ¡É que non hai volta que darlle! Se me din vostedes despois que o Goberno bipartito tamén utilizou este procedemento, xa llo dixemos aquí. Utilizouno, porque ademais dío claramente o informe do Consello de Contas. Pero non se pode negar a evidencia, a realidade dos feitos do que pasou nos anos 2003, 2004 e 2005 cando se puxo en marcha este procedemento. Entón non lle poden atribuír unha parte importante da débeda esta a gobernos do BNG ou do PSOE, porque non é certo; quen empezou con este procedemento foi o Partido Popular.



E despois, á parte da valoración que fai o Consello de Contas deste procedemento como un procedemento que é ineficiente e que di literalmente que é moi custoso para a Administración, non foi eficiente, xa que se poderían acadar resultados equivalentes a un menor custo. E detalla o Consello de Contas as débedas que ten contraídas o Goberno galego, que son de máis de mil setecentos millóns de euros por esta cuestión. Tamén a estas débedas hai que engadirllas a doutra obra para a que tamén utilizaron este procedemento, que foi o Hospital de Vigo, que costou 1.400 millóns por este procedemento do Partido Popular.

A segunda cuestión é a da revisión dos contratos. Porque evidentemente, como dixo xa a señora Otero e como dixemos no anterior pleno, cando as empresas reclamaron unha compensación polo descenso do número de persoas usuarias das vías, o Partido Popular, sendo directora da Axencia Galega de Infraestruturas a señora Ethel Vázquez, promoveu unha revisión deses contratos para aforrarlles ás empresas 205 millóns de euros. ¡Nada máis e nada menos! A estas empresas que citei antes. Está claro para quen goberna o Partido Popular. O Consello de Contas fai unha análise das opcións que había para resolver esta demanda, desde logo moito máis favorables para a Administración pública, e conclúe que o que debía facer o Goberno galego —e recoméndalle agora facelo— é facer un estudo, reequilibrar os contratos, limitar os pagamentos ás cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. Existen posibilidades de reducir as tarifas abonadas pola Administración e xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de cando menos 44 millóns de euros.

É dicir, o Consello de Contas presenta un informe que demostra que se poden aforrar 44 millóns de euros, nós vimos aquí ao Parlamento traer ese informe e propoñerlles que o atendan para poder aforrarlles ás arcas públicas 44 millóns de euros, je o Partido Popular vota en contra! O Partido Popular vota a favor dos intereses das empresas construtoras que se benefician con estes contratos. Pois xa me explicaran vostedes a que intereses serven, porque queda claro a que intereses serven: aos intereses das empresas privadas concesionarias.

E hai unha última cuestión tamén á que me quero referir brevemente, que é a cuestión das peaxes nas autovías autonómicas. Estas peaxes ás que nos referimos teñen peaxe na sombra, que pagamos todas as galegas e galegos, e hai outras autovías, concretamente dúas, A AG-55 e a AG-57, que comunican A Coruña con Bergantiños e Vigo con Baiona e cos concellos de Val Miñor, que teñen peaxes que pagan as persoas usuarias. Esta é unha realidade absolutamente discriminatoria. É un agravio para estas comarcas, porque é unha carga suplementaria sobre os custos que teñen que asumir as empresas e as persoas que viven aí; ademais da repercusión negativa que ten na seguridade viaria das vías convencionais. Polo tanto, non é de recibo.

Por iso o BNG presentou unha emenda na que pedimos que se faga un estudo para valorar o custo do rescate destas concesións. Eses 44 millóns de euros posiblemente virían moi ben para financiar ese rescate e, transitoriamente, que se implanten nestas dúas autovías as mesmas bonificacións que rexen para a AP-9. Téñeno fácil, poñan as mesmas bonificacións nestes autovías que as que rexen para a AP-9.



En todo caso, independentemente da valoración que se faga por parte do grupo propoñente destas emendas, o BNG, como é lóxico, vai votar a favor da proposta, porque coincide coa que presentamos no pasado pleno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

(*O señor presidente dirixe ao señor Balseiro Orol palabras que non se perciben.*)

O señor BALSEIRO OROL: Non se apuren, que hai que estar documentados para non falar de oído.

(*O señor presidente dirixe ao señor Balseiro Orol palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas, señor presidente.

Vaime permitir, señor presidente —que é vostede quen dirixe o debate neste Parlamento—, que lle dedique unhas breves palabras ao señor portavoz xeral do Partido Socialista, porque fixo unha mención antes a min. Señor portavoz do Partido Socialista, sabe vostede que o aprecio e ademais ata me parece vostede unha persoa solvente e seria. Por iso, creo que está vostede un pouco nervioso, por dúas razóns. Cando hai que andar con este tipo de fotos é que un grupo político perdeu o rumbo e está nervioso. (*Aplausos.*) E a segunda, voulle dar unha recomendación, que é que ten que viaxar un pouco máis pola provincia. Créame de verdade. Porque querer comparar non sei se conos, se cilindros —chámelles vostede como queira—, pero querer comparar os que se puxeron no corredor de Nadela-Monforte cos que están na A-6 no carril que non se pode transitar por el, iso... Imaxínese. ¿Vostede sabe para que se puxeron os que se puxeron no corredor Nadela-Monforte? ¡Puxéronse porque había demasiados accidentes nese corredor e para que os coches non adiantasen, home! ¡Pero imos ver, home!

En segundo lugar, dixo vostede que a proba de carga non a facía o Partido Socialista. Mais vale que así sexa. Eu non critiquei a proba de carga; eu o que dixen é que era unha temeridade ir poñer unha fecha da apertura dese viaduto sen facer a proba de carga, porque lles recordei a vostedes que vostedes ese viaduto gastaron 26 millóns de euros nel para reparalo e, cando gastaron os 26 millóns de euros e lle ían facer a proba de carga e ían abrir o viaduto, o viaduto colapsou. Polo tanto, son vostedes uns imprudentes.

Pero a maiores de todo iso son uns imprudentes por dobre. (*O señor Balseiro Orol mostra un documento.*) Isto é de hoxe, estas son notas de prensa que manda o Partido Socialista. Unha mándaa ás once da mañá e di: «Besteiro fixa para o 30 de decembro a apertura da autovía dirección Madrid». Di: *Tras finalizar la reconstrucción* dos dous viadutos —miren que credibilidade teñen vostedes en infraestruturas— do castro de Pedrafita do Cebreiro e tal. Á unha da tarde mandan outra e di: *Tras finalizar la reconstrucción* dun dos viadutos... Claro, por favor...



E voulle dar outro consello. Mire vostede o que defende, que ao mellor pode haber algunha novidade e incluso no que vostedes anunciaron hoxe. Pode haber incluso algunha novidade.

E, señora Otero, non o tome vostede a mal, que xa sei que non o toma. Eu ben sei que vostede coñece a provincia; o que pasa é que vostede non ten tampouco por que coñecer as infraestruturas. Aínda que vostede é o portavoz xeral do Grupo Socialista, vostede neste Parlamento ten que coñecer de case todo. Nós non, porque nós levamos unha área, pero vostede, os portavoces xerais, teñen que coñecer de case todo. Polo cal, eu non dubido de que se eu tivese que decidir ata tamén o propoñería vostede como portavoz xeral. Agora que non está o señor Caballero pódese dicir. Moitas grazas.

Señora Otero, vostede trouxo aquí unha carta aos Reis Magos. É tanta a carta aos Reis Magos que vostede dedicoulle un minuto ao informe do Consello de Contas. Despois falou aquí de non sei cantas obras e non sei cantas cousas; mesturou churras con merinas. Pero, señora Otero, parece mentira que, despois dos recorrentes debates que tivemos nesta Cámara, que desmontaron un tras outro os seus argumentos sobre a xestión das peaxes na sombra nas autovías de competencia autonómica, vostedes veñan aquí e persistan no seu erro e manteñan unha interpretación equivocada sobre o alcance e sobre o contido do informe do Consello de Contas.

Estou empezando a crer, señora Otero, que vostede non leu o informe do Consello de Contas. Estouno empezando a crer. Ou se o leron e son conscientes de que están equivocados aínda é máis grave, porque o que están facendo é unha fuxida cara a adiante, coa intención de confundir a opinión pública. Todo para disimular que os socialistas galegos se equivocaron e, ademais, que a actuación do Partido Popular na Xunta evitando a quebra desas autovías e equilibrando os contratos foi correcta. Incluso podo asegurar que foi un exemplo de xestión responsable e de xestión eficiente dos recursos públicos autonómicos. Porque calquera outra alternativa —e analizáronse todas, non como din vostedes— levaría ao baleirado dos orzamentos da Xunta e á posta en risco dos servizos públicos.

Señorías do Partido Socialista e señorías do Bloque Nacionalista Galego, o seu discurso susténtase en tres falacias. A primeira, vostedes non queren recoñecer que o Bipartito abusou das coñecidas como «peaxes na sombra», cando é un dato certo e é un dato indiscutible que o Goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego si se extralimitou no uso desta fórmula de colaboración público-privada. Unha fórmula mediante a cal unha empresa privada constrúe, financia e explota unha autovía e a Xunta abona un canon ligado ao número de usuarios.

Os datos están aí e non os poderán negar. Cando vostedes foron expulsados polos galegos da responsabilidade do goberno, vostedes deixaron unha débeda de 4.100 millóns de euros. É dicir, 4.100 millóns de euros de débeda vinculada a unha mala xestión das peaxes na sombra. Están vostedes como para dar leccións... Débeda que, por certo, señorías, o Partido Popular, este Goberno responsable, foi capaz de reducir na última década un 60 por cento. Como consecuencia do abuso do Bipartito das peaxes en sombra, só no 2024, nos presupostos que hoxe aprobamos do ano que vén, 14 anos despois, temos que consignar 58 millóns de euros para pagar esa débeda desa herdanza que deixou o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego.



E non se confundan, nós non estamos cuestionando que haxa obras que poden financiarse lexitimamente con cargo a estas peaxes en sombra. O Partido Popular fixo tamén uso desta ferramenta plenamente legal e que permite adiantar no tempo a posta en marcha de diferentes infraestruturas. O que non é normal non é facer uso desa fórmula; o que non é normal é deixar unha herdanza envelenada, como deixaron vostedes, como fixo o Bipartito, de 4.100 millóns de déficit nas peaxes na sombra. E tamén lle digo que hoxe a Xunta ten unha política diferente.

Señor Bará, vostede mentiu aquí no Parlamento. Vostede mentiu ou os documentos que lles deixou a señora conselleira non os leu. *(O señor Balseiro Orol mostra un documento.)* Mire, este é un documento que lles deixou a vostedes a señora conselleira. Este documento fírmalo unha tal María Xosé Caride Estévez, que tivo a honra de ser a conselleira de Política Territorial, que se lles sentaba aí no terceiro asento azul. Daquela puxérono vostedes branco, pero durou nada máis que unha lexislatura; despois volovémolos poñer nós azuis. *(Risos.)*

E aquí di que a sociedade concesionaria da autoestrada do Salnés e a Xunta de Galicia firman isto. *(O señor Balseiro Orol ergue a man mostrando o documento.)* Polo tanto, vostede mentiu no Parlamento de Galicia *(O señor Balseiro Orol dá uns golpes suaves coa man no estrado.)* ou, se non, vostede non mirou a documentación que lle deixou a vostede e ao Partido Socialista a señora conselleira. E para que vostede se volva enterar e non volva meter a pata, vou deixarllo ao presidente do Parlamento para que lle faga entrega. *(O señor Balseiro Orol entrega o documento ao señor presidente.) (Aplausos.)*

Agora comprenderá por que tardei tanto en ordenar os papeis. Porque eu suelo falar sempre con datos e con argumentos, porque falando con datos e con argumentos é a maneira de gañar os debates. O resto é falacia: isto gústame máis, isto é roxo, podería ser branco, podería ser amarelo... Vale, moi ben, ¿e do tema que hai? Do tema non hai nada. *(Risos.)* Por iso o Partido Popular foi quen de poñer en marcha douscentos novos quilómetros de autovías libres de peaxe sen usar este sistema, e a última na nosa provincia, señora Otero, esa autovía Nadela-Sarria con eses once quilómetros.

Imos coa segunda falacia que trae vostede hoxe aquí. A opción empregada pola Xunta de Galicia si foi a que ofreceu mellores vantaxes. Sendo conselleira de Política Territorial a socialista María José Caride, vostedes introduciron unha cláusula nos contratos das autovías que se converteu en todo un problema. Fágolle entrega, que vostede tamén a ten e vostede tamén mentiu. *(O señor Balseiro Orol mostra un documento e, a seguir, entrégallo ao presidente.)* Esta é a cláusula. Fágolle entrega ao presidente do Parlamento para que lla faga chegar. E non o negue, señoría, ou tampouco non a mirou, porque vostede ten copia dese documento asinado polo Bipartito. En esencia, dicía que se as autovías quebraban tiñamos que indemnizalas con 190 millóns de euros nun único pagamento, señorías, en concepto da cláusula de responsabilidade patrimonial. No ano 2014 —e hoxe incluso tampouco— o orzamento da Xunta non estaba preparado para ter que soportar un pagamento desta elevada contía —190 millóns de euros— e ademais facelo con fondos propios.

Seguimos esperando, señorías do Partido Socialista e señorías do Bloque Nacionalista Galego, que respondan vostedes á pregunta sobre que servizo público tiñamos que recortar para



facer fronte a unha cantidade tan elevada como 190 millóns de euros. Fagan unha simple operación matemática. Miren, o orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...—termino, señor presidente— para o ano que vén é de 283 millóns de euros e no ano 2014 era incluso menor. Réstenlles vostedes desa cantidade 190 millóns de euros e expliquen como imos manter a construción de novas infraestruturas.

E podería seguir, señor presidente, pero xa me dixo vostede que tiña que rematar. Non me dou tempo, porque lle fixen contestar ao portavoz do Partido Socialista. Espero que non me teña a mal o que lle dixen, que supoño que non. Iso de viaxar pola provincia é certo. Ten que viaxar un pouco máis pola provincia, porque ademais a nosa provincia é digna de ver, porque temos de todo: desde as mellores praias na Mariña de Lugo, desde a montaña de Lugo, desde a zona do Courel, desde a zona de... é digna de ver. O que si, dígalle ao arreglador que fale menos, porque cada vez que fala mete a pata.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Mire, señor Balseiro, repita comigo: Bes-tei-ro, Bes-tei-ro. Repita comigo, porque se vai fartar de ver a Besteiro aquí en Galicia e se vai cansar de ver a Besteiro presidente da Xunta de Galicia. Creo que lle deron unha consigna de que agora non nomee a Besteiro e vostede utiliza outros termos.

A verdade é que eu creo que o meu portavoz, o señor Álvarez, ten que estar hoxe moi tranquilo con estas leccións que lle deu de enxeñería de camiños o señor Balseiro. A verdade é que a min tamén me deu unha —porque todo se aprende, cada día apréndese unha cousa— que me deixou moi tranquila, cando me dixo que as infraestruturas as constrúan as empresas.

Eu cando lle preguntaba quen construíu eses viadutos da A-6, señor Balseiro, vostede, coma min, sabe quen foi, e non foi un goberno do Partido Socialista. Polo tanto, responsabilidades no que aconteceu no colapso dos viadutos da A-6. Xa falaremos longo e tendido. Xa falaremos de responsabilidades, porque primeiro o que facemos os socialistas é restituír eses viadutos. ¿Que fan vostedes en Folgoso do Courel? Vostede di que visita moito a provincia de Lugo, que lle gusta moito ir ao Courel pillar castañas; (*Risos.*) díxome que lle gustaban moito as castañas. Gustaralle moito ir pillar castañas pero, pero, pero, señor Balseiro, dígame vostede onde está reconstruída esa estrada que se afundi, eses douscentos metros de estrada que se afundiron en marzo do ano 2022. Non mo pode dicir. Non poden ir ao Folgoso máis que a recoller castañas, porque non poden ir anunciar nada nesa LU-651 porque nada fixe-



ron. E non poderán ir porque haberá unha nova realidade no ano 2025 ou 2026 e vostedes xa non estarán na Xunta de Galicia.

E claro, díxome o señor Balseiro: «non se preocupe porque hai un desvío para o tráfico». ¡Home! só faltaría que non vaian restituír esa infraestrutura ata o ano 2026 e non artellasen unha alternativa para que o tráfico e as persoas poidan entrar e saír de Folgoso do Courel.

A verdade é que a nosa moción é moi clariña; nela pedímoslles que atendan as recomendacións do Consello de Contas. O outro día a conselleira xa nos dixo que non. É que vostedes seguen co mantra... É que vostede mente, mente en sede parlamentaria, porque vostede di que con ese documento que lle entregou ao presidente da Cámara xa se permite, con esa cláusula, o reequilibrio das concesións. E non é verdade, porque se esa cláusula que introducía unha conselleira socialista permitise ese reequilibrio das concesións, ¿por que o tiveron vostedes que modificar no ano 2014 vía Lei de acompañamento dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para habilitar este mecanismo?, ¿por que se xa estaba permitido? Porque sabe vostede, coma min, que é mentira. Vostedes non sei que papel entregarían agora mesmo ao presidente da Cámara.

Ademais, vostede dixo e rétoo a que me diga en que páxina do informe do Consello de Contas advirte o Consello de Contas que o Bipartito —porque ademais díxoo así vostede na anterior intervención— fixo un uso abusivo deste sistema. Rétoo a vostede a que me diga en que páxina do informe do Consello de Contas está iso. Xa lle digo que pode pasar anos e anos buscando porque non está esa frase. Xa llo dixo o señor Bará que este sistema de peaxes en sombra foi deseñado, foi impulsado, foi feito xa en tempo de desconto cando xa estaban incluso convocadas unhas eleccións, ¿por quen? Polo señor Fraga e polo señor Feijóo, cando era conselleiro de Infraestruturas.

Eu hoxe o que sigo preguntando é por que se negan a revisar estes contratos asinados que incrementaron as tarifas ás empresas concesionarias, ¿por que? Está todo moi clariño, porque queren defender as empresas concesionarias. Pero, que ben nos virían, cando menos, eses 44 millóns de euros para poder mellorar as nosas infraestruturas, para poder rematar algúns dos compromisos do Partido Popular coas infraestruturas de Galicia, para poder empezar algunhas das infraestruturas, para poder ampliar as bonificacións na AG-55 e a AG-57, que son de titularidade do Goberno autonómico. ¿Por que se negan?

Porque, ademais, o informe do Consello de Contas —non o di o Partido Socialista— di que ter analizado outras posibilidades, como era deixar caer esas concesións e volvelas sacar á licitación, sería moito máis vantaxoso economicamente para os galegos e para as galegas. Ademais, di que era viable orzamentariamente, e vostedes din que non era viable orzamentariamente. Pois o informe do Consello de Contas di o contrario. Polo tanto, vostedes negáronse a analizar as distintas posibilidades. Aí xa tivemos que pagar 205 millóns de euros máis ás empresas concesionarias. E agora néganse tamén a poder aforrarlles aos galegos e ás galegas 44 millóns de euros. ¿Por que non queren aceptar a recomendación do Consello de Contas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e negarse a incrementar esas bonificacións nas peaxes da AG-55 e a AG-57?

Imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego, que pide elaborar ese estudo e transitoriamente a aplicación na AG-55 e na AG-57 das bonificacións que se aplican na AP-9, porque é similar ao que nós pedimos, que é achegarse a esa gratuidade, e niso estamos a traballar. Polo tanto, imos aceptar a emenda do BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Lamentablemente, o Partido Popular está de novo en contra das infraestruturas que mellorarían a vida de todos os galegos e de todas as galegas. *(Aplausos.)*

(A señora Otero Rodríguez pronuncia unhas palabras dirixidas á Presidencia da Cámara que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non, pero mire o reloxo. ¿Vostede mirou o reloxo?

Xa temía eu que isto ía suceder. Eu antes de nada voulle dar unha explicación a ver se se convince. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esperen un momento, non saben o que vou dicir.

Espre un momento, señor Balseiro.

O Regulamento penso que di —se non, está o letrado aí, que me pode corrixir—: se un deputado é aludido e non está presente no debate nese momento, pode contestar na sesión seguinte ou incluso no seguinte día.

Entón, eu deixei ir a cousa; non lle dixen ao señor Balseiro reconducir sobre o tema porque tiña dereito a esa contestación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, se non, está aí o letrado para corrixirme... E creo que tiña tres minutos para iso. Entón, eu o que fixen foi deixar e dar por válida a contestación... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Non, perdón, o letrado. ¿Vostede é avogado? Que fale o letrado a ver se estou equivocado ou non, que me diga el. Eu podo estar equivocado. *(O letrado oficial maior achégalle un regulamento ao presidente da Cámara.)* Vou ler... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Independentemente diso, que xa sabe que entre vostede e eu temos unha moi boa relación, e non é cuestión de enturbala.

O artigo 76 di: «Cando, a xuízo da Presidencia, no desenvolvemento dos debates se fixesen alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou conduta dun deputado, concederáselle ao aludido, se así o solicitase, o uso...» *(Protestas.) (Murmurios.)* ¡Coitado! Perdón, perdón, perdón. El dixo: «Vou contestar». Eu entendínlle no debate: «Vou contestar ao señor portavoz...».

Di o apartado 2... *(Protestas.)* Non, trapallada non, Regulamento. Di o apartado 2: «Cando a alusión non se puidese contestar na mesma sesión ou se o deputado aludido non estiver presente, poderá contestar á alusión na seguinte sesión». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor deputado empezou dicindo: «Voulle contestar...» *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Bueno, tiremos de acta. «Voulle contestar». ¿Dixo iso, señor Balseiro, ou non? Eu escoitei iso.

¡Por favor!, eu debo estar mal agora. O deputado señor Balseiro empezou dicindo: «Voulle contestar ao que dixo o señor portavoz do Grupo Parlamentario Socialista». ¿É así ou non é así? *(Murmurios.)* Eu entendín que si.

Entón, o asunto é este. Señor Álvarez, a explicación que lle dá, ¿convénceo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero é unha explicación axeitada ao Regulamento. *(Murmurios.)* Si.

Técnicos diso sobran. Aquí o que sabe máis disto é ese señor que está aí. *(O presidente sinala o letrado oficial maior.)* Síntoo.

Entón, ¿vostede enténdeme? Creo que está ben e creo que fixen o correcto. Polo tanto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, os aludidos non teñen réplica. *(Murmurios.)* Os aludidos non teñen réplica. *(Murmurios.)* ¡Perdón!, se falamos todos non nos entendemos. Pode pedir a palabra, pero eu xa sei para o que vai ser. ¿Para que quere a palabra, señor Álvarez?

(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.) Non, xa verá. *(Murmurios.)* ¿Aludiuno? *(Murmurios.)* ¡Perdón! Non o escoito.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Creo que o señor Balseiro fixo un xuízo de valor sobre a miña capacidade para entender o Código de circulación e saber o que pasa cando hai conos aliñados ou icosaedros.

O señor PRESIDENTE: Iso forma parte... Eu creo que está zanzado o debate, señor Álvarez. *(Murmurios.)*

Grazas. *(Murmurios.)*

O Regulamento... Eu xa sei que non se pode contentar a todos, pero eu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, imposible. *(Murmurios.)* ¡Silencio! Non vou discutir a cuestión. Non, porque creo que estou facendo unha interpretación correcta. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Non, imos alá, última moción. *(Interrupcións.)* Todo será comprobable. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, cacicada... ¡Perdón! *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede ten a rara habilidade de dicir unhas palabras que desentoan no momento máis inoportuno. Ten sempre esa habilidade. *(Aplausos.)* Vostede é moi hábil niso. O señor portavoz ten dereito a pedir a transcripción exacta do que dixo o señor Balseiro. Eu entendín que el estaba dando resposta á alusión que vostede lle fixo. Se iso non é así, eu prométole que lle dou a palabra hoxe ou mañá, dáme igual. *(Protestas.)* Imos ser serios nisto, imos ser serios.

Rematou.



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da vivenda, das áreas de mercado tensionado

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Eu non vou contestarlle a ninguén, polo ben de todos, para conseguir acabar esta sesión, que creo que estamos todos un pouco cansos tamén. *(Aplausos.)*

Vemos xa hoxe claramente un Partido Popular instalado en campaña electoral e que está utilizando unha ambigüidade calculada para intentar captar voto. Para os medios de comunicación veñen lanzando a seguinte mensaxe: «A Xunta ábrese a regular as áreas de mercado tensionado». Así parece como que son sensibles ao problema do aumento dos prezos. Pero, mentres tanto, para o DOG redactan unha modificación da Lei de vivenda de Galiza pola porta de atrás, para tratar de boicotear que se poidan declarar esas áreas de mercado tensionado.

¿Cal é o verdadeiro rostro deste goberno? Recordarán que o pasado pleno explicamos diante da conselleira esta contradición e preguntámoslle cal é a posición do Partido Popular. E ela díxonos algo claro, dixo: «A de sempre. Nós estamos en contra da declaración de zonas tensionadas e da limitación de prezos». E aí hai que recoñecerlle que foi sincera, efectivamente, iso é o que fan, pórse á contra desta medida a través desa modificación da Lei de vivenda pola porta de atrás. Ademais, hai que recoñecerlle tamén que é coherente co que fixeron a través desa emenda de última hora, que foi manobrar para defender a súa posición, que sempre foi a da oposición a esta medida.

Por iso, no minuto do desconto dunha lexislatura algo tormentosa para o Partido Popular, cun presidente que desertou, outro que veu de rebote e que parece que xa non ten forza para acabar o mandato, neste momento, que xa soa a fin de ciclo do Partido Popular, deciden modificar a normativa galega para deixarlle á patronal inmobiliaria unha chave, a chave para boicotear a declaración de mercados tensionados. A min paréceme que isto é un sinal claro de que o Partido Popular non ten moi claro que vaia revalidar a Xunta de Galiza e que por iso prefire entregarlle, á última hora, á patronal inmobiliaria as chaves das decisións.

Polo tanto, o primeiro que concluímos é que a Xunta está despregando todos os mecanismos dos que dispón para levar adiante a súa posición contraria. E é curioso porque non están en contra dos posibles efectos colaterais prexudiciais que se poidan derivar da aplicación de topes do alugueiro, senón que están en contra da propia idea de que os prezos deixen de seguir subindo.

Teño que insistir nisto porque o Partido Popular lanzou un novo argumento de calculada ambigüidade, segundo o cal parecerá que o Goberno non se nega por ideoloxía, senón obrigado por un suposto exercicio de responsabilidade. A tese que defenden agora é que se ven



na necesidade de frear esta declaración de mercados tensionados porque están moi preocupados por unha suposta inseguridade xurídica e polas terribles consecuencias que se van desencadear no caso de que se limiten os prezos. Isto transloce certa covardía política; no-vamente, en lugar de defender abertamente as súas exposicións, escóndense.

O certo é que sobre a limitación de prezos hai tres posibles posicións. A primeira é a do PP, que entende que limitar prezos significa limitar as marxes de beneficio de propietarios, como se fosen poucos neste momento, porque o prezo medio dos alugueiros en Galicia pasou dos 354 euros en 2014 a 526 euros na actualidade. Ante este brutal incremento a reflexión que fai o Partido Popular é: para que lle imos dicir a un rendeiro que hoxe pode ter un rendemento de 500 euros mensuais que imos parar esta burbulla e que non vai poder gañar 600, 700 e seguir subindo. Esta postura do Partido Popular caracterízase porque lle resultan indiferentes as consecuencias sociais do aumento de prezos. Non lle importa que a vivenda estea absorbendo cada vez máis porcentaxe das rendas ou que haxa xente que directamente non poida acceder á vivenda. Por iso mesmo, o Partido Popular votaba en contra, hai xa un ano, da proposición do BNG de asumir o aumento de prezos como un problema, porque para o Partido Popular non é un problema, é máis beneficio.

Fronte ao deixar facer e a indiferenza social hai outras dúas posturas que comparten a necesidade de establecer limitacións aos prezos para protexer que as rendas se manteñan máis accesibles e acordes cos salarios. Pero hai tamén algunhas diferenzas sobre o como.

Hai unha primeira que entende que a solución de limitación de prezos é a medida central e case que única para acabar co aumento de prezos. É unha posición que nace dunha mirada moi concreta, que é a das grandes metrópolis, nas que o prezo da vivenda está moi mediado pola falta de vivenda dispoñible ou pola existencia de vivenda baleira nos seus centros que sofren de escaseza de vivenda.

Hai unha segunda posición que entende que o problema do prezo da vivenda debe abordarse dende un conxunto de medidas complementarias que teñen que procurar baixar os prezos pero tamén outros obxectivos como planificar e ordenar usos, o estado do parque inmobiliario e un longo etcétera.

Aí é onde nos situamos nós, unha posición que parte do recoñecemento da realidade urbana en Galiza, de cidades medias, de urbanización difusa, de problemas de turistificación litoral e un longo etcétera. De aí que entendamos que o problema dos prezos da vivenda debe resolverse non só dende a limitación de prezos, senón dende catro grandes eixos de intervención:

O primeiro é a actuación sobre a vivenda baleira. Unha terceira parte do parque inmobiliario de Galiza está baleiro e noventa mil desas vivendas están localizadas nas sete grandes cidades. Estes datos o que nos indican é que non temos un problema de *stock* de vivenda, senón que hai unha parte desa vivenda que está fóra do mercado e que, polo tanto, non está cumprindo coa súa función principal, que é ser un fogar e non un activo inmobiliario.

Hai un segundo instrumento fundamental que é a planificación e a regulación dos usos do parque residencial. Nos últimos anos, os usos turísticos están atrapando unha parte importante do parque residencial; é unha evidencia que as zonas onde existe unha concen-



tración de usos turísticos importante se reduce a oferta, se disparan os prezos do mercado residencial e se expulsa e se substitúe a poboación que vive alí. Polo tanto, hai que abordar esta situación pondo límites ao número de vivendas de uso turístico, regulando a súa localización e establecendo medidas que eviten que a vivenda de uso turístico acabe sendo a vía para que fondos de investimento acumulen patrimonio inmobiliario e tensen o mercado.

O terceiro grande eixo é o impulso da vivenda pública. En Galiza representa o 0,3 por cento do total da vivenda; nos últimos anos acceder a unha vivenda pública ou protexida é un imposible. Dicía a conselleira no pleno pasado —fixo bastante graza, ¿non?— que a xente que recibía unha vivenda pública tiña unha gran cara de felicidade cando recibía as chaves. ¡Home!, normal, con dezaoito mil persoas inscritas no Rexistro de demandantes de vivenda, que che toque unha das poucas ducias de vivenda pública é case como para celebralo máis que a lotería de Nadal deste venres. A vivenda pública neste momento en Galicia non é unha vía real de acceso á vivenda, senón que é apenas un golpe de sorte en tempos de campaña electoral. Un mercado inmobiliario que non ten o contrapeso dunha alternativa máis barata como é a vivenda pública fai que todo o mundo, ao final, nos vexamos na obriga de recorrer ao mercado privado, facilitando así que o prezo tamén siga incrementándose.

O cuarto instrumento fundamental é o tope de prezos. Alí onde exista unha situación alarmante de prezos que poña en risco o acceso á vivenda teñen que adoptarse medidas drásticas como esta, que garantan que a xente poida seguir pagando un teito.

Pois ben, estas catro liñas de intervención teñen que actuar en conxunto. Dende o BNG entendemos que estes catro eixos constitúen o armazón para a intervención real sobre o mercado e os prezos da vivenda. Non se pode aplicar un tope de prezos sen ter en conta, por exemplo, as posibles consecuencias del, como o desprazamento da oferta residencial cara ao mercado de vivenda turística. Por iso, esta medida ten que ir en paralelo coa regulación e a limitación da vivenda de uso turístico. Igualmente, a medida do tope de alugueiro ten que ir tamén da man de medidas que graven a vivenda baleira para manter e aumentar a oferta, evitando que se peche.

O problema é que o Partido Popular di «non á intervención en vivenda baleira», «non á vivenda pública» e «non á limitación de usos turísticos», para despois dicirnos tamén que non aos topes de prezos, porque se lles recortamos o beneficio aos rendeiros, van marchar ao mercado turístico porque é máis rendible ou pecharán a vivenda para que quede baleira. Como non facemos nada para evitalo é mellor tampouco facer nada ao respecto dos prezos. ¿Non será ao revés? ¿Non será que a Xunta de Galiza ten que intervir sobre todos estes fenómenos de forma conxunta?

Os argumentos que esgrime a Xunta para dicir «non» á limitación de prezos poñen de manifesto todas as carencias en política de vivenda que ten este goberno. Un exemplo, a conselleira utiliza como argumento para negarse á declaración de mercados tensionados un informe do Banco de España que di que se está producindo un aumento dos alugueiros de vacacións. O problema estará, logo, en que a Xunta non está facendo nada para frear que as vivendas habituais estean pasando a converterse en vivendas turísticas.



Hai apenas un mes, trouxemos unha proposta a esta Cámara para que a Xunta desenvolviera unha normativa que limitase o número de alugueiros de vacacións e o Partido Popular votou en contra. Esta é a disxuntiva: ou se abordan en paralelo políticas de intervención sobre o mercado de vivenda baleira, o límite de alugueiros de vacacións, o impulso á vivenda pública e os topes de prezo; ou continuamos cun modelo inmobiliario descontrolado. Ou intervención ou caos, hai que escoller.

Hai un camiño que nos leva a garantir a accesibilidade da vivenda para as rendas medias; a ter vivenda pública dispoñible para as persoas que están nunha situación de maior precariedade; a ser economicamente menos vulnerables ante as burbullas inmobiliarias que se repiten; e obriga a mobilizar vivenda baleira, e iso tamén é un impulso para a mellora da eficiencia enerxética do parque construído e, ao final, tamén acaba por limitar o consumo de novo solo e evita a expulsión do centro das cidades dos usos residenciais e dos veciños. En definitiva, o modelo de intervención xera modelos urbanos e un mercado inmobiliario pensados para dar resposta ás necesidades das persoas e non exclusivamente para a obtención de plusvalías.

O outro camiño, o do Partido Popular, é unha pendente costa arriba. En concreto, unha pendente do corenta e oito por cento, que é o aumento do prezo do alugueiro en Galiza nunha soa década. O baleiro de políticas de vivenda do Partido Popular está levantando un muro no acceso á vivenda.

Un camiño constrúe unha sociedade máis xusta, que é pola que apostamos nós, e o outro camiño, o do Partido Popular, está agrandando as desigualdades entre os que se benefician da suba desorbitada dos prezos e quen a padece.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Boas tardes e grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señorías, probablemente estamos a rematar catro anos moi complicados. A pandemia da covid-19, a guerra entre Rusia e Ucraína, o incremento do prezo da enerxía, o aumento da inflación e agora unha nova guerra no Oriente Próximo entre Israel e Gaza marcaron o ritmo da política mundial. Se tivéssemos que facer un balance do que foi esta última lexislatura respecto da materia de vivenda, diríamos que houbo incumprimentos recorrentes, como a escasa execución orzamentaria dos programas recollidos dos orzamentos en construción de vivenda protexida, e sobre todo na construída para alugueiro; un incumprimento continuado no programa Rexurbe para a rehabilitación de edificios existentes, onde soamente se rehabilitaron noventa e un inmobles fronte aos tres mil que se ían rehabilitar; a falta de solucións á demanda de vivenda protexida en réxime de arrendamento, como se reflicte nos dezaoto mil demandantes inscritos no Rexistro de demandantes de vivenda de Galicia; o feito de que non se atoparan solucións reais para a emancipación da mocidade, de que non houbera mobilización de vivendas baleiras e de que non se puxeron medidas para a regulación dos pisos



turísticos; o atraso no Plan estatal de vivenda 2022-2025 e no Pacto da vivenda 2021-2025; e da Lei estatal de vivenda xa nin falamos.

Todo isto, nun momento no que os informes dos últimos anos do estado de pobreza en Galicia reflicten que as dificultades de acceso á vivenda están a agravar as carencias materiais severas dos galegos e das galegas. No ano 2022, o 25,2 por cento da poboación galega estaba en risco de pobreza ou exclusión social. Son cifras que constatan un empeoramento preocupante das dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, en especial, para a poboación máis vulnerable. O mercado é limitado, con poucas vivendas, nun estado inadecuado e con prezos cada vez máis elevados.

Son unhas dificultades ás que nos últimos tempos se engaden exixencias cada vez maiores por parte dos propietarios: dende o pagamento de fianzas de varios meses ou a sinatura de seguros de falta de pagamentos. Esta falta de vivenda dispoñible para ser alugada tanto en zonas urbanas como rurais prodúcese mesmo a pesar da gran cantidade de pisos e casas deshabitadas. En Galicia hai máis de 500.000 vivendas baleiras, que representan case o vinte e nove por cento do total de vivendas galegas; é a maior porcentaxe de toda España e vén duplicar a media estatal, que é do catorce por cento.

É unha realidade que os alugueiros están a disparar os seus prezos nos últimos meses, o custo medio dun alugueiro superou en agosto os 500 euros no conxunto de Galicia, segundo os datos que ofrece o Observatorio de Vivenda de Galicia da Xunta a partir dos novos contratos asinados e as fianzas depositadas. No que levamos de ano, os prezos dos alugueiros incrementáronse moi por enriba da inflación, cun aumento do seis por cento no conxunto de Galicia, que chega a ser do 7,64 por cento nas vilas entre 20.000 e 50.000 habitantes. No último ano e medio o custo dos alugueiros medrou un 11,6 por cento nas sete cidades galegas e un 14,19 por cento nas grandes vilas.

O Congreso aprobou por maioría a Lei da vivenda, que entrou en vigor o 26 de maio deste ano e dende a súa implantación deu lugar a cambios significativos no panorama inmobiliario español, afectando a propietarios e inquilinos. Esta lei favorece o acceso á vivenda intervindo no mercado en situacións de oferta insuficiente, podendo declarar zonas de mercado residencial tensionado cando o esforzo da renda ou a hipoteca máis as subministracións básicas supere o trinta por cento dos ingresos medios, ou ben que os prezos acumulen nos cinco anos anteriores un incremento de tres puntos no IPC.

Esta lei tamén incentiva a oferta en alugueiro cunha contorna favorable deducindo ata un noventa por cento dos contratos en zonas tensionadas que reduzan un cinco por cento a súa renda. Nunha zona tensionada, o arrendatario poderá acollerse a unha prórroga de contrato de tres anos de máximo nas mesmas condicións. Os novos contratos estarán limitados ao contrato anterior máis o incremento do IPC; un gran tenedor terá os contratos regulados polo anterior ou por un prezo conforme o índice de prezos de referencia.

O día 31 de decembro do 2024, o Instituto Nacional de Estatística definirá o novo índice de referencia para a actualización dos contratos. Recordamos que o tope para o ano 2023 foi do dous por cento e para o ano 2024 será do tres por cento.



Pero, dende o primeiro momento, o Goberno galego mostrouse moi crítico coa normativa, igual que o resto das comunidades gobernadas polo Partido Popular. A Xunta sostén que invade claramente competencias autonómicas, alegando que eles mostran preferencia por medidas incentivadoras e non por restritivas ou sancionadoras para dinamizar o mercado do alugueiro, xa que estas poden desincentivar a posta no mercado de vivendas para ese fin.

Como deixou claro a conselleira na interpelación que fixo o BNG no anterior pleno, a Xunta solicitou a convocatoria dunha Comisión Bilateral de Cooperación entre o Estado e a Xunta para intentar resolver as dúbidas e as discrepancias competenciais a raíz da recente aprobación da lei. Dixo que queren esgotar todas as vías de diálogo para clarificar e modificar aquelas discrepancias que poidan invadir as súas competencias e non chegar a interpor un recurso de inconstitucionalidade.

Consideran que a norma é confusa na súa redacción, que presenta deformacións e que é pouco clara na atribución de certas obrigas e actuacións. Discrepan no establecemento con carácter xeral de duración do réxime de protección pública, da descualificación e doutros requisitos relacionados coas vivendas protexidas, aínda que as financian as comunidades. Tamén discrepan na imposición de destinar ao alugueiro un mínimo do cincuenta por cento de solo reservado á vivenda protexida e de elevar ao corenta por cento a superficie reservada a vivenda protexida en actuacións de nova urbanización, restrinxindo tamén as facultades en materia de ordenación do territorio e do urbanismo. Mais onde realmente amosan unha discrepancia total é na declaración de zonas de mercado residencial tensionado por parte das administracións competentes en materia de vivenda, na que a exconselleira inclúe os concellos.

A subida do prezo do alugueiro nas cidades máis importantes de Galicia fai máis necesario que nunca a aplicación da Lei da vivenda coa declaración de áreas de mercado residencial tensionado. En cidades como A Coruña o prezo do alugueiro subiu nos doce distritos postais ao longo deste ano respecto ao do 2022; en sete desas zonas o custo mensual medio superou os 600 euros e esta barreira está superada no centro e nos barrios da costa. Santiago é outro exemplo no que o prezo medio do alugueiro aumentou un 26,6 por cento entre o 2017 e o 2022. En agosto do 2023 un arrendamento medio nesta cidade acadou os 554,5 euros, fronte aos 517 euros do 2022 e fronte aos 408,7 euros de cinco anos antes.

Así, a Xunta, ante a demanda feita polo Concello da Coruña para a declaración de cidade como zona de mercado residencial tensionado polos elevados prezos do alugueiro, contestoulle que non se consideraba competente ou xustificada tendo en conta os recursos presentados por tres comunidades autónomas e admitidas a trámite polo Tribunal Constitucional. Tamén Santiago lle vai pedir á Xunta que declare algunhas zonas da cidade como zonas de mercado residencial tensionado, medida prevista na Lei de vivenda dende maio do 2023.

A pesar da oposición radical do Partido Popular a esta lei, ábrese a regular as áreas tensionadas e a intervir sobre os prezos de mercado. O Goberno galego introduce unha disposición adicional na Lei galega de vivenda a través da Lei de acompañamento aos orzamentos, na que se regula o proceso para declarar zonas tensionadas e pór tope ao alugueiro. Ante o interese doutros concellos e co fin de que as peticións contén con fundamento e rigor, a Xunta decidiu incorporalo a través desa disposición na Lei de medidas fiscais e administrativas dos



orxamentos do 2023. Coa modificación que está a realizar o Partido Popular aparecen tamén os concellos como responsables para a declaración de zonas tensionadas e engaden tamén unha mesa sectorial con administradores de fincas, con xente de propiedade inmobiliaria e con promotores de vivenda.

Para a próxima lexislatura, os socialistas galegos imos abordar asuntos importantes relacionados coa vivenda, tales como aplicar a Lei estatal de vivenda; facilitar a delimitación das áreas tensionadas, co fin de limitar os prezos do alugueiro; imos apostar por un plan específico e efectivo de rehabilitación de vivendas baleiras, así como a creación dun mapa de inmobles acabados; e sobre todo imos apostar pola regulación e a limitación dos pisos turísticos.

Dado que estamos de acordo co sentir xeral da moción que presenta o BNG é polo que a imos apoiar neste momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Popular, señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señorías, en moitas ocasións demos a nosa opinión sobre a Lei estatal de vivenda. Lamentablemente, as nosas críticas non ían desencamiñadas. Estudos acreditados indican que desde a entrada en vigor da lei a oferta de vivenda en alugueiro se reduciu en España nun 30,6 por cento e os prezos subiron un 9,3 por cento. En Galicia, sinálase que un dezaioito por cento dos pisos que estaban en alugueiro se retiraron do mercado. O efecto final da aprobación da lei non pode ser máis perverso, xusto o contrario ao desexado: menos produto no mercado, prezos máis altos, moita máis presión e dificultade no acceso á vivenda. Eses son os froitos da Lei antivivenda de Sánchez, señorías.

A Xunta de Galicia mantivo en todo momento que a declaración de zonas de mercado residencial tensionado e as restricións sobre o prezo dos alugueiros era unha medida errada. Isto non se dixo só desde Galicia, advertírono os diferentes expertos e analistas, todo o sector, a organización de consumidores e usuarios, o Consello Galego da Competencia e o Banco de España, que analizaron este tipo de experiencias noutras cidades europeas e mesmo en Barcelona, e conclúen que se provocou o efecto contrario: retraer a oferta e aumentar os prezos. Nin da experiencia doutros aprenderon.

Todos coinciden. Os topes ao alugueiro e a inseguridade xurídica fan que unha parte das vivendas destinadas a este fin pasen ao alugueiro de vacacións por temporada ou por habitacións, ou mesmo se poñan á venda. De maneira que o resultado é menos vivendas para o alugueiro permanente, mentres a demanda continúa sendo a mesma ou medrando. Non se soluciona o problema, senón que se agrava. É máis, as medidas prexudican máis as rendas



medias e baixas. Aquí teñen un titular: «*El tope al alquiler de Cataluña perjudicó a los hogares más pobres*». (A señora Freire Vázquez amosa un documento á Cámara.) Por estes motivos, desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia indicou que non declararía de oficio zonas e mercado residencial tensionado, pero tamén sinalou que non vai ser obstáculo para que se declaren naqueles concellos que así o desexen. Polo momento, a Xunta só recibiu un escrito do Concello da Coruña no que se solicitaba a declaración. Un simple escrito, unha simple petición, para declarar —parece— todo o concello zona tensionada sen o mínimo soporte e xustificacións. Sinceramente é pouca, moi pouca, a seriedade.

O que fixo a Xunta de Galicia ao regular o procedemento para declarar zonas de mercado tensionado en Galicia foi aportar rigor e tentar cubrir as imprecisións da Lei estatal de vivenda, xa que no tocante á declaración de zonas tensionadas se limita a facer referencia ás administracións con competencias en vivenda, sen ter en conta que tanto as comunidades autónomas como os concellos dispoñen das ditas competencias. Estas cuestións en relación coas zonas tensionadas e outras están pendentes de elevarse á comisión bilateral solicitada pola Xunta en relación con esta lei, aceptada polo Ministerio e cuxa celebración está pendente de fixarse por parte do Goberno central.

Polo tanto, era necesario regular o procedemento, dado que o Concello da Coruña se dirixiu á Xunta solicitando a declaración, e outros concellos como Pontevedra e Santiago tamén o anunciaron publicamente. O de Santiago xa manifestou que está disposto a iniciar os traballos para iniciar o estudo; o da Coruña, despois da inicial resposta, tamén manifestou que encargarán o informe, e Vigo non contempla solicitar a dita declaración.

A posición do Goberno galego é a mesma antes e agora. Díxose por activa e por pasiva que a declaración de zonas de mercado residencial tensionado non ía funcionar, senón agravar o problema, e segue considerándoa unha medida contraproducente. Non hai ambigüidade ningunha; nós non escondemos nada, señora Fernández, outros ao mellor si. É unha postura coherente. Ben certo é que a coherencia nestes tempos brilla pola súa ausencia. É coherente coa non-declaración de oficio de zonas de mercado residencial tensionado, pero —como se dixo—, con todo, non vai ser obstáculo para que se declaren naqueles concellos que así o decidan.

O obxectivo da regulación é facilitar que aqueles concellos que así o determinen poidan presentar as súas solicitudes, e que isto se faga de xeito ordenado e rigoroso. Na regulación do procedemento inclúense os estudos e as actuacións previas que prevé a Lei estatal de vivenda. Unicamente se engade a necesidade de constitución dunha mesa sectorial na que se analice a proposta municipal, xa que as medidas deben adoptarse co maior consenso posible dos afectados e encargados de aplicación delas. Consenso, que non existiu na elaboración da lei —e xa vemos os resultados—, e transparencia. ¿Que problema hai na transparencia, señorías? Xa sabemos que non lles gusta a transparencia.

Na mesa sectorial deberán estar representados os colexios profesionais ou asociacións de administradores de fincas, axentes da propiedade inmobiliaria e promotores de vivendas. A redacción é clara, señora Fernández: na mesa sectorial deberán de estar representados. En todo caso, non significa que non poidan estar representados, evidentemente, outros membros. Polo tanto, vostedes estiveron mentindo durante estes días sobre a redacción da emenda incorporada.



Agora, os concellos interesados xa saben o que deben facer para solicitar que a Xunta de Galicia declare zonas de mercado residencial tensionado nos seus ámbitos municipais.

Dicía que o BNG criticou con vehemencia a constitución desa Mesa sectorial de vivenda e a verdade é que non sei que problema lle ve o Bloque Nacionalista Galego a esa Mesa sectorial de vivenda, cando, ademais, esa mesa sectorial existe xa no Concello da Coruña. Non sei se o BNG o que nos quere dicir realmente é que se pode falar e negociar con Puigdemont, cos independentistas, con Bildu, que se pode falar con delinquentes, con terroristas e que non se pode falar... (*Murmurios.*) Déixeme terminar. Bueno, eu estou aquí no meu uso da palabra. Se me deixan terminar porque ademais... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, insultando non, dicindo a verdade. Insultando non, dicindo a verdade. (*Aplausos.*) Dicía que, ao mellor, o Bloque Nacionalista Galego pretende que se poida falar con todos eses que citei —se queren vólvoos repetir— e que non se pode dialogar co sector inmobiliario, cos promotores, cos colexios profesionais ou cos implicados no sector da vivenda. ¿É iso o que queren dicir, señorías? Será unha broma, ¿non? Será unha broma.

Do outro lado, hai que dicir que non basta coa declaración para poñer en práctica as medidas que os concellos determinen, xa que está pendente de que o ministerio publique o índice de prezos de referencia, tal e como establece a disposición final primeira da lei. Saberán que o propio ministerio paralizou a declaración de áreas tensionadas en Cataluña argumentando que aínda non se publicaron os índices de referencia, que debe elaborar e publicar o Instituto Nacional de Estadística —a lei dálle ao INE ata finais de 2024 para publicar os índices—. Se traen aquí, a este Parlamento, unha iniciativa de aplicación da Lei estatal de vivenda, polo menos lean a lei, é o mínimo que se pode pedir, que lean a lei.

Por outra parte, hai que ter en conta a situación de incerteza polos recursos de inconstitucionalidade interpostos por varias comunidades autónomas contra a Lei estatal de vivenda. Galicia non o fixo de momento e optou por aclarar co goberno as cuestións dubidosas e poñer sobre a mesa de negociación na Comisión Bilateral os problemas que plantexa o texto legal. A Comisión Bilateral de Cooperación foi aceptada no mes de agosto, pero polo de agora o ministerio non lle puxo data ao inicio das negociacións.

Esta é a présa que ten o Goberno de Pedro Sánchez en poñer solucións aos problemas. Tivo máis présa para vir a Galicia esta fin de semana para dicirnos aos galegos e ás galegas que o Goberno central non ten ningún compromiso con Galicia —iso si, témoslle que pagar a débeda a Cataluña—, e para dicirnos aos galegos e ás galegas que aquelas 325.000 vivendas públicas que prometera construír en España en campaña electoral se converteron xa en 128.000, pero que a Galicia lle tocan cero. Tócalle cero porque a Sareb en vez de vivenda pública vai construír en Santiago corenta pisos turísticos, aquí o teñen, (*A señora Freire Vázquez amosa un documento á Cámara.*) supoño que o saberán, e que o Ministerio de Defensa xa non cede solo, o Ministerio de Defensa conxela a venda do solo para levantar oitenta e oito pisos públicos, (*A señora Freire Vázquez amosa un documento á Cámara.*) anunciados en campaña electoral, na Coruña. Por riba, ten a cara de vir a Galicia falar de vivenda cando o Goberno central reduciu en máis de 12,7 millóns de euros as transferencias finalistas do Estado a Galicia e cando tampouco incluíu a Galicia no anunciado programa Viena.



Polo que respecta aos datos sobre os que se centra a moción, señora Fernández, a Xunta de Galicia dispón de información das fianzas de alugueiro depositadas no Instituto Galego da Vivenda e Solo; datos que loxicamente se van poñer á disposición dos concellos que o precisen. Pero a Xunta non dispón de datos sobre hipotecas nin sobre prezos de venda de vivendas, xa que o Instituto non ten ningún tipo de intervención nelas. Tampouco parece que o Goberno central dispoña destes datos, xa que o Instituto Nacional de Estatística os datos máis desagregados que publica en materia de hipotecas e prezo da vivenda están referidos ás provincias e non aos concellos.

Queda meridianamente clara cal é a intención da Xunta respecto da declaración de zonas de mercado tensionado: non vai declaralas de oficio, pero non vai ser obstáculo para que se declaren naqueles concellos que o desexen e elaboren a documentación necesaria para facelo.

En todo caso, a Xunta de Galicia vai publicar os estudos previos realizados polo Observatorio de Vivenda en Galicia sobre os concellos que poderían ser declarados mercado tensionado a partir dos índices existentes actualmente: o índice do alugueiro do ministerio e o índice dos depósitos de fianza no IGVS, ambos índices previstos na propia lei estatal. Este estudo demostra a absoluta falta de rigor da Lei estatal de vivenda, xa que en función do índice que se empregue, o número de concellos tensionados varía de 68 a 92, coa peculiaridade de que aparecen como tensionados concellos como Coirós, Rodeiro ou Amoeiro, con menos de 2.500 habitantes e unha media inferior a cen vivendas construídas en cinco anos. Absoluta falta de rigor da lei estatal e nula fiabilidade —como xa dixemos— á hora de impulsar medidas que inflúan positivamente no mercado da vivenda.

Falaba a señora Fernández da regulación dos pisos turísticos. Ben, ela mesma o dixo en numerosas ocasións na Comisión 2ª que foi unha oportunidade perdida por parte da Lei estatal de vivenda non abordar a súa regulación. Con todo, debo dicirlle que pouca confianza ten no pacto PSOE–Sumar para formar a coalición de goberno, porque aí xa se contempla a regulación estatal dos pisos turísticos.

Señorías, non compartimos o seu modelo. O Goberno galego seguirá apostando por estímulos, incentivos e seguridade xurídica para que os propietarios oferten vivendas en alugueiro e os promotores impulsen novas promocións co mesmo fin. As prioridades do Goberno galego son ofrecer máis vivenda a prezos accesibles no territorio e facilitar o acceso a un fogar en alugueiro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: ...a aquelas persoas e colectivos que precisan axuda.

Ese é o camiño, señorías, e non a Lei antivivenda de Sánchez.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Grupo autor da moción, señora Fernández Gómez.



A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Ben, señora Freire, vostede di que o IGVS ten os datos dos prezos das fianzas e que llelo van facilitar aos concellos. ¿Por que non os publican? Iso é o que tiña que estar xa na páxina do Observatorio da Vivenda. *(Aplausos.)* É máis, a conselleira no pleno anterior xustificouse a través duns datos que ninguén coñece en realidade. Son datos sacados dun informe pantasma que vostedes din que van publicar, pero nunca publican. É un suposto informe do Observatorio da Vivenda do que van filtrando datos interesados na prensa, pero publicamente seguen sen sacalo. Eu preguntome: ¿non será que ese informe debe ser tan rigoroso como aquel informe...? ¿Recordan aquel informe antiocupas polo cal lle pagaron a unha deputada de Castela-A Mancha... —Si, si que lle pagaron por ese informe— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...que se baseaba en información de *OK Diario* por un lado...? *(Aplausos.)* Si, si, é un copia e pega de iniciativas de Castela-A Mancha ás que nin sequera lles pasaron o *tipp-ex* para quitarlles as referencias a Castela-A Mancha.

En todo caso, o que non temos por parte do observatorio é un informe de cal é o impacto que está tendo o aumento de prezos da vivenda neste momento. Por iso vostedes veñen aquí e argumentan con consignas en vez de con datos.

Logo falan de que as competencias son dos concellos. Non, imos ver, as competencias para regular os mercados tensionados son da Xunta de Galicia. Lei de bases de réxime local, artigo 25 —se non o coñece—: «O concello exercerá, en todo caso, como competencias propias as seguintes materias: promoción e xestión da vivenda de protección pública e conservación e rehabilitación da edificación. Os concellos poden xestionar o seu parque de vivenda protexida municipal, pero non lles corresponden competencias doutras actuacións en materia de vivenda e moito menos na regulación de prezos de mercado». Iso é materia do Goberno galego.

Por iso a moción que traemos hoxe o que contempla é a modificación do marco regulador propio para incorporar na normativa galega esa declaración de áreas tensionadas. Pero non como fai o Partido Popular, porque vostedes buscan unha fórmula moi perversa, que é botarlles aos concellos unhas competencias que non lles corresponden, porque non están na lei, para despois, ao mesmo, tempo atalos *(Murmurios.)* —si— de pés e mans a unha mesa coa patronal inmobiliaria. E digo «patronal inmobiliaria» porque vostedes se acordaron de colocar iso na norma, pero non se acordaron, por exemplo, de todas as asociacións que están facendo o traballo para buscarlle vivenda á xente que queda na rúa, *(Aplausos.)* porque vostedes non fan o seu traballo dende a Consellería. Esas asociacións non se acordaron de colocalas, só se acordaron de colocar como necesaria e imprescindible a patronal inmobiliaria. Pola contra, nós o que cremos é que non é que haxa que botarlles as responsabilidades aos concellos e boicotear isto, senón que a Xunta ten que establecer un marco regulador propio, asumir as súas competencias, impulsar, formular e efectuar esa declaración de áreas tensionadas, e, en concreto, comprometerse a resolver no prazo dun ano dende a aprobación desa norma a primeira declaración de mercado tensionado de Galicia, que ten que incluír a todos eses concellos que cumpran coas condicións para ser declaradas como tal.

¿E que concellos terían que estar? A Xunta interpreta que terían que ser todos aqueles que cumpran coas circunstancias previstas nos apartados 3.a) e 3.b) do artigo 18, pero, ademais, a lei indica unha cousa importante, e é que ten que ir precedido dunha memoria que xustifique, con datos obxectivos, a existencia dun especial risco de abastecemento insuficiente da vivenda para a poboación residente e que inclúa, tamén, as dinámicas de formación de novos fogares.



Nós consideramos que é neste apartado onde a Xunta de Galiza ten capacidade para facer unha lectura adecuada á realidade e ao contexto galego da aplicación desta lei, establecendo criterios obxectivos de evolución demográfica e de demanda de vivenda que exclúan de declaración de zonas tensionadas, por exemplo, concellos pequenos onde non se xustifica esa declaración. É, precisamente porque necesitamos ter esa visión de país e unha lectura da realidade territorial dos mercados tensionados, polo que ten que ser competencia da Xunta a declaración de áreas tensionadas. Por certo, como xa fan outras comunidades autónomas.

Ademais, nesta moción entendemos que a dinámica de relación cos concellos non pode ser —como pretende a Xunta— a submisión á mesa coa patronal nin tampouco a da arbitrariedade —como pretende a Xunta—, reservándose nesa modificación da emenda do Partido Popular a potestade última de declarar ou non unha área con base en criterios obxectivos. Ten que haber unha dinámica de colaboración cos concellos, por iso cremos que tamén a Xunta ten que estar aberta a recibir propostas de concellos de declaración de zonas tensionadas; iso si, con criterios obxectivos.

Por último, a Xunta ten que facerse tamén responsable das súas competencias, facendo un plan específico con medidas para corrixir as causas estruturais que están tensionando eses prezos con vectores como os que dicía antes, como a creación de vivenda pública, a limitación de usos turísticos ou a mobilización da vivenda baleira.

Eu creo que, sinceramente, os argumentos da Xunta para rexeitar o tope do alugueiro caen polo seu propio peso. Eles din que o problema é que se vai desprazar a oferta cara á vivenda turística se se topan os prezos. Pero é que ese problema xa está pasando, a vivenda turística xa está comendo cada vez máis parte do mercado residencial e vai seguir pasando, haxa topes ou non. Non facendo nada, como fai o Partido Popular, porque as competencias para regular a vivenda turística tamén son da Xunta de Galicia, vaise seguir permitindo ese transvase de vivenda de vacacións.

Se agardamos a que se regule polo libre mercado, ¿a que temos que esperar?, ¿a que os prezos suban tanto como para que sexan competitivos coas rendas que se gañan na vivenda de uso turístico? ¿Teñen que acabar as rendas chegando aos 1.000 ou 2.000 euros mensuais para que deixen de pasarse á vivenda turística?

Hai que regular a vivenda turística e, ao mesmo tempo, regular os topes de alugueiro. Coa vivenda turística regulada, eses problemas que vostedes ven evitaríanse. O mesmo pasa para a vivenda baleira, porque vostedes din que se se topan prezos vaise retirar vivenda do mercado. Claro, pero vostedes non teñen ningunha política para evitar a vivenda baleira. Vostedes conseguiron pasar a vivenda baleira de 300.000 a 500.000 nunha década, porque non impulsan programas para iso. Polo tanto, o que teñen que facer é topar os prezos e poñer medidas para evitar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...a vivenda baleira.

A cuestión é que a vostedes nin lles importa a vivenda baleira nin lles importa a vivenda turística e moito menos topar os prezos. A tese real é seguir favorecendo a rendibilidade dos



alugueiros, que sigan aumentando, porque lles dá igual a función social da vivenda e o único que ven é o interese especulativo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Acabo xa.

Esta moción, en definitiva, interpela unha cuestión importante: ¿que sociedade queremos construír?, ¿que país queremos construír? ¿Queremos un país onde a xente estea morrendo de frío na rúa? Porque iso está pasando. Porque nos últimos catro meses, en Vigo morreron dezaseis persoas na rúa ou en infravivendas. ¿Queremos ese país? ¿Queremos un país onde os mozos e as mozas non se poidan emancipar?, ¿onde a xente a final de mes acabe vendo como non chega ...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...por culpa de pagar a vivenda? Hai quen está gañando moito, un corenta e oito por cento máis nunha década, e hai quen está perdendo todo por culpa dese aumento de prezos.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Grazas.

Antes de proceder á votación, vou dar unha explicación (*Murmurios.*) —¡por favor!— sobre o que pasou antes e vou cambiar a decisión. É de sabios rectificar. Eu teño en conta os informes dos letrados e fágolles caso, non como noutros parlamentos que se toman as decisións dos letrados e incluso os cesan. (*Aplausos.*)

Entón, logo do que me dixo o señor letrado, dime que o que eu interpretei... porque incluso o señor Balseiro me dixo: «Pídolle permiso ao señor presidente que dirixe o debate para contestar aí». Eu entendín que iso era xa unha petición de alusión, pero non, hai que pedir expresamente que é unha alusión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Perdón!, eu xa lles dixen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non de primeiro de primaria non, porque noutros parlamentos non é primeiro de primaria. (*Murmurios.*) Eu respecto as decisións do letrado; equivócome, rectifico. É mellor que se sintan orgullosos do presidente que teñen, noutro lado non se rectifica, césase o letrado.

Polo tanto, señor Álvarez, ten vostede a palabra. (*Aplausos.*)

Miren a Cataluña sen ir máis lonxe ou ao Congreso.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente, por esta rectificación, que me dá a oportunidade de aclararlle ao señor Balseiro dúas cousas.



Míre: eu fixen alusión ao seu argumento de que os conos no túnel estaban atornillados, dixeran tamén que os hai atornillados na vía rápida Nadela-Monforte. ¿Como non van estar atornillados se se trata precisamente de que non se entornen, de que non se movan e de que sigan mantendo a separación entre carrís, que para iso están aliñados uns cos outros?

Polo tanto, aclarado este asunto, vou ao segundo. Pode que eu non coñeza tan ben a provincia coma vostede, porque vostede a cruzou innumerables veces de norte a sur e do leste ao oeste no coche oficial do delegado da Xunta de Galicia. Polo tanto, pode coñecer con detalle ata as curvas e onde hai fochancas, sobre todo nas estradas da Xunta de Galicia.

Pero tampouco son tan afeccionado ás castañas como vostede dixo ser de vostede mesmo, nin en sentido literal nin figurado. Pero coñezo O Courel, coñezo O Courel o suficiente e estará de acordo comigo en que, por exemplo, para ir de Lugo a Folgoso é mellor ir por Quiroga, mentres que para ir a Seoane é mellor ir por Pedrafita. ¿Concorda comigo, verdade? Claro que si. Coñezoo o suficiente como para saber que douscentos metros de estrada afundida no ano 2022 van tardar cinco anos en reparala. Se dividimos douscentos entre cinco debe saír preto de corenta metros ao ano, que é a velocidade á que a Xunta de Galicia repara e constrúe novas infraestruturas. Polo tanto, leccións de infraestruturas, as xustiñas, porque non ten nada que ver construír un novo viaduto ou dous con reparar ese derrube de douscentos metros no Courel.

Nada máis e grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Otero.

Non se presentaron emendas.



Votamos.

Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Otero.*

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: *Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.*

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da vivenda, das áreas de mercado tensionado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.*

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e tres minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

